

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XVI)

i-en todo o silencio preguntado



Celebración de Uxío Novoneyra, II
(1930 - 1999)

**CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XVI)**

***Celebración de Uxío Novoneyra, II
(1930-1999)***

Edición:

Luís Cochón
Luís Alonso Girgado
Élida Abal Santorum
Alexandra Cillero Prieto

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© dos textos literarios de Uxío Novoneyra:
os heredeiros

© da fixación dos textos de Novoneyra, introducións e notas:

Luís Cochón e Luís Alonso Girgado

© da ilustración da cuberta

Virxilio

Maquetación e impresión:


Difux, sl

ISBN: 978-84-453-4965-6

Depósito legal: C 3911-2010

**“... non reiterarei que Novoneyra
é grande no dominio da palabra, ape-
nas apunto que foi un home ao que
lle medraba o **C**orazón nos grandes
ritos da reprocidade.”**

(X. L. Méndez Ferrín)



*Novoneyra visto por Soledad Pite Sanjurjo
(Decembro de 1999)*

ÍNDICE

Presentación	11
I. Uxío Novoneyra: Crono-bio-bibliografía. Datos complementarios	13
II. Inéditos. Prosa:.....	33
1) Pregón de Fole. (Maio 1978).....	36
2) Na homenaxe a Díaz Castro. (Ano 1979).....	38
3) “Amor de Artur”. (1982)	39
4) Palabras na presentación de DESFEITA (Semirreportaxe), de Camilo Gonsar. 13-IV-1983	41
5) Escondida galeguidade. 14 de abril de 1983	45
6) O escultor Coia en Compostela. (marzo 85).....	47
7) Presentación de <i>O delirio do lume</i> , de Antón Costa. 1985.....	49
8) Significación das Letras Galegas. Abril 88.....	51
9) X Cabodano de Roberto de Andrade. Santos 1988	52
10) Palabras preliminares do recital de Uxío Novoneyra (1988-89).....	53
11) Falándolles ós das Xornadas de Linguas minoritarias de Europa. Vrao 1989.....	54
12) Intre-Brinde. 19 novembro 1989.....	55
13) Presentación de <i>Memorial de brancura</i> , de Fernán Vello. Finais dos anos 80.....	56
14) Federico García Cabezón. Queimados 1985-90. Xaneiro 1991	58
15) Homenaxe a Manuel Cuña Novás. 5 xullo 1991	58
16) Recital do Casino de Ourense. 5 de santos 1991	60
17) Homenaxe a Cunqueiro da AELG. Nadal 1991	63
18) Recital de Lalín. 13 maio 1992.....	66
19) Homenaxe a Manuel Lueiro. Maio 1993.....	67

20)	Barrantes (Tomiño). 5 maio 1994.....	68
21)	Letras Galegas (Invitación á leutura). 1994.....	69
22)	Congreso de Luís Seoane. 29 setembro 1994.....	70
23)	Presentación de A PALABRA SOTERRADA (Apuntes do Deserto), de Miguel Sande. 20 outubro 1994.....	72
24)	En memoria de Roberto Andrade. Outono 1994.....	74
25)	Presentación de <i>Vixía os sabres ó chegar febreiro</i> . 27 abril 1995	75
26)	III Congreso de Escritores Galegos. 23 setembro 1995	78
27)	Reunión de Galiza Nova. No fin do 1995.....	80
28)	Presentación d' <i>A Escrita da luz. O rostro da Terra</i> , de Cesáreo Sánchez. 23 abril 1996	81
29)	Manuel Beiras. (Fins de Santiago 1996).....	84
30)	Urbano Lugrís. 11 setembro 1997.....	85
31)	<i>Dos soños teimosos</i> . Feira do Libro da Coruña. 8 de agosto 1998	87
32)	<i>Os motivos de Circe</i> . Feira do Libro da Coruña. 8 de agosto 1998.....	88
33)	Ámeto mítico. (Arredor do 98)	88
34)	Lupe Gómez. <i>Poesía fea</i> . 15 de setembro 1999.....	89
35)	Discurso primeiro	89
36)	Xornadas polo reconecimento dos dereitos polo traballo intelectual e de creación.....	91
37)	[Meniñas, rapazas novas, ...]	92
38)	Outra vez a Ourense	93
39)	Palabras de agradecemento na Festa da Ferrería de Seoane do Courel	93
40)	Á ouvea.....	94
41)	Homenaxe a Xurxo Lorenzo.....	95
III. Inéditos (ou case). Verso:		99
a)	Galicia solo terra.....	102
b)	Bater as palabras	102

c) Acróstico	103
d) Volven os pobos	103
e) [A aldea valeira...]	105
f) Galegos	107
g) [Flor sin nome...]	107
h) Romance das cinco mozas.....	107
i) Dous poemas do Mar de Arousa.....	108
k) Os Reis do Courel	109
l) [CANDO eu un día fui en Compostela...]	110
 IV. Achegas epistolares:	 113
1) Versións poéticas de Novoneyra nas cartas a Ramón Piñeiro	
1.a. Cartas.....	116
1.b. Poemas.....	125
2) Epistolario de Novoneyra a Otero Pedrayo	167
3) Cartas de Manuel María, Uxío Novoneyra, R. Patiño, M. Cuña	
Novás, X. L. Méndez Ferrín, Isabel Escudero e Agustín García Calvo ..	174
 V. Sobre autopoética.	
(Autocrítica, metapoética, poética propiamente dita)	187
 VI. Epílogo	 203

Presentación

Cando se dá ao prelo unha publicación recompilatoria do labor –obra plural, diversa, heteroxénea– dun escritor é seguro que van quedar cousas fóra. Con esa prevención, no limiar da nosa **Celebración de Uxío Novoneyra** (1930-1999) xa dixemos que era probable a aparición de novos materiais que darían pé a unha segunda recompilación de escritos da súa autoría e outras informacións complementarias. Velaquí esta manifestación de continuidade da referida Celebración.

Unha rápida ollada ao índice evidencia esa continuidade, esa complementariedade que se inicia con novos datos bio-bibliográficos do poeta e dá conta, por exemplo, da Memoria de Licenciatura que sobre Os eidos se presentou na Facultade de Filoloxía da Universidade de Valladolid no ano 1978.

Tamén é de continuidade o capítulo de inéditos en prosa, textos ou discursos nos que a cuestión da lingua e os poemas do propio escritor –rapsodo de sona– ocupaban un posto preferente. Agora, estes novos inéditos están máis centrados na obra literaria ou pictórica de nomes como os de Fole, Cunqueiro, Méndez Ferrín, Luís Seoane, Lueiro Rei, Cuña Novás, Lourés, Manuel Coia e outros, moitos deles amigos do escritor.

Incrementamos así mesmo o apartado epistolar que agora subdividimos de acordo cos diferentes destinatarios (Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo e outros) e que, no caso de Ramón Piñeiro, vai acompañado de poemas logo integrados n’Os eidos ou nas Elexías do Courel ou ben inéditos, variantes en moitos casos.

A renovación e enriquecemento editorial do corpus escrito de Uxío Novoneyra ao longo deste xa declinante 2010, no que tivo dedicado o Día das Letras queda tamén reflectida na listaxe de novidades ou reedicións de estudos e ensaios que a súa obra suscitou e, complementariamente, coa atención da que foi obxecto nos medios de prensa (revistas e suplementos conmemorativos).

Reiterámonos no feito da condición de inéditos (ou case) de poemas e prosas que aquí ofrecemos. Iso, certamente, non tería sido posible sen a colaboración –unha vez máis– da familia do poeta, que queremos representar en dona Elba Rey, e na Biblioteca Penzol, sempre xenerosas con nós e co Centro Ramón Piñeiro.

Bótase a faltar –“cal se agarda no Courel”–, polo menos, unha edición completa da Poesía; un volume de referencia inexcusable se queremos ver a Novoneyra na Pléiade da nosa lírica, da que o courelao é un clásico cada vez máis sabido e irremediable.

O volume das prosas preséntase, tralas nosas achegas, máis doado, pero haberá que seguir no rebusco, a teor da acollida que tiveron en bastantes discursos e traballos dos mellores escritores de nós, índice seguro da súa boa recepción. A nosa gratitude a M^a Montserrat Vázquez Riveiro, bibliotecaria do Centro Ramón Piñeiro, e mais a Esther de León Vilorio, M^a del Camen Ferreira Boo e Mar Fernández Vázquez, bolseiras do Centro, pola súa colaboración nos apartados de bibliografía e hemerografía deste libro.

*Con estas **Celebración e Celebración II**, entregas I^a e II^a dun único proxecto editorial (se queremos mimetizar o que o autor chamou, por fin, Eidos 1 e Eidos 2; despois, Libro do Courel) propuxémonos –vai alá un ano– darlle ao lector canto fomos sabendo dunha figura de escritor emblemático, como é o caso de Uxío Novoneyra, e ofrecer estes saberes, poucos ou moitos, para procurar a súa vera effigies de creador, para mellor coñecemento e grata recordación que nos merece.*

Os editores

**I. UXÍO NOVONEYRA: CRONO-BIO-BIBLIOGRAFÍA.
DATOS COMPLEMENTARIOS**

I. UXÍO NOVONEYRA: CRONO-BIO-BIBLIOGRAFÍA. DATOS COMPLEMENTARIOS

1950. Co patrocínio da Delegación de Cultura Popular celébrase en Lugo un recital de poesía no que intervén Novoneyra, que comezaba a ter sona como rapsodo ou dicidor poético e xa participara en actos semellantes en Madrid dende finais da década dos corenta.

1956. Recital poético en Monforte de Lemos.

1957. Isidoro Millán González-Pardo publica en *La Noche* o artigo “Novoneyra do Caurel. La nominación” (16-III-1957).

1958. Colabora coa composición “Cantiga de loubanza” no libro de homenaxe a Otero Pedrayo publicado polo Centro Gallego de Caracas e titulado: *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra. Homenaxe da Galicia Universal*.

1960. No Paraninfo da Universidade de Santiago participa nun acto de homenaxe a Ramón Cabanillas, a carón de Salvador García Bodaño e Aquilino Iglesia Alvariño.

1961. Colabora no nº 4 da revista portuguesa *Céltica* (Porto, 1960-61), “Caderno de Estudos Galaico-Portugueses” da responsabilidade de Oliveira Guerra. Novoneyra publica aquí unha nota de presentación da poeta noíesa María Mariño Carou e unha moi breve mostra de poemas curtos da escritora. Neste mesmo número temos achegas de escritores galegos como A. Tovar Bobillo, Manuel María, Xohana Torres, Pura Vázquez ou Miguel González Garcés.

1971. Basilio Losada publica a escolma *Poetas gallegos de posguerra*, Barcelona, Ocnos / Llibros de Sinera. No seu limiar, “Imagen de una generación gallega”, advirte a pegada das teses da saudade de Ramón Piñeiro n’*Os eidos*.

1973. Colabora no nº 1-2 da Revista do Ateneo de Ferrol *Atenea*¹ co poema “Vietnam canto”. Posteriormente, aparecerá “Letanía de Galicia” no nº 37 (2010) nesta mesma revista.



O poeta no Hospital Militar de Lugo (1952).

Ao dorso da fotografía, lemos unha nota escrita polo poeta: “Novoneyra no Hospital Militar de Lugo 1952. E despois de esta data comenza a escribir os (eidos)”

1 Erroneamente, en *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)* situamos esta cabeceira na Universidade de Porto Rico, que posúe unha publicación con idéntica cabeceira.

1975. Comparece co poema “So loitaron contra o seu pobo, so loitou contra o seu pobo” no libro *Chile en el corazón: homenaje a Pablo Neruda* (Península, Barcelona, 1975), selección e coordinación de Aurora de Albornoz e Elena Andrés.

1977. Colabora no libro coordinado por Francisco M. Arnáiz, *Del corazón de mi pueblo: homenaje a Rafael Alberti* (Península, Barcelona, 1977) co poema “É a peste da Historia”; o libro inclúe textos en castelán, galego, catalán e vasco.

1978. Na Facultade de Filoloxía da Universidade de Valladolid e baixo a dirección do catedrático Ramón Lorenzo, presenta a súa Memoria de Licenciatura dona María de los Ángeles Plana Roca. O título do traballo (presentado o 29 de xuño de 1978) é “Vocabulario de *Os Eidos* 1 y 2”. O traballo, que consta de 193 folios mecanografiados, recolle “todas las palabras... sin ninguna excepción” do referido poemario de Novoneyra, cos engadidos de apéndices onomástico e toponímico e bibliografía. O material analizado abrangue, en orde alfabética, elementos léxicos e gramaticais e advirte a presenza de castelanismos, dialectalismos, hipergaleguismos, lusismos, formas orixinarias da xeografía do libro e doutras inmediatamente próximas, así como vulgarismos ou neoloxismos.

Abertas discrepancias cos criterios filolóxicos utilizados no estudo lexicográfico provocaron o enfrontamento do poeta non só coa autora do traballo, senón tamén co director da Memoria, que certamente non tivo divulgación en Galicia e da que practicamente non hai referencias da súa recepción nin na prensa nin nas revistas especializadas. A Memoria de Licenciatura, da que Ramón Lorenzo conserva unha copia, permanece inédita.

Viaxa a Granada para asistir ao Congreso de Libreiros de España e participar na homenaxe á figura de García Lorca.

1980. Xosé María Álvarez Blázquez e Manuel Vilanova publican, conxuntamente, o artigo “Panorama de la poesía gallega de posguerra”, onde dedican unha curta mais precisa atención a *Os Eidos* (vx. *Revista Camp de L’arpa*, nº 75, Barcelona, maio de 1980, no informe titulado “Literatura gallega contemporánea [1939 - 1979]”).

1982. Escribe o texto “Tino Prados, lugués lugués” para o libro *Tino Prados: monografía-homenaxe*, Agrupación guitarrística galega / Caixa de Aforros de Galicia, Lugo, 1982.

Carmen Blanco publica en *Colóquio / letras*, de Lisboa, nº 70, unha recensión da edición d’*Os eidos* de 1981. Con posterioridade volverá sobre o poeta no traballo “Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso” incluído na *Historia da literatura galega*, A Coruña / Vigo: ASPG / A Nosa Terra, 1996, dirixida por A. Ansedo Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesia; pp. 1250-1280 e noutros estudos que citamos máis adiante neste mesmo apartado

1983. Publica o artigo “Gozo de Blas Lourés” nas páxinas de Cultura de *La Voz de Galicia* (14-IV-1983). Na mesma páxina figura outra achega, agora de Darío Xohán Cabana, sobre o pintor de Lugo, amigo de Novoneyra e ilustrador dos seus poemas.

Participa, xunto con Avilés de Taramancos e Méndez Ferrín, na Homenaxe a María Mariño celebrada en Noia e promovida pola asociación cultural Catavento daquela vila.

1984. Intervén no Primeiro Encontro de escritores galegos, vascos e cataláns (celebrado no mosteiro de Poblet, en Barcelona e Sitges, no mes de xuño) no que se asina un importante Manifesto. Esta xuntanza sería a base da posterior Galeusca, xuntanza que se institucionalizará en sucesivos encontros anuais.

Publicase *Literatura galega COU* (Lugo: Ingabard, 1984), de Rosa Gullón González e F. Díaz Lozano, onde se dedica un capítulo ou tema ao poeta do Courel.



Novoneyra, diante e sentado, segundo pola dereita (O Courel, 1944)

1985. Presións e tensións internas determinan a dimisión do poeta como presidente da AELG, cargo que en 1986 ocupará Antón Avilés de Taramancos. Mais xa en 1991 volve á presidencia Novoneyra, unha volta así mesmo polémica pola súa actitude persoal contraria á normativa oficial da lingua.

1986. Colabora no libro de autoría colectiva *Os escritores lucenses arredor da Ánxel Fole* (Ed. do Concello de Lugo, 1986). Fole foi un dos adiantados en escribir sobre a lírica de Novoneyra e o poeta mantivo con el unha fonda amizade que comezou en 1953, cando se coñeceron en Quiroga. En 1965, na *Hoja del lunes* de Lugo, Fole escribe o artigo “Bienvenida a un poeta” (23-VIII-1965), mais xa en 1961 Novoneyra dedicara a Fole “A Ánxel Fole. Homenaxe de Lemos i o Caurel a Ánxel Fole de Lugo e de Galicia”. En 1970 Fole viaxa a Parada de Moreda para visitar ao poeta; pouco despois, froito da viaxe, publica o artigo “Parlamento en Seoane do Courel” (*El Progreso*, 30-VIII-1970).

1988. Dentro do ciclo “Encontros na literatura galega contemporánea”, ofrece un recital poético con poemas d’*Os Eidos* no Instituto Otero Pedrayo de Ourense. O xornal *La Región*, que fai a crónica do acto, subliña no titular que os alumnos do Instituto “siguieron con un silencio religioso el recital de Novoneyra”. O poeta confesa daquela que “me gusta más el decir que el escribir y los alumnos han prestado mucha atención a mis poemas” (*La Región*, 30-XI-1988, p. 8).

Asiste en Amarante (Portugal) a un Encontro de Poesía organizado por un grupo reintegracionista galego. O trato desconsiderado que sofre lévao a ler *Os Eidos* completo como expresión de protesta.

1989. No libro *Intifada* (Ofrenda dos poetas galegos a Palestina), de autoría colectiva, que publica a Fundación Araguaney, de Santiago de Compostela, colabora Novoneyra coa composición “Volven os lobos”. Bernardino Graña, Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Claudio R. Fer, Xulio L. Valcárcel ou Xavier Seoane, entre outros, colaboran neste libro que terá unha segunda edición en 2003 con novos nomes de poetas da nosa terra.

1991. Publícase en *El Progreso* (13-XI-1991) o artigo de Xosé Lois García, “A Temporalidade elexíaca de Novoneyra”. O autor volverá sobre o poeta en posteriores artigos aparecidos n’*O Correo Galego*, *Galicia Hoxe* ou *Terra e Tempo*, artigos recompilados no seu libro *Uxío Novoneyra. Home e terra* (Toxosoutos, 2010).

Colabora co texto “Decindo a Celso Emilio” no libro *Voz e voto* (Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento), Celanova: Padroado Curros Enríquez, 1991. Con anterioridade publicara “Entrando á poesía de *Celso Emilio*” no libro *Celso Emilio*, coordinado por M. Abuín Duro (Santiago de Compostela: Fundación C. E. Ferreiro, 1989).

1992. Nota da autoría de X. M. del Caño titulada “Uxío Novoneyra. Compostela ya no es centro de Galicia” (en *Faro de Vigo*, 16-III-1992, páxina da contracuberta) onde Novoneyra fai unhas declaracións, como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, nas que confesa ter escrito o seu primeiro poema en galego o 7 de setembro de 1952.

O profesor Julio Calviño publica *Uxío Novoneyra. Muestra mínima* (Málaga: I. B. Sierra Bermeja, 1992), breve escolma poética traducida ao castelán. O citado profesor é responsable da tradución e da selección poética. Preside os textos unha autopoética de Novoneyra, tamén en castelán. Remata o libríño cunha nota biobibliográfica e outra, máis breve, en inglés.

1993. Pon breve epílogo ao libro *77 haikus*, escolma de Consuelo García Devesa. Ao pouco de aparecer o poemario asiste á súa presentación (na que colabora coa lectura dun texto da súa autoría) na Galería Sargadelos de Santiago.

Colabora co poema “No vello son” na *Revista da Sociedade Galega A Nosa Galicia*, no número datado en maio de 1993.

1994. Interesante artigo de José Antonio Durán, “Uxío Novoneyra. Un poeta entre cacharros”, en *La Voz de Galicia*, (6-2-1994, p. XI). Na mesma páxina aparece un nada coñecido debuxo de Novoneyra, “Novoneyra do Courel”, feito por Carlos Maside e datado en xullo de 1953.

1995-2008. Figura representado con poemas da súa autoría nos libros colectivos:

- 1- Miguel Ríos Torre (ed.): *Desde mil novecientos treinta e seis: homenaxe da poesía e da plástica galegas aos que loitaron pola liberdade*, Sada / A Coruña: Do Castro, 1995.
- 2- Lucía Atencia e Óscar S. Gómez (coords.): *Verbas máis quentiñas* (Santiago de Compostela: Estudantes solidarios, 1996).
- 3- Henrique Rabuñal (ed.): *Antoloxía de textos poéticos dos séculos XIX e XX sobre A Coruña* (A Coruña: Espiral Maior, 2008).

1996. Intervén no Primeiro Encontro de Autores Novos, no Instituto Xelmírez I, de Santiago, acto organizado pola AELG. En resposta aos xuízos agresivos e intemperantes dos novos escritores, pronuncia contra eles un duro discurso, o que dará lugar a unha nova polémica na prensa.

1998. Participa no libro colectivo *O Cancioneiro e o mar* (Vilaxoán: Fogar do Pescador, 1998), conmemorativo do Día das Letras. Con limiares de Teo Cardalda e F. Fernández del Riego, comparecen un total de dezanove poetas, dende Alfonso Álvarez Cáccamo ata Rafael Villar. Novoneyra está representado cos poemas (dous) “do Mar de Arousa”.

Nun breve escrito da man do poeta no que resposta unha entrevista preparada para *O Correo Galego* lemos: “Neste momento ando a rematar e axustar unha cantata en galego titulada “Mildouscentos. Cantata en Compostela”. Tapiz de varios trovadores, de unha hora de duración, pensada pra estrenar nos próximos dous anos, no próximo ano de peregrinación maior ou no Compostela 2000. Logo habería que musicala e estrenala. Total nada... pero eu farei o libro”.

1999. Vicente Araguas percorre diversas obras de e sobre Novoneyra no seu artigo “De Uxío Novoneyra”, que na sección Letras Galegas publica a revista madrileña *Leer* no seu número de febreiro de 1999.

Con data de 7 de outubro, publícase o nº 283 da “Revista das Letras” d’*O Correo Galego*, titulado “Mecanografismos”. Ademais dos textos do poeta temos colaboracións de interese como “Novoneyra e Brais Pinto”, de Herminio Barreiro; “Signos”, texto de Reimundo Patiño e fragmentos espaxados de prosa do poeta do Courel. Abre este suplemento Antón Lopo co artigo “O intre biolóxico”. Hai un amplo e variado material fotográfico nas 24 páxinas desta homenaxe ao escritor, que morrería poucos días despois, ao rematar o mes de outubro.

A revista *Galicien Magazine*, do Galicien-Zentrum da Universidade de Trier, publica no seu nº 8 (novembro de 1999), un pequeno feixe de poemas de Novoneyra – “A letanía de Galicia”, “Cousos do lobo!” e “Poemas da doada certeza”– en versión bilingüe galego-alemán. Sandra Castiñeira, Vera Miller e Manuel Rodríguez Rivas son responsables das traducións ao alemán.

Conxuntamente co seu amigo Manuel María recibe o Premio Otero Pedrayo outorgado pola Deputación Provincial de Lugo. Na cerimonia de entrega do premio que tivo lugar na mesma Deputación luguesa, o poeta, xa finado, estivo representado pola súa dona, Elba Rey.

Na crónica do acto de entrega do premio que apareceu na revista *Lucus*, lemos: “Concluídos tódolos trámites previstos polas Bases da convocatoria do Premio OTERO PEDRAYO 1999, que nesta edición correspondeu organizar á Deputación Provincial de Lugo, o pasado 14 de decembro de 1999, e baixo a presidencia de D. Manuel Fraga Iribarne, foi entregado este distinguido galardón ós poetas Uxío Novoneyra e Manuel María Fernández Teijeiro, recolléndoo no primeiro caso a súa viúva Dña. Elva debido ó falecemento do escritor o pasado día 30 de outubro” (*Lucus*, nº 45, Lugo, pp. 52- 56).

2000. No poemario *Poesía fea*, de Lupe Gómez, publica, na contracuberta, un breve texto caracterizador da poética da escritora; texto entrecomiñado e datado o día 15 de setembro de 1999, é seguramente un dos últimos que chegou a escribir.

Na revista *Monfadal*, de Mondoñedo, aparece “De e para Álvaro Cunqueiro: dous textos / A. Cunqueiro e U. Novoneyra”, no nº 2, pp. 113- 114.

Publícase o “Limiar” de Novo Neyra ao poemario de Rosa Méndez Fonte, *Poemas anobelados no tempo* (A Coruña: Espiral Maior, 2000).

2001. Encabeza a ampla listaxe de poetas obxecto dunha breve enquisa, dirixida a que os poetas representados falen da súa concepción da lírica e da súa poesía, no libro colectivo *Do lado dos ollos* (Arredor da poesía, entrevistas con 79 poetas do Mundo), de Edicións do Cumio, da autoría de Emilio Araújo. As declaracións do poeta resultan sen dúbida de interese para integralas na súa poética.

A entrevista aquí contida a Novoneyra, que encabeza o libro, está datada nos anos 1998-99. Pola temática tratada debe poñerse en contacto co libro do mesmo Emilio Araújo, certamente máis extenso na atención a Novoneyra, titulado *Dos sonhos teimosos* (Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998).

2003. Xunto con Vicente Araguas, C. E. Ferreiro e X. L. Méndez Ferrín aparece como colaborador no catálogo da exposición *Arte y Solidaridad: los pintores españoles y el cartelismo político* (Univ. de Málaga, xaneiro-febreiro de 2003).

2004. L. G. Soto publica o artigo “Unha ollada a *Os eidos*”, en *Amastra-n-gallar*, nº 7, verán de 2004. Con posterioridade (2010) o artigo aparece incorporado ao libro *O espírito da letra*, do mesmo L. G. Soto, publicado na coruñesa Espiral Maior.

F. Casal publica o artigo “*Os eidos*: analoxía e poesía” en *Amastra-n-gallar*, nº 7, pp. 36-42.

2005. Publícase *Cartas a un mozo galego*, coa correspondencia epistolar a Xosé Luís Allué. O libro, publicado por Galaxia, contén dúas cartas e un poema de Novoneyra.

2007. Co poema “Courel dos altos cumes que ollan de lonxe...” aparece incorporado á *Antología de poesía gallega, 1* (Bilingüe galego-castelán) de María Xesús Nogueira e Ramón Nicolás (publicada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2007).

2008. Reprodúcese o seu escrito “Blas Lourés” no libro *Blas Lourés: unha vida en chamus* (textos de Darío X. Cabana e outros escritores), Lugo: Servizo de publicacións da Deputación Provincial, 2008.

2009. Pilar García Negro e Xosé Lois García publican en *Terra e Tempo* (nº 149- 152), publicación da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, un “dossier Novoneyra”. Aparece representado cos poemas “E xa ningúna certeza”, “É vano erguerse máis aló do que poda ser repetido”, “Eu non podo esquecer que estou emprazado”, “Os beizos”, “Moucho que cantas pra noite queda...”, “Nada vin tan belido”, “Quedo nevaba”, “Non sei o que é” e “Costa soster...” na escolma de Antonio Domínguez Rey, *El otro medio siglo: antología incompleta de poesía iberoamericana* (Culleredo – A Coruña: Espiral Maior, 2009), onde se escolman poemas en castelán, portugués, galego, vasco e catalán.

Neste mesmo ano algúns poemas da súa autoría aparecen en *Mil años de poesía española: antología comentada* (Barcelona: Backlist, 2009), de Francisco Rico (coa colaboración de José M^a Micó et alii). Matilde Penalonga traduce ao castelán o “Poema” de Novoneyra.

Edicións Laiovento publica o libro de Manuel Castelao, *Novoneyra / Celso Emilio*. A parte dedicada ao poeta do Courel céntrase n’*Os Eidos* (1955) e nela constatamos un analítico percorrido por dezaioito composicións do poemario (referencias estilísticas, métricas, temáticas, de fontes poéticas, toponímicas, léxicas, de cosmovisión). No seu camiñar interpretativo o estudoso destes poemas vai verso a verso ou en pequenos bloques versais, na tentativa de que a lectura realizada adopte “a forma dun comentario, unha eséxese, realizado co máximo rigor” (p. 11).

2010. Reedición de *Homenaxe a Novoneyra* (Letras galegas, 2010), agora co selo da Fundación Uxío Novoneyra. A obra, en formato estoxo, está promovida por Rei Zentolo, S. L.




1) BIBLIOGRAFÍA SOBRE NOVONEYRA, 2010:

a) ESTUDOS, ENSAIOS, ARTIGOS, MISCELÁNEAS

Alonso, Fran, *Folerpas de Novoneyra (Biografía e antoloxía)*, Vigo: Xerais, 2010. Libro pensado para lectores mozos, con anécdotas e atención a algúns dos poemas e poemarios do escritor.

Amado, Manuel, *Vida e obra de Uxío Novoneyra*, Vigo: Galaxia, 2010. Minilibro que apareceu como agasallo nos xornais *La Región* e *Diario de Ferrol*.



Benlloch, Kike e **Rubín**, David, *Uxío Novoneyra: a voz herdada*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Turismo e Cultura, 2010. Cómic escrito por Kike Benlloch e debuxado por David Rubín, con citas da obra de Novoneyra.

Blanco, Carmen, *Novoneyra, un cantor do Courel a Compostela. O poeta nos lugares dos seus libros*, Noia: Toxosoutos, 2010. Percorrido vida-obra a través de versos e poemas e con comentarios bibliográficos. Previamente, a mesma Carmen Blanco dera ao prelo a monografía *Uxío Novoneyra*, Vigo: Ed. A Nosa Terra, 2009.

Castelao, Manuel, *Novoneyra / Celso Emilio, Santiago*: Edicións Laiovento, 2010.



García, Xosé Lois, *Uxío Novoneyra. Home e terra*, Noia: Toxosoutos, 2010. Obra miscelánea e recompilatoria que recupera varios artigos de prensa e un traballo lexicográfico da flora e fauna n'Os *eidos*, ademais dun feixe de prosas do poeta. Prologado por Uxío Novo Rei.

García, Xosé Lois, *Uxío Novoneyra. Revisitado*, Vigo: Xerais, 2010.

Lopo, Antón, *A distancia do lobo (Biografía de Uxío Novoneyra)*, Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas, 2010. Amena e interesante narración, contada co uso da primeira persoa autobiográfica.

Mariño Dávila, Esperanza, “*Dicionario*” *Uxío Novoneyra*, Santiago de Compostela: TresCtres, cl. Letras Dous Mil..., nº 10, 2010. Miscelánea de textos do poeta, propostas didácticas, datos de vida e obra, da xeografía e da retórica poética do escritor.

Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *A man que caligrafando pensa: do plástico-escritural e da escritura novoneyriana*, A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2010. Ensaio sobre a manuscrita caligráfica de Novoneyra.

Patiño, Antón, *Universo Novoneyra (A poética do intre)*, A Coruña: Espiral Maior, 2010. Ensaio.

Tarrío Varela, Anxo (edit.), *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico da Universidade, 2010. Contén, ademais da reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo d’*Os eidos* (1952-54), os seguintes estudos:

- “Introdución”, por Anxo Tarrío.
- “Un exemplar de *Elexías do Caurel*... de Novoneyra con dedicatoria e anotacións manuscritas do autor”, por Xesús Alonso Montero.
- “De romances, caligramas e poemas. O encontro de Uxío Novoneyra com o Seminario Menéndez Pidal”, por José Luís Forneiro.
- “Arrodeos e retornos. A poesía última de Uxío Novoneyra”, por María Xesús Nogueira Pereira.
- “Uxío Novoneyra: identidade e soños”, por Blanca-Ana Roig Rechou.
- “De Compostela ao Courel, de 1952 a 1990: a evolución das decisións da escrita n’*Os Eidos*”, por Carme Silva Domínguez.

VV. AA., *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia, 2010. Obra miscelánea (crono-bibliografía, caligrafías, cartas, textos de autopoética, poemas inéditos, poemas soltos en revistas e xornais, e case medio cento de pregóns ou presentacións inéditos).

b) REVISTAS, FOLLETOS, CADERNOS, ...

Amencer (Real Seminario conciliar de Santa Catalina), Mondoñedo
Homenaxe a Novoneyra: pequena escolma poética e entrevista á profesora Carmen Blanco, recoñecida estudosa do poeta do Courel, nº 209 (marzo-abril, 2010).

Atenea² (Revista do Ateneo de Ferrol)

O nº 37 (abril-maio-xuño 2010) contén os artigos “Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas”, s/s, p. 7 e “Na sombra íntima de Uxío Novoneyra (I)” [Artigo publicado anteriormente na revista *Amastra-N-Gallar*, nº 7, 2004 e en *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, AELG, 2005], por Rosa Méndez Fonte, pp. 17-20. Tamén se recollen os poemas “Letanía de Galicia”, p. [44] e “Libertá chamamos nos ollos tristes”, p. [45]. Con anterioridade tamén se incluíu o seu “Vietnam canto”, no nº 1-2, 1973, pp. 259-261.

Eco (Revista do Eixo Atlántico).

No apartado de “Opinión” (subapartado “Nordés”) hai un artigo de Luz Pozo Garza titulado “Documento do tempo no que Uxío se chamaba Eugenio. E de cando bebía na fonte dos poetas Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro”, nº 230, xullo 2010, p. 82.

Encrucillada (Revista galega de pensamento cristián), Santiago

Artigos de Luís Cochón, “Prima nótula (Novoneyra)”, e Marica Campo, “Novoneyra. A misa sobre a terra”, e o poema de Novoneyra “Berros e laios” no nº 168 (maio-xuño 2010).

Galegos.

No apartado “Crónicas”, artigo de Javier Guitián, Luis Guitián e José L. Martínez Villar, “O Courel: unha ollada á serra”, nº 9, I trimestre 2010, pp. 76-81.

A Nosa Terra (Periódico semanal)

Artigos de Luisa Villalta, “Galiza ou nada”; de Roberto Vidal Bolaño, “A voz de Deus” (ambos aparecidos por vez primeira no nº 907, de novembro de 1999, deste periódico) e de M. V. [Manuel Vilas], “O Vietnam ao que lle cantou Novoneyra”, nº 1406, de 13 de maio de 2010.

Na mesma publicación, mais agora no nº 1407, de 20 de maio de 2010, temos o escrito de Manuel Rivas, “A liberdade era a súa xenética”, que é o discurso do escritor na homenaxe a Novoneyra no Courel o día 17 de maio. Reprodúcese tamén un fragmento do discurso de X. L. Méndez Ferrín no mesmo acto, no Colexio de Seoane, chamado “Poeta Uxío Novoneyra”.

O Ollo Público (Revista das artes)

No apartado “Vieiros vellos e novos”, artigo de Isabel Acea Méndez, “O Courel dos tesos cumes”, nº 29, decembro 2009 – marzo 2010, pp. 41-42.

2 Vx. nota anterior.

A Peneira

No seu “Especial letras galegas 2010” homenaxea a Novoneyra neste número dedicado a “o home que converteu o Courel en poesía”, no que colaboran Roberto Varela, Uxío Novoneyra Rei, Xabier Lago, Mercedes Queixas, Antón F. Escuredo, Alberto Ansele, Xurxo Patiño e Alfonso García. Unha cronobiografía do escritor abre estas páxinas. Edita o número A Peneira condado e dirixeo Guillermo Rodríguez Fernández.

Protexa (Revista de libros *Tempos Novos*), Santiago
Extenso artigo de Alberto Lema, “Uxío Novoneyra. O ano do lobo”, nº 14, primavera de 2010.


Raigame (Revista de arte, cultura e tradicións populares), Deputación de Ourense
No apartado “Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas” do nº 32 (maio de 2010) inclúense os seguintes artigos: “O Poeta Novoneyra: a teima da terra e a peste da historia”, de Carmen Blanco; “O son da terra na poesía de Novoneyra”, de Claudio Rodríguez Fer; “O canto [des]comunal dos seres da serra. Uxío Novoneyra dicidor dos saberes do seu pobo”, de Olga Novo; e “O Courel de Uxío Novoneyra. Achegamento á cultura popular”, de Clodio González Pérez.

Regalía (Revista do Instituto de E. S. Rosalía de Castro), Santiago de Compostela
No seu número 13, de xuño de 2010, homenaxea ao poeta do Courel con traballos dos alumnos (Adrián Regueira, Philip Charnley, Marta Doval, María Gómez e Carlos Almuíña) do Instituto arredor da vida e obra do escritor, do que se reproducen algúns poemas.

A Trabe de ouro

Texto de Luís Cochón, “A casa!, o val!, a patria homilde!. Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)”, que reproduce o discurso lido en Pontevedra polo autor na presentación do libro que dá título ao artigo, tomo II, ano XXI, abril – xuño de 2010, pp. 125-128.

A Xanela (Revista cultural das Mariñas), Betanzos
No apartado “Festa das Letras” do nº 29 (primavera 2010) re-



cóllense algunhas datas biobibliográficas, unha antoloxía poética de Novoneyra e o artigo de Luís Seoane, “Figuracións. Uxío Novoneyra”.

Co título ***Uxío Novoneyra poeta do Courel***, o concello de Oleiros lanza un “caderno didáctico” que coordina o Equipo de Normalización Lingüística do IES María Casares, de Oleiros. Os textos son da autoría de Pepe Taboada e Carmela Moure. Maqueta e deseño gráfico de Lucía Eirea Ponte. Biografía, poemas, debuxos, material fotográfico e actividades didácticas enchen estas páxinas, rematadas nun glosario e impresas en cor verde.

Alejandro Meira Iglesias et alii, ***Uxío Novoneyra***, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2010. [Unidade didáctica para o ensino secundario].

Manuel Perfecto Díaz (coord.), ***Uxío Novoneyra***, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2010. [Colaboracións de Manuel Vizcaíno Díaz, María Isabel Pena Seijas e alumnos do CEIP de Santo Estevo de Parga]. [Unidade didáctica para o ensino primario].

Beatriz García Turnes, ***En prol dun verso: Uxío Novoneyra***, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010. [DVD que contén unha unidade didáctica dirixida principalmente ao alumnado da ESO e de bacharelato].

c) SUPLEMENTOS XORNALÍSTICOS

Atlántico. “Uxío Novoneyra, o poeta do Courel” (Letras Galegas, 17 de maio de 2010):

- Redacción, “O recuncho máxico do poeta”, p. 4; “Seguidores de Novoneyra fan a súa particular homenaxe”, p. 11 e “Un poeta á fronte dos escritores”, p. 16.
- M. V., “O gran “dicidor” da natureza de Galicia”, p. 10; “Poesía que fala e respira por todos os galegos”, p. 12 e “Novoneyra, un amigo en vida” (entrevista ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín), p. 23.
- Vidal Villaverde, Manuel, “Debullo na memoria persoal”, p. 14.
- S/S, “Revisión da obra do galeguista”, p. 15.
- F. D., “Nova edición bilingüe d'Os Eidos”, p. 18.

El Correo Gallego. (16 de maio de 2010):

- Giráldez, José Miguel, “Novoneyra a terra, o útero vexetal, a viaxe cara ao Courel”, p. 2.

Diario de Arousa. “Uxío Novoneyra” (Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2010):

- Valcárcel, Xulio, “Uxío do Courel”, p. 18.
- Castiñeira, Francisco X., “O mellor Novoneyra está nas Elexías e no Vietnam Canto” (entrevista ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín), pp. 20-21.
- S/S, “A voz do Courel”, p. 22.
- Requeixo, Armando, “Uxío Novoneyra en espiral”, p. 23.
- Cochón, Luís, “Unha teoría da transformación na poética de Novoneyra”, p. 24.
- Dacosta, Henrique, “Anda o vento ceibe polo eidos”, p. 25.

Diario de Ferrol. Especial “17 maio. Día das letras galegas” (17 de maio de 2010):

- Redacción, “Novoneyra tivo un forte compromiso social desde sempre e non só de causas galegas” (entrevista ao catedrático de Lingua e Literatura galega na Universidade da Coruña, Xosé María Dobarro), p. 2; “Novoneyra deulle voz á terra”, p. 6; Cesáreo Sánchez Iglesias: “Uxío foi o poeta que nunca entregou a palabra”, p. 11.
- Cochón, Luís, “Para unha teoría da transformación na poética de Uxío Novoneyra”, p. 4.
- Alonso Girgado, Luís, “Uxío Novoneyra: único e múltiple”, p. 7.
- Dacosta, Henrique, “Anda o vento ceibe polos eidos”, p. 8.
- Requeixo, Armando, “Novoneyra en espiral”, p. 10.
- Valcárcel, Xulio, “Uxío do Courel”, p. 12.
- Castiñeira, Francisco X., “Novoneyra foi unha presenza luminosa no panorama literario e poético galego” (entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín, Presidente da RAG), pp. 14-15.
- Méndez, Rosa, “Novoneyra no “Ferrol dos traballadores”, p. 16.

Faro de Vigo. “Faro da Cultura”, nº 331 (Letras Galegas 2010, 17 de maio de 2010):

- Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Novoneyra e os outros. Desde os ritos da reciprocidade”, p. [I].
- Requeixo, Armando, “Artista poliédrico. Rapsoda, narrador, xornalista...”, p. II.
- Caveiro, Laura, “Da cor das urces. A hipnose dunha paisaxe”, p. III.
- Iglesias Diéguez, Alfredo, “Retorno ao Courel. Do Home e da Terra”, p. IV.
- Raña, Román, “Tempo e Paisaxe. Combustións de Novoneyra”, p. V.
- Romero, Marga, “Traducir Os Eidos. Unha experiencia alemá”, p. V.
- Dobarro, Xosé María, “Os Eidos. A longa xestación da publicación dun libro”, p. VI.
- Navarro, María, “Todo Novoneyra. Residencias de lingua e terra”, p. VII.
- Fernández, Paula, “Festa e lembranza. Das folerpas de Uxío”, p. VII.
- Alonso, Fran, “Clásico e Mito. O poeta radical da vida”, p. VIII.

Galicia Hoxe. “RDL, Revista das Letras”, nº 821, “Novoneyra, as descubertas” (17- 05-10).

- Barreiro, Herminio, “Catro cantos para o cantor”, p. 3.
- Alonso, Fran, “Sangue alleo”, p. [5].
- Patiño, Antón, “Poemas-Lóstrego”, pp. 6-8.
- Gallero, José Luis, “Revelación de Uxío Novoneyra (Unha orquídea na terra da tecnoloxía)”, pp. 10-[11].
- Dono, Maite, “Palabra da serra-contrabaixo-voz”, p. 12.
- García, Xosé Lois, “A observación en reserva de Uxío Novoneyra”, pp. 14-16.
- Casas, Arturo, “Escolma-ocos”, pp. 18-[19].
- Novoneyra, Branca, “Pechamos as portas”, p. 20.
- Cochón, Luís, “Nunca fun como te amo”, pp. 22-[23].
- Novoneyra Rei, Uxío, “Como en nada grava o tempo no home”, p. [24].
- Mariño Davila, Esperanza, “Uxío: Lonxe dos tópicos”, pp. 26-[28].
- Blanco, Carmen, “Beleza profunda”, p. 30.

Previamente: Número especial da “Revista das Letras” (nº 804, do 14-I-2010), de *Galicia Hoxe*, titulado “Novoneyra de corpo enteiro” dedicado fundamentalmente ás caligrafías do poeta (ou caligramas). Inclúe un artigo de Antón Patiño, “Ergografías de Novoneyra” e remata cun texto de Novoneyra: “Os caligramas conforman unha parte esencial da miña obra. Por debaixo dos grafismos, adoito poñer o texto mecanográfico como referencia, como simple acompañamento porque o que escribo á man é para ser lido: é para ser sentido. Quero dicir: sentir a súa estremada tensión gráfica”.

El Ideal Gallego. “Uxío Novoneyra” (Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2010):

- S/S, “A voz do Courel”, p. 12.
- Valcárcel, Xulio, “Uxío do Courel”, p. 13.
- Alonso Girgado, Luís, “Uxío Novoneyra: único e múltiple”, pp. 14-15.
- Requeixo, Armando, “Uxío Novoneyra en espiral”, p. 16.
- Castiñeira, Francisco X., “O mellor Novoneyra está nas Elexías e no Vietnam Canto” (entrevista ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín), pp. 18-19.
- Cochón, Luís, “Unha teoría da transformación na poética de Novoneyra”, p. 20.
- Dacosta, Henrique, “Anda o vento ceibe polos eidos”, p. 22.

El País. “Luces” (Día das Letras, 17-05-10):

- María do Cebreiro, “O penúltimo poeta”, p. 6.

- Mandiá, Diana, “O máis ilustre de Parada de Moreda”, p. 7.
- de Toro, Suso, “Uxío Novoneyra, o poeta salvaxe”, pp. 8-9.
- Iglesias, Óscar, “O ‘underground’ era O Courel”, p. 10.
- Castro Rey, Ignacio, “O medo e a herba”, p. 10.

La Región. “Uxío Novoneyra: o poeta do Courel” (17 de maio de 2010):

- M. V., “Novoneyra, un amigo en vida” (entrevista ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín), p. 3; “O gran “dicidor” da natureza de Galicia”, p. 4 e “Poesía que fala e respira por todos os galegos”, p. 6.
- Bande Rodríguez, Enrique, “O chamado poeta do Courel”, p. 8.
- Redacción, “Un poeta á fronte dos escritores”, p. 9; “O recuncho máximo do poeta”, p. 11; “Seguidores de Novoneyra fan a súa particular homenaxe en Seoane”, p. 16.
- S/S, “Revisión da obra do galeguista”, p. 10.
- F. D., “Edición de 50 prosas inéditas”, p. 12; “Nova Edición bilingüe de o libro Os Eidos”, p. 20.
- Vidal Villaverde, Manuel, “Debullo na memoria persoal”, p. 14.
- S. N., “Nova biografía e certames”, p. 21.

La Voz de Galicia. “Culturas”, ano 6, nº 364, “Letras Galegas 2010, Novoneyra “Os Eidos na raíz do ser inxel”. O poeta que dende o seu universo da montaña cantou a forza da Galicia enteira (sábado, 15-maio-2010).

- Rabuñal, Enrique, “Lembranzas de Novoneyra, sombra e bandeira”, pp. 2-3.
- Novo, Olga, “O poeta pastor”, pp. 4-5.
- Novoneyra, Branca, “Ata cando este tempo de elexía?”, p. 5.
- Castelao, Manuel “Regreso a «Os Eidos»”, pp. 6-7.
- Blanco, Carmen, “E perfume porvir”, pp. 8-9.
- García Bodaño, Salvador, “A vivencia radical de «Os Eidos»”, p. 10.
- Caneiro, Xosé Carlos, “Unha voz “dicidora” e profunda”, p. 11.
- Sande, Miguel, “Novoneyra e un bo café hoxe, onte e sempre”, p. 11.
- A publicación de La Voz, “O libro das letras”, pp. 12-13.
- A publicación de La Voz, “Fermosos caligramas cargados de mensaxe e valores estéticos”, p. 13.
- Lopo, María, “Elexía a Camus no Courel”, p. 14.
- Alonso Montero, Xesús: “Uxío Novoneyra, Ramón Regueira et alii”, p. 15.

- Rodríguez Fer, Claudio: “Poeta da fala no labirinto das linguas”, pp. 16-17.
- Patiño Nogueira, Olga: “Somos cousa da terra i é natural que sintamos esa pertenza e irmandade profunda” (entrevista a Uxío Novoneyra), pp. 18-19.
- Blanco, Carmen: “Rutas dun cantor do Courel”, pp. 20-21.
- S/S, “Itinerario bibliográfico” e “Itinerario crítico”, p. 21, e “Novidades literarias”, p. 23.
- Nicolás, Ramón, “Universo Novoneyra”, p. 22.


Xornal de Galicia. “Uxíonovoneyra” (Letras Galegas, 17-5-2010):

- Martínez, Iago, “Un poeta de todos, un militante de ninguén”, pp. 3-4; “Uxío Novoneyra Rey: Meu pai é un poeta nacional, non un poeta partidario”, pp. 6-7.
- Varela, Roberto, “Un acto de xustiza poética”, p. 4.
- Ramos, Alberto, “Unha alma libre entre a poesía e o compromiso”, pp. 8-13.
- Villares, Ramón, “Unha cultura dona de si”, p. 14.
- Ramos, Alberto e Rodríguez, Ricardo, “O abecedario de Uxío”, pp. 16-17.
- Rodríguez, Ricardo, “A poética dun mundo labrego en extinción”, pp. 18-20 e “A pegada ausente, a lectura constante”, p. 22.
- Bouzas, P.e Ramos, A., “Librarías ao son de maio”, p. 23.
- Martín, A., “Onde sempre foi bosque”, pp. 24-26.

2) BIBLIOGRAFÍA DE NOVONEYRA, 2010:

a) OBRA POÉTICA (ESCOLMAS, INÉDITOS E REEDICIÓNS DE POEMARIOS)

Novoneyra, Uxío, *Antoloxía poética*, Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas, 2010. Estudo prologal e selección de poemas de Arturo Casas.



Novoneyra, Uxío, *Esta coor de soidá*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 52, 2010. Escolma poética. Introducción, selección e posfacio: Luís Alonso Girgado e Luís Cochón. Edición de Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto.

Novoneyra, Uxío, *Os eidos. Libro do Courel*, Vigo: Xerais, 2010. Novena edición deste poemario.

Novoneyra, Uxío, *Do Courel a Compostela*, Vigo: Galaxia, 2010. Edición conmemorativa dos sesenta anos de Galaxia. Inclúe CD no que o poeta recita varios poemas da súa autoría e numerosas caligrafías e fotografías do poeta.

Novoneyra, Uxío, *Tempo de Elexía*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2010. Edición bilingüe galego castelán, ao coidado de Elba Rei. Inclúe un CD cun recital inédito de 1982.

Novoneyra, Uxío, *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. “Biblioteca gallega. Letras galegas”, 2010. Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2010.


Novoneyra, Uxío, *os eidos. libro do courel*, Madrid: Ediciones Árdora, col. árdora exprés, nº 23, 2010. Edición bilingüe galego-castelán. Edición e tradución de Elva Rey e prólogo de Ignacio Castro Rey.


Novoneyra, *Falorpiñas de neve*. Caderno de poemas (1952), Santiago de Compostela: Follas Novas edicións, col. Libros da Frouma, 2010. Edición de Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Alexandra Cillero Prieto e Élica Abal Santorum.

Novoneyra, Uxío, *Gran Lugo de nebra (Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999)*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2010. Supervisión dos textos de Elba Rey e introdución de María Pilar García Negro.

Tarrío Varela, Anxo (edit.), *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico da Universidade, 2010. Contén a reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo d’*Os eidos* (1952-54) e estudos de X. Alonso Montero, José Luís Forneiro, Blanca-Ana Roig Rechou e Carme Silva Domínguez.

VV. AA., *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia, 2010. Obra miscelánea (crono-bibliografía, caligrafías, cartas, textos de autopoética, poemas inéditos, poemas soltos en revistas e xornais, e case medio cento de pregóns ou presentacións inéditos).





b) OBRA EPISTOLAR

Novoneyra, Uxío, *Cartas de poeta (de Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura, 2010. Edición ao coidado de Luís Cochón e Luís Alonso Girgado e colaboración de Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum.

Novoneyra, Uxío, *Cartas a Manuel María*, incluído en *Falorpiñas de neve*, Santiago de Compostela: Follas Novas edicións, col. Libros da Frouma, 2010. Edición de Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum.

II. INÉDITOS. PROSA

II. INÉDITOS. PROSA

**Deixando o Alto Courel, pechado por tres montes,
xusto onde deixa de verse o castelo o camiño
debroca para o río e cruza unha ponte.
Alí, pé de cada monte, o lobo, recén volto,
o corzo, con dúas gallas, e o xabariño,
cos seus respectivos fatos apatacuñados
tras deles cubrindo todo o monte ata o cimo.
Indo Ilda no mesmo medio da ponte,
todos a unha cebaron un demorado
laio, prologando por tódolos tesos como
unha total despedida da mai serra.**

U. N. (Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín)

A xenerosidade de Novoneyra, o seu dispor para gabar os méritos dos demais, que non os propios: calquera compañeiro podía petar na súa porta. El había ler e mirar o mellor dos outros e consideralos, con tal que algunha “cousa” de verdade, algún xeito de nós se lle alcanzase.

Inmune á envexa, foi, en contra, obsequioso cos máis, cos tantos amigos que tivo, como home afectuoso que foi, por riba ou por baixo daquela altiveza de poeta que sempre tivo de seu (“la caza de amor es de altanería”), sen ningunha fachenda.

Trátase que o poeta posuíu, decontado, alta de idea de si propio, non tanto como persoa –que tamén–, si como creador: do alto rango que lle confería o seu só oficio de poeta, case unha misión que o transcendía por veces:

“como se chegara a lembrar pro que eu nacera”.

Traemos aquí prosas políticas, das que el quería chamar –e chamou– lingoa sen maos como título dos decires de utilidade pública, nacional e patriótica –se non todo é un–, dicir o que tiña que dicir sen chegar ás mans, a poder ser. Un nacionalismo non agresivo, nunca covarde.

Pero xa non son pregóns soamente, aínda que están os temas e sen decaer da salmodia e do improprio, cáseque de psalmista, non, agora o poeta vaise espallando noutras formulacións e matices: o canto, a homenaxe, o recordo dos amigos compañeiros poetas dicindo os versos que pareceron irse pero que o rapsodo trae a lume para voltaren á vida que nunca perderan porque perdurarán para sempre dentro da Fala.

A cantos autores mozos non terá avalado o Novoneyra. A cantos os fixo poetas aprendéndolles a ollala –a poesía–, a tocala coas mans, a oíla; a cantos os puxo na ensoñación que cómpre nese oficio.

Avalounos a todos coa súa auctoritas, mesmo sen estar, se cadra, e cadrando, co que dicían, e propoñían aqueles mesmos rapaces ós que Uxío lle ensinou a ler, se non a escribir, poesía. Cantas horas, cantas tardes-noites non terá pasado en conversa con nós. Falabamos ao principio da xenerosidade pródiga de Novoneyra.

Conténtanos sacar do esquecemento estas prosas por veces ciscadas por aí, herba aquí e acolá, opera sparsa, dun creador que nos vai dando algunha dimensión sorprendente, como pouco, dunha obra cada vez máis proteica, madura e fundada. Bastantes destes textos aparecen expresamente subliñados.

Tivemos que aternos á cronoloxía, como mal menor, na ordenación dos textos. Nalgúns casos, iso non nos foi facedeiro: deixamos para o final aqueles escritos sen data, nese magmático revoluto que ten, ao seu modo, un aquel. A dobre barra sinala o cambio de páxina nos orixinais.

1

Pregón de Fole

(A Coruña, maio, 1978)

[Falta a páxina 1]

[...] O bon galego dos falantes non labregos, artesáns, obreiros e mariñe[i]ros é sin duda un inconfundible e indudable premio ó amor, ó fervor. Por eso, niste intre en que se pretende, en que se dice que se pretende, en que por algúns verdadeira se reclama a normalización da fala galega pra tódolos usos, non sólo os familiares ou cordiales, ten verdadeiro sinificado a concesión do Pedrón de Ouro a Ánxel Fole. Que

fala i escribe, nil esto é o mesmo, o galego popular, esa// fala que leva no seu son i a súa estrutura toda a nosa carga histórica, única bandeira viva da nosa nación, bandeira que se move abalada polo alento aínda dos nosos antepasados que nela teñen a súa única inmortalidade. Única cousa salvada de tanta derrota e secular frustración.

Ríndese homenaxe eiquí a un gran recuperador do noso idioma, tanto como a un grande e gracioso narrador. E nesta época en que tantos rapaces que non teñen o galego da infancia se dispoñen a recuperalo porque ventan que o noso futuro vai facerse en galego e ninguén quere//

quedar marxinado de cara á recuperación da dinidade i á responsabilidade nacional, ó saber que un home de ciudá conseguiu achegarse con tanta inxeleza e doada frescura á fala dos agros i os peiraos é sin duda un aval de segura posibilidade.



Na casa de Parada de Moreda (1974)

A todos ises rapaces e rapazas eu recoméndolles ler Á lus do candil, Terra brava e Contos da néboa, os tres libros de Fole, tan sabrosos no decir. E que como il se meteu no val de Quiroga e no Incio, iles se metan agro adiante pra falar cos depositarios verdadeiros da historia nacional, da verdade popular.//

Seguimos a recalcar a gran leución de Ánxel Fole que é o uso dun galego natural, non requintado i estreito, como o dos que nin siquera son puristas. Refírome ós deformadores da nosa fala. Na teima de falar o galego máis galego de tódolos galegos non sólo non se conforman con usar en excrusive as palabras diferenciábeles do castellano, senón que inventan palabras galegas sacadas do seu laboratorio privado pra cousas que xa teñen nome dado e labrado pola historia, que iles no mellor dos casos desconocen ou desprecian por rurales ou polo que seña, que sempre buscarán i atoparán sotiles razóns pra xustificalo.//

Ises son os pedantes, os serios pedantes facedores, refacedores, desface-dores do noso idioma, os do laboratorio da fala, cuio raro produto nos produce esa sensación de alergia idiomática que sentimos diante tantos libros galegos de hoxe. A cousa é tan marcada e “tan pavera”, como diría Fole, que un sinte máis íntimo o castellano que ese raro produto que nos queren facer pasar por “galego depurado”. Non nos idinaría que sólo o escribisen iles –os falsos puristas– se o tal vicio non fixera o estrago que está facendo o ser ademitido como válido//

no idioma usado pola mocidade. E que xa o fixo cando era moza nova a miña xeneración, pois tamén un cría que había maestros nesto da fala á parte do propio pobo, e por eso a confusión é fenomenal, arrastrando a conseguinte falta de credibilidade na seguranza e precisión do idioma niste intre crucial pra súa normalización i extensión a tódolos niveles. Engadindo máis dificultades ás que xa supón a diversidade comarcal. Porriba desta diversidade non cómpre ralvar nun afán de uniformización atropellada que máis que clarificar o que fai é empobrecer a naturalidá da fala, repito, da obra, foi outra das leucións de Ánxel Fole.//

Agora si pídolle a Ánxel Fole que me disculpe por usar iste intre do seu homenaxe en ve[z] de pra loubar e comentar demoradamente a súa obra, o cual tampouco sería misión axeitada pra min, por aproveitar a ocasión que ofrece iste auto en pro da reivindicación da nosa fala.

I é de sinalar eiquí a resistencia teimosa dos medios de comunicación de masas ó seu emprego, xa que non//

total ó menos progresivo. Non é esta unha resistencia achacábele a moitos dos profesionais que niles traballan –a algunhos si–, os responsables son as empresas que tales medios de difusión controlan e no seu caso o Estado. Facemos pois eiquí un solene chamamento ós periódicos diarios, ás emisoras de radio i á Televisión de Galicia pra que, pois que están asentados na nosa terra, comencen por usar o noso idioma dun xeito progresivo en toda a súa programación e non sólo en minoritarios programas.//

[Falta a páxina 6]

[...] na mesma universidade. E que no tempo que falla se apresten os medios pra que todo comence xa no curso que vén.

A nosa fala é a nosa bandeira.

O vínculo de unión pra unidade nas loitas pola libertá ia xusticia é a fala dos traballadores.

Si non esiximos iste dereito á normalización i extensión da fala irá degradándose inda máis á patente quebra moral en que está sumido o noso pobo. É xa hora de romper:

*“E xa hora de que señas
terra a patria dos teus
dos que gardaron a fala
en que mais se dixo adeus
e señas dona de ti
e señora de falar
señora de decidir
e dona de se negar”.*

2

Na homenaxe a Díaz Castro

(Ano 1979. Foi lido en presenza do poeta)

Lin a Díaz Castro no Courel, que é un bon sitio pra ler a calquer poeta, pra cuantía máis a el (a ti) a súa poesía de tempo longo depositado, apousado e que logo, ó vir de novo no poema, traí consigo o tempo inda máis longo da lingua que non é senón tempo de tódolos, que a falaren i a fixeron, e deixaron nel enteiros algún dos seus xestos, dos seus xeitos, ritmos e sons, que é todo o que deles quedou, todo o que de nós quedará. Hai veces que a lingua se acorda totalmente dos que a falaron.

Hai veces en que ise tempo-de-tempos-muitos que é a lingua intensifícase ata queimarnos ou ceibar un calambre. Da coincidencia do tempo propio i o tempo histórico nunca suficientemente alongado pra que non queime.

É curioso que un traductor afeito a trasvasar e axustar palabras dunha lingua a outra garde tal grado de disponibilidade, de pureza e inocencia pra que a palabra-vida-da-súa-infancia non perda o xeito nin o aroma orixinario sin ser palabra arqueoloxizada, nin palabra lida, palabra de outras palabras despois de pasar por toda a depuración e incidencia intelectual que lle supomos en Díaz Castro. Veño a dicir que en moitos e nos millores casos non é unha poesía de traductor nin de profesor e que inda está moi enteiro ó fondo o neno labrego “coas espigas porriba da cabeza”. Que conservara ilesa de literatura e pedagogía exterior a súa infancia nesta terra.

Agardamos que Díaz Castro, Xosé María, nos dé, sempre que el o precise dar, máis palabra viva, cargada de pasado propio e pasado remoto, pasado profundo, cargada de Galicia e ó mesmo tempo palabra nova e culta. Pra ben del e noso.

E pra ben noso sólo, agardamos tamén outra cousa.

Eu tiña pensado pedirlle a un editor e non sei, creo que xa llo insinuei, tanto a Sotelo Blanco como a Edicións Xerais e tamén á Consellería de Cultura, que lle encargaran a Díaz Castro unha serie longa de traducións da poesía europea ó galego, polo menos dos poetas diste século por il máis queridos, creo que llo debemos pedir hoxe entre tódolos que estamos eiquí.//

E namais, só recordar aquela noite fai xusto corenta* anos que nos coñecemos no Café Varela de Madrid e logo saímos falando pola glorieta de Santo Domingo e pola Gran Vía a media noite ca inmensa gabardina de Gamallo [Fierros], unha gabardina de cola, barrendo a acera daquil limpo Madrid dos anos 50. e Foi eilí que xa lle oín falar de Iglesia Alvariño con fervor.

E namais. Unha pequena disculpa.

Inda que non acostumbro a decir ós poetas mentras eles se podan decir, dendes de fai moitos anos en moitos recitais teño lido poemas seus, poemas teus, pensando que ti non andas tan visto nas tribunas poéticas de Galicia. E direi só ises poemas, ises tres ou catro poemas que sempre digo.

Galicia inda precisa dos poetas que sempre lle foron fieles, incluso en tempos cando todos calan, somos imparábeis, insilenciábeis da patria-lingua. Estamos eiquí contigo unha representación de todos como teño soñado moitas veces que puderades estar comigo todos no Courel.

3

Amor de Artur

(Lugo, 1982)

Non veño eiquí falar sobre da obra de Méndez Ferrín que hoxe se presenta en Lugo. Sobre dela faláron os que comigo eiquí se sentan: Carme, Basilio e Darío. Éso que tanto o título “Amor de Artur” como a estoria en si serían pra ceibar libre a palabra.

Tanto do “Rey Artur” como do “Amor” se dixeron xa verbas, palabras engaioladas polo amor, pola maior esperencia personal de cada home ou ben pola lenda.

* Son trinta

«AMOR” ARTUR”» entre a “A” i a “R” de ambos nomes cabe o tempo xusto dun suspiro fondo, no que parece irse todo o pasado na forza do acento...//

Un amor cravo de ferro e sono entre néboa e corte e distancia.

Non veño, digo, a falar de AMOR DE ARTUR, nin en xeneral da obra narrativa ou poética de Méndez Ferrín, veño simplemente a saludar o seu paso por Lugo como si alá no século XV viñera a cabalo hastra aquí pra saudar o paso do autor de AMADÍS DE GAULA.

E todo iste ceremonial non é caprichoso. Pois Méndez Ferrín é un mito, e como tal, cargado de ensoño inducido.

É o mito galego da xuventude nacionalista revolucionaria dos anos 70-80. É dicir, da xuventude, da mocidade actual. E chámolle mito eiquí a un xeito extremo da realidade.

Hai sempre xeitos e palabras que se nos antoxan desmedidas, desmandadas nas mocidades revolucionarias.//

Nelas está a Historia como negación e como sono.

E que millor postura diante da Historia, diante dunha Historia como a nosa, que negarse a acetar o pasado como inevitable no futuro? E que outra millor fiabilidade pras palabras que a dos que son capaces de sufrir prisión repetida? Prisión por amor do seu pobo.

Quen millor pode chamarse amigo da xente, como Roi Xordo, Ferrín amigo da xente?

Son poucos os que quedan d’aquiles mozos do 68, que soñaban un mundo tan xusto como ceibe. Na certeza de que Libertade e Xusticia xuntas son posibles.//

Son poucos os que quedan diles; daquelas incríbeles, boas, limpas, nobres, turbulentas mocidades. Unhos calaron, outros claudicaron. Unhos quedaron en que sólo a Xusticia. Outros en que sólo a Libertade. Outros en que a Patria primeiro.

Poucos como Méndez Ferrín seguiron fieles á total conxunción do ideal revolucionario, Libertade e Xusticia acentuadas polo desmedido corazón da Patria, nosa Terra.

Non é pois Méndez Ferrín un nacionalista selvático. Nós, os nacionalistas galegos, non somos nacionalistas, somos nacionalistas galegos.

E somos transixentes, mais non podemos deixar de ser galegos en puridade como muitos deixaron.

Repito, eu saludo o seu paso por Lugo i en seu honor fago solenidade decindo iste meu poema á libertá:

“Libertá, chamas dos ollos tristes...”

**Palabras na presentación de *DESFEITA* (Semirreportaxe),
de Camilo Gonsar**

Lugo, 13-IV-1983

Hai veces que o comprometerse en algo, anque seña sólo por amizade, resulta proveitoso. Sempre supón unha mobilización e unha confrontación con certo tipo de realidade. Tal foi o que me ocorreu a min ca presentación d'iste libro.//

Chegou un día Manolo Batán, o máis efectivo e increíble promocionador de venta de libros galegos, de a pé ou en utilitario, que anda ou anduvo nunca por este país, un amañador de actos de presentación com'este, e deixoume caír, como un labrego de Chantada deixa caír as palabras:

“Tiña que facer eiquí en Lugo a presentación dun libro. Un tal Camilo Gonsar que non conoce ninguén”.

Tampouco eu o conocía.

“Camilo Gonsar...”

Por algunhos datos máis que Manolo me deu fun descubrindo que Camilo Gonsar era nada menos que Camilo Suárez Llanos, vello amigo meu de Madrid dos anos 60.//

E xa sin máis díxenlle:

“Colaborarei na presentación”.

I é que nistes tempos en que tododiós cuida tanto das letras do seu nome, en facelas visibles, mestas, “tropezosas” pola prensa. En que cuidamos tanto a propia imaxen exteriorizada, a propia promoción e propaganda, resultan raros, cáseque emocionantes por íntimos, escritores como Camilo, que o único ruído que fan é o do seu propio silencio. Silencio penetrante que é a maior patencia da súa personalidade, silencio dos que apenas falan, falan pouco ou sólo ás veces e depende con quen. Mais que, donde queira que estén presentes, non se lles escapa nada que non esteña cifrado ou seña sólo entendible pra unhos tipos determinados e pra un ambiente concreto.//

É Camilo, digamos que o modelo puro do silencio elocuente, ise que nun diálogo tanto axuda ó outro ou ós outros interlocutores. Silencio que fala. Diríamos inda máis: silencio que non para de falar.

E un, quizaves máis pola súa vida que pola súa propia natureza, foi un facilitador da elocuencia do silencio, e prestoulle sempre a súa maior atención. Tanto ó puro silencio da terra, como ó silencio de certos seres, de certos homes. Do que un cría verdadeiro. Dos que un cría verdadeiros. E niste caso no[n] me defr[a]judou.

. . . .

Tuven o libro medio detido hastra antonte. Non son un gran lector de libros, a non ser//

... E
INDA
É
NOVA
A
TERRA

... E inda é nova a Terra!

libros de poemas de poetas que eu me escollo. Mais antonte, ante a inminencia da presentación púxenme a ler a novela de Camilo a marchas forzadas, pra poder escribir estas cuartillas con un mínimo coñecemento. Non digo un gran coñecemento, pois apenas entendo de técnicas narrativas que ás veces, eso si o percibo, se denuncian demasiado á hora de ler certos textos dese tipo.

Pero a pesar de ler iste libro a marchas forzadas, forzado polo compromiso que contraguera de presentalo eiquí diante vós, notei, deñein en que a cousa no[n] me resultaba gravosa, que o libro me pendía, me interesaba profundamente.//

E sólo nos interesa profundamente, en literatura como en todo, aquilo que está cargado de realidade, e inda máis dunha realidade na que nós estamos implicados, profundamente implicados diría, neste caso: ¡Totalmente implicados!. E que iba a ser sinón máis que a realidade de Galicia, da Galicia actual, da Galicia presente, ou todo o máis lonxe, da Galicia recente.

Galicia ten tal carga de pasado anónimo que sempre reviste unha certa remotidade. Hai unha longura de tempo, unha distancia.

A pesares de ser o noso pueblo, o noso pobo, a nosa terra, o noso país, sempre reviste unha como prestixiosa distancia.//

Galicia sempre é lonxe... Quizaves esto se deba a que a súa forma está inda cifrada. Porque o idioma, a cultura do noso pobo, non é o idioma, a cultura en que nos educaron formalmente, millor dito “oficialmente”.

Por eso a forma de Galicia non nos foi facilitada. E por eso, inda pra nós mesmos, galegos, reviste ise carácter de remotidade, de cousa oculta, de difizle penetración.

E por eso nos pasma como un home como Camilo Suárez Llanos: Camilo Gonsar, cunha vida cidadán e vilega, cunha educación universitaria, puido penetrar con tal seguridade nise misterio que é a realidade de Galicia, desta Galicia que temos perto, diante, que nós somos e que se nos esconde.// Porque nos deron unha educación que non coutaba ca unidade básica da súa medida.

Camilo, armado ca punta de atención total do seu silencio, de amor, de solidariedade, de simpatía polo popular verdadeiro –hai moito popular que non o é, e non sólo o que anda en siglas–, co seu respecto humán, inde das posturas que lle puideran resultar máis alongadas ou increíbeles en aparencia foi entrando no misterio co que se nos presenta a nosa conciencia histórica, a conciencia real do que nos pasou. Foi entrando na nosa conciencia colectiva, escondida, velada tras tantos silencios medosos, tras tantos medos,//

tras tantos silencios forzados, tras tanta inhibición do propio ser, tras tanta inhibición colectiva, estabrecida, cáseque diría que institucionalizada... Foi entrando en nós en definitiva e deunos unha imaxe do presente, ou digamos millor, do pasado recente. Unha imaxe bastante veraz. Ou millor dito, deunos as referencias necesarias pra que nós elaborem unha imaxe bastante veraz do noso pasado recente. Sin que o máis recente tape ou atúa todo o outro noso pasado ó fondo.

Todo o pasado que inda é autuante, e inda nos configura, e nos fai difizles, incluso pra nós mesmos.//

Camilo Gonsar en “Desfeita”, nesta narración que il chama “semirreportaxe”, ofrécenos sin aspaventos nin allaridos, sin crueza nin enmascaramento, o estado actual de descomposición do país.

O estado de desfeita da nosa terra, do noso pobo, ouservado concretamente nunha pequena vila, que pode ser calquer vila galega (o que alguén chamou “un burgo podrido”), calquer vila luguesa. E que realmente é unha vila luguesa concreta. Nona diremos, non diremos o seu nome, posto que o narrador non sólo calou iste, senón que inclusive trocou o seu propio nome personal. Inda sigue gravitando o medo sobre de nós, e inda con razón a xente cala cousas. Nada está suficiente-//

mente establecido, in[s]talado, que nos dea a seguridade de podelo decir todo.

Un ten a mesma idade de Camilo e polo tanto tuvo a mesma cronoloxía de pasado. Fomos nenos de 5 e seis anos no trinteseis, fomos rapaciños nos corenta e mozos no cincoenta e sesenta; e levamos unha lousa de silencio moitos anos, lousa que a min me fixo decir unha vez:

“De tanto calar xa falo eu solo”.

E sentimos, percibimos a lousa de medo e terror que outros maiores levaron inda con maior razón. E comprendemos por tanto –pratiquémolos ou non–: o silencio cómplice de Galicia, que inda está aí, ca súa tensión de medo recente, de medo remoto –pasado ou futuro–.//

Ise medo que configura a nosa atitude histórica, que xa a configuraba antes dos sucesos traumáticos deste século, antes do sucedido da guerra civil que máis ou menos de cerca ou na mesma propia carne afetaron a cáseque tódolos do noso tempo i os entón maiores ca nós. Hai un clima de medo amansado, de medo ó fondo, rondando o ambiente neste libro. Un medo co que un xa se acostumbrou (un) a vivir, e que xa, pra colmo, lle perdeu o medo.

E non sólo hai medo.

Hai unha concencia de desfeita –o título do libro é “Desfeita”, dun deterioro de todo, que se non nos abraia, polo menos nos subleva.//

É o herdo non sólo da guerra civil, é o herdo da ditadura, dos anos da fame, dos anos do desenrolo e logo da crise.

É a caída de Galicia.

A caída cultural –enténdase cultura popular– e material de Galicia. Incluso a perda da súa imaxen física reconocible, tras tanto “estafermo”. Deixárona cáseque irreconocible, cáseque irrecuperable.

Se se perdesen tódolos documentos históricos dos últimos 20 anos abonaría con iste aparentemente homilde libriño pra que pudera reco[n]struírse unha memoria interior i exterior dos mesmos.

A un pueblo ou pobo tan desmemoriado, tan intencionadamente desmemoriado, tan medosamente desmemoriado convéñenlle libros así pra que//

o vaian despertando pouco a pouco, sin acenos, berros ou aspaventos excesivos, simplemente cunha mirada verdadeira, non aneboada, que poña, anque sólo seña unhos anacos, de incuestionable verdade ó descuberto.

Desfeita.

Cáseque desfeita foi Galicia.

5

Escondida galeguidade

[Texto publicado en *La Voz de Galicia*,
“Cultura. Cuadernos de letras, artes
y pensamiento”, nº 131, 14 de abril de 1983].

O pintor Blas Lourés pertence xunto co desaparecido Grandío, lugués il tamén e non só de nacemento, á xeneración intermedia, entre os grandes maestros precursores (Maside, Colmeiro, Souto...) i os grupos coruñés e orensano que, con certas exceucións, xa cuestionan o conceuto **pintura galega**, Fenómeno contrario á progresiva radicalización nacionalista dos escritores galegos contemporáneos. Si ben é certo que algús cuestiónano sólo de palabra e non cando pintan.

Pintor da paisaxe i a paisanaxe, mais ó mesmo tempo pintor que afronta e resolve dun xeito avantado. En cada etapa algo novo. E cando consegue unha perfeución naquil camiño –inda que con un certo retardo temeroso que o leva a nunca rexeitar de pran o xa conseguido– pasa a outra nova exploración máis de conceución e técnica pictórica que temática.

Recorda, vai facer dez anos xa, aquela magna mostra que mandou a Madrid, na que tamén predominaban os temas e tipos labregos ou populares, se ben collidos sempre dendes dun **conocimento íntimo**, lonxe do cliché tópico dos pintores que siguen nises temas sin saírse do trivial. Inda no catálogo desta presente mostra na **Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia-Santiago, Saa, nº 1** (11 a 21 de abril), vén parte do texto que se presentaba aquela:

Hai un ritmo no andar no estar en todo o xeito.

Unha peculiar gravidade moral e física nos

/labregos.

E o prestixio íntimo tamén de tódolos artesáns e

/traballadores polo xusto pan

que marca na sua face indeleblemente a dinidade

/moral.

Ise fondo ritmo esa fonda marca son o xeito de Blas

/Lourés.

Cando no seu estudio Blas me mostraba istes óleos eu
/pensaba neso
i él iba decíndome: “Anque ás veces tamén pinte
/paisaxes
a min o que me gusta é a loita da xente”.
(Eiquí ún entende da xente sofrida
xa que apenas en toda a súa obra hai atención pra
/outra).
O pintor arreda deixando fora do seu universo
os forzadores
os manipuladores de homes de calquer índole.
Il quédase cos seus
sólo cos seus i as súas cousas
cos seus ferramentas cas súas reses
cas súas faenas, diversións e tratos homildes.
Homes do pan difizle o pan é a súa forma.
As xentes no pan sentadas á mesa teñen tamén formas de
/pan
forma rotunda de pan iles que son o pan do Mundo.
Liñas curvas das fouciñas
das costas combas na faena.
Un tecer e destecer de curvas no tapiz ininterrompido da
/labor diaria e secular.

Eran tempos en que a despoboación do agro galego tocaba fondo i a crise eiquí da vida labrega milenaria era máis que manifiesta.

Lourés sigue hoxe máis ou menos na mesma temática, con algún quiloutro cadro en aparencia desvencellado. A técnica nalgúns quizaves máis luída, máis soavizada. Nunhos un reto de precisión. Noutros unha inda maior sintetización ou un amoso de anovamento, mais sin perder o acento de sempre. O que se fai máis patente é o abandono do rosa como color dominante da época anterior por azules chovidos, grises ensarriados e fondos de tea vírxenes. Perviven os amarelos, os brancos, negros e grises acinsados i as incisións roxentas ou zonas de contraste. O rosa sólo sigue dominando nos cadros restos doutras mostras ou nalgúa estampa nova arcaizante. As figuras son ás veces dun rudo lirismo e salvada inocencia que un pintor menos verdadeiro cairía no naïf. Blas sempre ten esa naturalidade e fluencia vital, ise toque de verdade inconfundible que o redime de caer na pura anécdota ou na simplificación.

Torna pois agora a Compostela iste galego lugués – lugués que naquela exposición coleutiva de fai trinta anos tanto lle interesara a Carlos Maside. Il, o noso querido e inesquecible amigo e maestro, era tan sabio como rexo. I en Pintura non se equivocaba doadamente, inda que o conocera sólo por unha obra. Un cadro de

Lourés distínguese entre mil por unha marca definitiva: a galeguidade escondida trala galeguidade aparente.

6

O escultor Coia en Compostela

(marzo 85)

MANOEL COIA é sen dúbida un dos mais auténticos escultores galegos do s. XX. Pertence a ese tipo de artistas que chamamos raciais por sabelos portadores da memoria última, profunda do seu grupo, crase ou nación. Memoria que vai neles e que destrivializa o seu comportamento i a súa obra ó marcalos con ise xeito propio que no fondo é o sello do común.

Mariñeiro e labrego de Hío, cuio famoso cruceiro il mesmo restaurou, Coia é o único facedor de cruceiros vivos que queda en Galicia. Alg[u]én dixo tamén que é o último exponente do barroco inda vivo no noso país.

Eu maxínome algús dos nosos vellos camiños e vilas e cidades señeirados cun cruceiro de Coia –os que il chama cruceiros da vida– e lémbrome daquil verso de María Mariño, a noiesa do Courel:

“Entre o cruceiro vou indo e del no me sei volver.
somos terra de cruceiro,
somos coroa esquecida,
sómos bágoa d’outro peito...”

De tódolos peitos que foron en Galicia. Levamos incorporado o sentimento de tódolos antepasados. Todo o que pasou o meu pobo pasoume a min.

E pasemos a outra cousa, seguindo con Coia, “O Arqueiro do Hío”

...

Á él tocoulle vivir a primeira mocidade entre a xeneración da Guerra Civil i a do 68, estando en circulación un mesianismo e unha mística do social e do cambio radical, unha mística da revolución que non só correo eiquí senón polas mocidades de Europa e do Mundo, naquelas zonas en que máis ou menos restrinxidas, había posibilidades de movemento.

A tensión máisima, núa, muscular, dinámica da súa escultura resume un intre de berro e pulo cortado, un esvrencello vital puxante ou agónico afirmado e lexitimado: credibilizado por ise nervio, ise manoxo de nervios que é a figura mesma do escultor. (Nas artes plásticas ou espaciais sempre se nos antoxou sello de autencidade, que as figuras do cadro ou do grupo escultórico nos lembren algo a figura mesma do artista).

Esa estremosidade, ise esvrencello, esa impronta agónica, ise berro que non cede, non veñen dados como noutros casos por unha moda do berro, que foi

Pois
 xa
 estamos na
Lingua
 con todos rostros
 do noso pobo
 cada un co seu
 xeito.

Pois xa estamos na lingua con tódolos rostros do noso pobo cada un co seu xeito

corrente nises anos, senón por unha situación personal, nacional e de crase asumida a fondo e autív[s]ma na concencia que non deixa refuxeiro pra outros xogos do arte. É dicir que o berro, o guindastre i o revoltó esvrencello de Coia son auténticos.

Ise vivo clamoreo de formas, de volumes e valeiros tirantes. Ise noo do gardado, do acumulado-en-punta non deixa lugar a dúbidas.

Vivir en Compostela e non pasarse pola Saa de Exposicións da Caixa de Aforros de Galicia ante do día 15 ou o mesmo día 15 en que será clausurada a presente mostra de granitos, madeiras e bronces de Coia, é perderse unha posibilidade de ampliación e intensificación da concencia que non se ofrece a menudo. Dígoo pensando especialmente na mocidade universitaria.

7

Presentación de *O delirio do lume*, de Antón Costa

Santiago, 1985

Esta Compostela de ordeada pedra que parece feita, labrada e posta mais que para pechar interiores habitables (utilizables) para dispor, definir o espacio (o ameto) exterior de rúas e prazas e recunchos urbanos. Eiquí vénseme á mente aquela definición que ouvín fai 38 anos en labios de Carlos Maside: <<Compostela é unha cuestión de espacio>>. Esta pedra, que ás veces se achega. ¡Pedra achegada! Mais cáseque sempre, e hoxe máis, é pedra – lonxe, allea que xa non ampara o home. Hoxe apenas masa “sobada” polos ollos dos turistas, non pelengrinos e sin outro latido que os disparos dos dispositivos fotográficos ou o golpear da chuvia xorda, sempiterna, ou a ollada allea. Desconocida dos forasteiros ou da masa estudiantil universitaria que inda non ten face pra nós.

Nesta Compostela de estudiosos que estudian pra facer estudos e impartir estudos. Nesta Compostela, digo, con moitos actos culturais mais sin ambiente cultural, perdida na trivialidade, no xa sabido, en que cada cousa ten a súa ficha como único testimonio de existencia.

Desta Compostela que crín totalmente morta, amortecida, donde traspolando o ambiente o seu poeta maior García Bodaño dixo de Galicia: <<Eiquí é difícil ser poeta máis aló dos 28 anos>>.

Nesta Compostela, repito, que crín totalmente morta, fun atopando poetas rapaces e poetas mozos, poetas que non conocía, poetas de rúa e pensión irregular que me fixeron de novo reconecible a patria, volvendo a poñer defrente o seu rostro disperso, escazurrado, penosamente trivial. Poetas novos e fervorosos que

veñen co fume sagrado a desmentir unha creencia estendida, polo menos entre os que a ela se achegaron con sono excesivo: <<Compostela reduce>>.

I entre estes poetas rapaces ou mozos, servidores do sono difizle, dunha patria difizle. Poetas a contrapelo, a rúa aberta co interior ó vento pra unha conquista, outra vez, dendes do punto 0, entre istes poetas ós que bendigo ca mirada, atopei a Antonio Costa Gómez.

E todo iste longo preámbulo é simplemente pra decir que non podía negarme cando me pediu que lle presentase iste libro de contos. Eu pouco afeito a presentar libros e menos cando istes non son libros de versos, que son caseque de sempre a miña única lectura.

Así que non vos fiedes do que vos diga, é sólo a opinión dun simple lector non especializado que lei dun tirou ou g[u]inda co libro ou o apraza pra nunca.

Eu xa o conoecía algo (a Antón Costa) da cidade de Lugo, e denantes de conocele oira falar moito dil ós poetas lugueses dos 70-80. E tamén ese “sabio” lu-gués que tan ben soporta ise desmedido adxetivo, Celestino Fernández de la Vega. Il xa cría entón i esperaba moito do talento literario de Antón Costa.

Logo eiquí, en Compostela, falei coil varias veces. Il e Rivadulla Corcón facían unha inesquecible parexa de movilizadores, de animadores esforzados do al-borear poético entre estudantes e rapaces novos. Sabía da súa pasión por Rimbaud e Baudelaire e por todo o que arde e se consume canto mais rapidamente millor. Polo collido home en pulo fulgurante ou agónico nunha pasión romántica actuali-zada que prolonga o estertor do existencialismo, pasado polo beat, e que conserva o feitizo de tódalas chamadas anteriores, nun delirio místico, literario e vital. E un non sei qué de descarada soltura, de quen está afeito a andar sin proteccion algúa os camiños da vida.

Tamén se vive cos libros e moi intensamente. Cando nils o que se busca so é vivir, arder e sobre todo en tempos apranados como estes, escasos de pulo. Pra Costa calquer cousa que faga arder é boa. Non en vano lle puxo a esta serie de contos ou narraciós “O delirio do lume”. Arder e consumirse ou quedar en brasa agardando polo vento por outra racha pra volverse acesa. Un mester de soedá en agudo, atenuada pola practica dunha ceibeza vital, dun descaro positivo que pre-mita enfriar a cabeza e ver o mundo, anque solo por veces, tamén dende fóra.

Os persoaxes protagonistas dos seus contos queiman as súas áas nun lume (cume) teimoso, ó que ruben irados, apurando o destino, pra cair dun disparo ex-cesivo como solución final. Os personaxes falan, falan, éñchense, valéiranse fa-lando. Piromaniacos tamén da palabra chama, chameante que non se sabe cando é pira funeraria ou cacharela de amor. Entre mil sensaciós, atavismos e tiros da in-fancia.

Sempre entr'os personaxes está o autor e entre os tempos o fondo mais pasado-actuante. ¡A actualidade vista cos ollos abertos, ben abertos! Como de quen sabe de tódolos mitos mais tamén de toda a desmitificación habida.

Arder, arder, anque seña inútle e o único que nos queda. E o comportamento máis natural (e máis racional) diante o caos.

Pódense facer outras mil consideracións diante iste libriño. Mais o millor é lelo. E con il leredes as mil lecturas dun lector empedernido. Lecturas incorporadas como as miradas i as impresións máis frescas do mundo i os sucesos reais. E non veredes a tenica da composición anque a haxa. Pois arrastraravos un tempo veloz, así como se vive ás veces. E como se soña.

8

Siñificación das Letras Galegas

Compostela, abril 88

Como é de todos sabido o primeiro **Día das Letras Galegas** celebrouse o 17 de maio do 1963 en conmemoración do Centenario da Primeira Edición dos CANTARES GALLEGOS de Rosalía Castro, fito iste que pudera decirse marca o comezo da **Galicia moderna** ca volta ó uso da Lingua Galega na escrita literaria.

O cultivo da Literatura na lingua propia desperta a conciencia de identidade nacional, a reivindicación da nosa Lingua e Cultura i a voluntá de liberación nas minorías máis adiantadas e fervorosas.

As Letras Galegas teñen pois **unha siñificación liberadora**, xa que a sola palabra, “a lingua sin maos”, foi característica do nacionalismo galego que é un **nacionalismo defensivo**, pacífico, si o comparamos cos nacionalismos agresivos francés e castelán que son os que conflúin no centralismo borbónico do Estado Español.

O nacionalismo galego nace ou esperta na Literatura, na Poesía i a elas volve en tempos difíciles cando todos abandonan ou calan e se corta toda aución política. Por eso o **Día das Letras Galegas** ten un algo de **Día da Lingua**, de **Día da Patria**. É explicable confundir Patria e Lingua. **A Lingua é a Forma da Patria**. E por eso hai sempre unha reivindicación nacional detrás da reivindicación da lingua propia, que é a lingua propia de tódolos galegos incluso a dos que non a falan.

***Non hai ñorancia máis crasa que a de equivocarse de patria.
Non te trabuques de patria. Fala galego.
Fala galego anque sólo sea por elegancia.***

9

X Cabodano de Roberto de Andrade

Monforte, Santos 1988

Hai que ter cuidado co corazón. Ademais agora nin siquiera está de moda. Por eso para min resulta cáseque heroico vir a Monforte, a este Monforte de tantas mocedades, porque algunchos tivemos varias mocedades. A este Monforte de tantas noites e festas, de fai trinta anos –que pasaron e non pasaron– porque inda están coas mesmas luces acesas na memoria. E inda resulta máis heroico vir a este décimo cabodano de Roberto que non morreo porque se morre pouco a pouco mentras os amigos viven. Digo esto como unha experiencia do futuro anque seña do pasado...

E Roberto Andrade era unha festa pros amigos. Decían que o mesmo pasaba con García Lorca. A súa amizade era un auténtico regalo. Cando il chegaba ou aparecía acendíanse as luces.

Sólo seres cun fondo tan grande de soedade poden resultarnos tan íntimos que semella que sempre que aparecen nos ofrendan unha patria. E no intre xa todo nos é conocido –como cousa que conoces dindes de neno– e, xa nada no entorno é alleo, xa nada ten isa mirada fría que ás veces nos botan as cousas, inda as máis habituais e longamente convividas.

Si, os auténticos amigos son aqueles que sempre nos ofrecen unha patria e nos volven ó aire i'á luz da infancia, que é como nos miraba a esperanza e nos prometía todo o futuro feliz ou polo menos pleno e merecente de ser vivido.

Roberto, inda por se a súa simpatía e presenza fora pouco, ofrecíanos a dos seus amigos monfortinos, que sempre acababan sendo os amigos dun. I'eu que solo tiña a miña aldea i-as miñas cidades, rematei tendo a miña vila eiquí en Monforte de Lemos. E todo foi, ben o sei, por gracia súa e das mocedades que o rodeaban en cada intre, e un sentía como se o rodeasen a el, como se me rodeasen a min...

Pasando a outro plano, diremos que Roberto Andrade non precisaba de porse n'il, no plano literario. Il non precisaba cantar, non precisaba escribir pra denunciar a súa forte presenza humana. Mais nun intre da súa vida, atopándose en forte ponto como decían os trovadores medievais, atopándose fortemente suscitado, lanzado, apretado de amor e rondado da morte, escribiu apenas unhos cantos poemas que nos dicen d'abondo, en versos senlleiros que se nos abalanzan e nos punzan no máis fondo.

Inclusive podería decirse que Roberto se adiantou unha década, máis dunha década, á moderna poesía erótica ou amatoria, como algús lle chaman, galega.

Esta poesía de amor en que o sentimento foi substituído pola sensación; e, quen dixo máis fulminantemente a sensación fulminante do intre supremo do amor como il niste verso?:

*“No cerebro o sabro do sangue.
Como un golpe...”*

E non só do amor dixo, dixo da noite, das noites, dise paxaro calado da noite que tamén nos fulmina co silencio do seu canto futuro, calado ou omitido.

E dixo do viño que o conocía ben e dixo como sólo dicen os seus versos de:

Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites, que vamos abrir, pois sólo a palabra, a pura i exauta forma revelan a poesía. Xa que poesía é forma.

10

Palabras preliminares do recital de Uxío Novoneyra

(1988-89)

O Arte ou a Literatura ás veces non persiguen outro fin que o da pura expresión. Mais cando o persiguen de intento, xunto co da verdade, o fin máis alto que pode pretender calquer Arte ou Literatura é o da Liberación.

- A liberación do Poder.
- A liberación do pasado inútil.

(Ó pasado útil chamémoslle memoria profunda, fondo común, tradición ou herdo cultural).

O poder como groseira imposición, como foi cáseque sempre ou o poder simulado ou formalmente elexido, cando non é levado dunha pasión liberadora, é o exercicio da forza bruta máis ou menos enmascarada, disimulada tras da pretendida dinidade de certos valores ou de certas institucións.

É moi difícil de lexitimar o poder i o seu exercicio degrada. Non hai máis que ver como cambea en pouco tempo a face dos que o detentan alleos á pasión da Liberdade i a Xusticia.

E falando do pasado útil, hai o que eu lle chamo pasado profundo, que ten como forma máis patente a lingua propia. Con todo, o seu ritmo i acento oral, non a estreita normativizada (que non nos toquen a patria).

Toda esta urxente e inxente vaguedade: o pasado profundo, a lingua propia, o depósito vivo das xeracións pasadas, todo isto é sentido como sagrado inda por aqueles pros que a palabra sagrado perdeu vixencia.

Pra todo home que teña unha mínima conciencia, o pasado profundo é sagrado. Por eso o nacionalismo defensivo, cando se exalta pola presión do imperialismo alleo ou do estatismo centralista non menos alleo, ten un carácter inequivocamente relixioso. I é natural! Que cousa pode religarnos// que teña máis forza que o fondo común do pasado, de todo o pasado común? Por eso a nosa lingua propia é sentida como sagrada.

Decíalle eu fai pouco, escribía nun homenaxe a Díaz Castro, que anque a súa obra literaria, que anque os seus poemas se perdesen, “ti quedarás como todos quedaremos pois xa estamos na Lingua con tódolos rostros do noso pobo cada un co seu xeito que se animan e volven cando falamos como agora...”.

Por iste carácter fondamente relixioso que ten o nacionalismo defensivo, inda o máis adeísta, entendo que pensarades en min e me invitádeses a este auto de xuntanza pola liberación de Galicia. E tamén pola miña vella pasión pola liberación dos pobos, cuio pulo foi o pulo da nosa mocidade. Como decía Petöfi, o poeta nacional da Hungría, no pasado século, levado da suprema decisión do soño i a responsabilidade romántica da patria: “Non deixes que eu morra no leito. Quero morrer amastragado polos xinetes que agallopan cara diante para loitar por ti, Santa Liberdade do Mundo...”.

E despois destas preliminares palabras pasarei ó meu mester de decidor galego que sempre fago como un rito no que eu me poño todo. Direivos algús cantos de patria e liberdade do libro DO COUREL A COMPOSTELA que está agora mesmo a saír. E cuios poemas centrais e cimeiros foron escritos no pulo dos anos sesenta cando se sentía con máis forza a pasión liberadora, cando todo parecía posible e inminente.

11

Falándolles ós das Xornadas de Linguas minoritarias de Europa

Compostela, vrao 1989

Nunca a lingua Galega tivo maior e mais insuficiente promoción, pois nunca se viu máis amenazada. Como é de sobra sabido, agora tamén está amenazada eilí nas aldeas, onde secularmente estuvo a súa reserva inatacable. E se non se establece a galeguización das cidades, desgaleguizaranse as aldeas.

Só a voluntariedade de algunhas organizacións e de algunhos colectivos de insinantes i escritores e algunhas individualidades, sosteñen a defensa fronte a presión estatal de desgaleguización ou de galeguización aparente. Anque o Estado

considere oficiais ás linguas minoritarias inscritas no seu territorio, non as potencia de feito.

Os grandes partidos políticos de dimensión estatal non sinten o problema e só fan simulación verbal de atendelo e, ás veces, nin eso: senón todo o contrario. Algunhas persoas illadas de ises partidos non teñen aversión ás linguas minoritarias da minoría a que pertencen, mais ó saber que o aparato central do partido é contrario a promoción da mesma, elas absteñense dunha acción nise sentido, pra non ser marxinados.

Só os partidos nacionalistas se sinten responsabilizados, como de propio interés e teñen incidencia activa. Mais en Galicia dase o caso de que non teñen demasiado poder.

No mundo da literatura o uso da propia lingua é cáseque total. Sigue dándose unha grande fidelidade á lingua propia e unha gran actividade creativa. As xeneracións sucédense sin ruptura. Inda que as axudas i o recoñecimento non é grande pros que entregan a vida a Literatura, cáseque a unha Literatura como misión ó longo da vida. Hai, si, premios e axudas concretas que non fomentan a mellor literatura, senón unha literatura para cobrar puntualmente.

As axudas as Asociacións de escritores son escasas e concedidas a des- tempo e nunca seguras pra facer unha programación previa e desenrolar unha creación eficaz.



12

Intre-Brinde

Compostela
19 novembro 1989
Saa Circular do Auditorio de Galicia

Por tódolos que trouquestes a vosa presenza e palabra a Santiago como antes, catalás de Cataluña, Valencia, Mallorca e Menorca; vascos de Euzcadi e Navarra; asturianos das Asturias de Oviedo; portugueses de Braga i os de Lisboa; dos mares castelaos de Castela, que seriades os máis achegados, de non amenazarnos a todos a patria-lingua, e galegos de eiquí.

Gracias por este milagre, que nos puxo a todos nun mesmo tempo como estamos agora niste intre-brinde, como se volvera o antigo entusiasmo, como volven os pobos, agora que volven os pobos, cada un co xeito da súa memoria e da Terra súa.

Erguémosla copa ata sacala porriba do tempo, pois estamos soñando
agora que xuntos podemos facelo
con que cada pobo teña a súa vida, a súa terra i a súa lingua seguras
non amenazadas
nunha nova era de concordia que semella posible, que semella posible...

13

Presentación de *Memorial de brancura*, de Fernán Vello

(Finais dos anos 80, na librería Couceiro de Santiago)

Resulta evidente a novidade da poesía de Fernán Vello no panorama poético galego. Contrasta esta con ise non menos evidente aire de tristura que dá a concencia histórica: o que poderamos chamar “eterno elexíaco galego”, moi patente na poesía dos dous últimos séculos e que en certa forma xa estaba na poesía medieval.

Fernán Vello contrasta con esta tristura da concencia histórica convertida en materia poética e por veces en única materia poética, nunha como enfermidade extrema da concencia asoballadora da vitalidade i'os soños.

Ó desmarcarse dise estado extenso e intenso, dise estado compacto de tristura que vén da concencia histórica, cando esta actúa como fautor paralizante, Fernán Vello atopa esa nova luz que o distingue ás veces cunha esaxerada brancura en lucenzas dende a lúa tépeda da pel, na sensación a tódolos soles e soños tan certos que se emiten da mirada.

Iste desmarcarse, iste saírse do circo insistente e inevitable que nos pecha é o segredo, a novidade da súa poesía.

Non sabemos con qué medios Fernán Vello dissolve, ralva ou arreda o lastre da excesiva concencia histórica, cando esta xa máis que axudarnos nos leva á conclusión paralizadora de que non hai saída individual nin social.

Supomos que os medios serán os de sempre: atender antes que nada os soños i'as sensaciós vitales. Atender soio a beleza i'a gracia do mundo. Fixémosnos en que Fernán Vello utiliza a palabra beleza como ouxeto poético cando estaba desterrada xa por tódalas poéticas, como nun tempo fora desterrada a palabra “alma”.

Quizabes Fernán Vello albiscou aquel resplandor de “alma región luciente, prado de bienandanza”. I' o que fixo lampear e campear sobre tódalas amasadas angustias e tristezas acumuladas da frustración histórica social e nacional que no noso caso, coma no caso de todo pobo sometido, vén inda a escurecer máis o panorama interior noso establecido.

A iste escamotearse, escoarse á concencia histórica, concencia en cuxo exceso se chegou un a preguntar “por que un poema verdadeiro sempre é triste?”. A iste escaparse, escoarse, moitos poden chamarlle fuxida, alleamento ou o que queiran; o certo é que o home ten dereito á fuxida i’o alleamento cando está totalmente cercado. E cando a concencia histórica máis resulta un lastre que paraliza e que só nos deixa ver un camiño cegado ou os camiños cegados para sempre.

Entonces bon é romper e irse, fugarse cara á luz nova dise espacio non histórico da terra, non só do home senón que de tódolos seres e cousas, cara ás sensacións corporais, cara ó lume de Eros que nos abrasa, que nos abura pra facernos outros e cara todo soño ou ensoño que minimamente se sosteña e podamos seguilo. A fuxida de Fernán Vello non vai cara unha natureza exótica, distante no planeta como a dun Gauguin ou a formulada polo poeta distes versos:

*“Eu sei que hai paxaros bébedos entre a espuma descoñecida
i’os ceos...”*

Fernán Vello fuxe cara á luz que ervella nas augas e nos ollos, e tamén nas rías e nos ceos, nas chairas e montañas decíndonos que tamén ise é o mundo. E que non soio é o mundo, o foso, o couso sen saída que a concencia insistente da imposición da historia aceptou como definitivo. É que así como o mundo exterior é a suprema sensación do amor e non só a agonía do amor.

E nós debemos agradecerllo, agradecerlle a Fernán Vello que o seu paso pola mocidade nos descubra algo tan evidente como eso; “o divino tesouro” da mocidade que il é, da mocidade que nós somos ou fomos e das mocidades que virán cada unha co seu pulo novo pra romper tódalas ataduras que nos poña a historia.

Pois todos un día souperon, e nós sabemos que o chamado “real” non é inevitable e polo tanto non hai por que aceptalo. É que os soños son máis doados e máis posibles que o xa instituído polos intereses creados. Tódolos soños verdadeiros son posibles, cáseque tódolos soños son posibles.

Por eso a luz, recobada dos seus versos é lícita inda que a foras buscar á primeira idade do mundo ou á idade futura.

Algo terán de certos os mitos da liberdade e da felicidade do home cando volven unha i’otra vez na luz dos ollos, a luz que ervella nos ollos de tódalas xentes como patria da esperanza. Igoal que agora veu, volve o vrao e comungamos todos co corpo da amada, do amado no que se resume o mundo.

“Sin ti amada, non habería mundo”, nin o tempo sería *Memorial de brancura*.

Federico García Cabezón. *Queimados* 1985-90

Xaneiro 1991

TODA evidenciación é difícil, pois o *problema* aparece sempre rodeado polo resto de *normalidade* ou atenuado polo valume dominante do aceptado.

Na fotografía de Federico García cabezón a evidenciación e actualización, o seu xeito de mostrarnos, pasa pola agarda e lectura paciente do intre de luz para que aquilo resalte sobre da uniforme neutralización dos fondos, dos ceos. Unha escolla ou instintivo arredar o innecesario pra esconxurar o informe e que o primordial acade forma de por si, sin complicar demasiado aparentemente o proceso. Sin trucaxe. Cun gran respecto pola Naturaleza na súa integridade de cada intre. Un buscar o intre no que a Naturaleza di, pois xa a mesma *Naturaleza é Forma*.

En tempos de todomercado e de forte caída de todo-valor e de entrega doada ó poder de *toda índole*, hai que volver de novo a coñecer de cerca, volver á relación verdadeira, dudar de todo o non intimamente comprobado. Así é o busco, a busca, nesta fotografía. O fotógrafo *fai casa* no mesmo ámeto interrogado e comproba cada cousa, sabedor que estamos implicados tanto na Terra como na Humanidade. O que reduce o home é o mesmo que reduce o bosque, o souto. Unha crecente confusión sobre o límite do colectivo.

Parece como se estes castiñeiros QUEIMADOS do Courel amosasen a súa morte como beleza só pra que reparemos neles e no expolio feito á Naturaleza Terra, somentes comparable ó expolio na liberdade e na dinidade humana, no soño do posible certo, así como na memoria colectiva e na concencia activa. A Terra calmea nestas figuras, ás veces zoomórficas, como calmea o home. Como se tivera intención. Sin proporse, reclama solidariedade ou salvación cando unha cámara enfocada fai *a escoita debida*. Nós debémoslle atención, debémoslla por pura pertenza. Este é o fundamento, a xustificación de toda fraternidade, xa que esta non é un impulso, un pulo gratuíto ou arrogante. Non o é nin o foi nunca, senón algo sencillamente necesario.

Fotografía con ideoloxía. Mais tamén libre canto, beleza amada, terra escolleita.

Homenaxe a Manuel Cuña Novás

Pontevedra, 5 xullo 1991

Conocín a Manuel Cuña en Madrid na alta primavera do 1951, cando eu inda escribía en castelán i el chegaba do París dos existencialistas, que entónces

inda era a capital literaria e artística do mundo. A literatura, tinguida ou non pola ideoloxía, era un mester de revolución, no meu caso máis fincada no soño que na práctica. Era unha pasión pola liberación que nos guindaba, alomenos intimamente, fóra do circo e cerco do poder.

Naquel mesmo ano 1951, no alto vrao, falamos longamente en Pontevedra e logo non nos volveríamos ver en moitos anos.//

Ó ano seguinte eu xa comenzo a escribir en galego e el publica este libro, *Fabulario Novo*, e sabía del maiormente por Manuel María, e o seu poema “O Carro”, cantaba sempre, cando o meu carro de anguria se cargaba excesivamente e eu atopaba que a gravedá da Angustia era iso, precisamente iso:

a dór que non se vai, non, que non se vai, que non se vai.

Que non se vai, non, que non se vai. Cáseque este poema é o único que conoécín do poeta por moitos anos, e abondábame. Pois tamén eu permanecín por moito tempo ancorado no tempo de elexía.

E do [que] se pode decir que onte á tarde lin o “*Fabulario Novo*”, é un *Canto*: exceso interior e canta precisión verbal, canta alertada concencia e canta marcha da palabra hai nel.//

E como se Galicia de máis de medio século, está en línea co mundo da máis longa post-guerra amoiaba, e fainos coma fantasmas, polas cousas dun mundo abrasado polo exceso.

Gracias que a nosa mocidade que nos facía sentilo vivamente, nos permitía tamén soportalo e gracias que en certa maneira estabamos bébedos da nosa mesma grande mocidade, da nosa mesma forza e da intensidade propia da condición de poetas, que é unha sobrecarga non menos embelesante que a propia mocidade e ca propia situación. Por eso o teu canto é tan pleno e se alimenta da mesma// carencia da sociedade en que vivimos. Carencia de liberdade e de toda posibilidade que non fora a pura posibilidade interior que nos salvou e nos levou ó delirio. Que nos fixo ensandecer como ás veces se ensandece a forza do teu canto buscando a plenitude do agoiro e do veleiro, a forma inaprensible do noso tempo, que foi realmente excepcional, extremo.

Recordo a túa presenza no Courel e a túa volta á palabra movido pola imaxe daquel muíño parado con toda a vella Galicia dentro.

E recordo aquel viaxe que fixemos xuntos ó Ándalus pasando polo Toledo do Greco, con nubes do Greco, e pola Mancha cando comemos na venta de don Quixote.//

E logo aquela entrada en Granada co sol da tarde de Sanjoán.

E a Alhambra vista a raia da mano co primeiro raio, e logo a escoitar o concerto no Patio dos Arrayáns e a cea de media noite nos xardís, fóra.

E Córdoba, a Córdoba de noite, dos muros do río e dos porches e do arco, aquilo que viamos nós xa estaba grabado no soneto de Góngora trescentos anos antes.

E aquel desayuno no hostel con patio andaluz donde ibamos sentándonos a desaiunar unha muller que pasara 15 anos no Sahara, dúas rapacinas chicanas, a xoven francesa e ti i eu como se desaiunaramos xuntos tódolos días. E aquela mezquita donde toda podía caber a un tempo, toda a cidade, como todos nós cabemos na nosa lingua e quedaremos nela pra sempre.

16

Recital do Casino de Ourense

5 de santos 1991

AGORA que muito, cáseque todo, sucede con prisa valeira e unhos libros tapan outros sin que duren, perduren como antes.

Agora todo é só pra unha vegada –ou semella ser– e logo xa ninguén se acorda.

Agora é cando a min me gusta decir os nosos poetas históricos inda recentes. Moitos d’eles foran contemporáneos nosos, outros coñecidos e incluso amigos. Comenzamos polos que eran adolescentes ó comenar o século e cando os coñecín –como no caso de Pedrayo– tiñan xa na raia do medio século. A mesma idade que hoxe eu teño.

Gústame decilos, pasalos polo oído dos homes, amentalos, cruzalos pola mente ca súa mesma palabra e ás veces tamén polo corazón pros que só n’el reciben cando queren facelo diñamente ou porque así acostumbran a facelo sempre.

Non só dos poetas mortos, dos poetas históricos, senón de todo home máis ou menos intimamente coñecido, levamos, queirámolo ou non, a súa memoria, levamos a súa imaxen e ás veces, como no caso dos poetas, a súa imaxen fixada ca súa mesma palabra e senón a fixada comunmente na Lingua. É o vínculo de especie e terra común, e pobo común que inda nos une e fai familiares.

Porque xa se sabe, os mortos morren pouco a pouco porque quedan inda nos ollos e soñando na lingua. E no caso dos poetas ca súa mesma detida palabra na escrita gardadora. E máis aínda cando nos foron coñecidos de perto, ou cando o seu tempo foi en parte tamén o noso.

E máis dentro de esa irmandade de terra e pobo, de lingua común.

De aí o forte sinificado da patria, da Patria-Lingua, que nos une e na que eles prevalecen, pois non hai nada máis vivo, despois da presenza que a propia palabra na lingua propia, única que une tódolos pasados: os dos inda próximos i os dos antepasados.

Son pasados próximos, tan próximos que ate semellan pasado noso individual-concreto, os dos poetas galegos históricos do noso século. E non hai homenaxe pra eles nin pra nosa mesma memoria com-a lelos ou decilos. O que non

é máis que unha forma de fortalecernos coa-súa, que xa é nosa, palabra, que nos recorda que algo queda que algo hai inmortal, ou longo, no que un prevalece. Así pasa ca lingua propia que por eso mesmo vale algo máis pra comunicarnos, i-é que lle outorga precisamente ise carácter de sagrado vivo, non de sagrado valeiro.

Escoitemos pois en memoria súa e tamén do noso pasado, en memoria de todos nós, a palabra dos poetas galegos históricos d'iste século. Prestémoslles o son dos nosos labios.

Non son palabras nin tempo alleo. Son a nosa mesma memoria. Cuáseque a nosa mesma palabra ó seren nosa mesma lingua. Non podería distinguilos de decir un texto meu. Porque os que foron son inda connosco: os que foron, somos.

E pre comenzar esta real comunión nada mellor que o texto de aquel grande –porque era grande en todo– querido orensano que moitos de vós tamén coñecistes.

Don Ramón Otero Pedrayo, a quen saludarei con un verso meu de aquel libro de Homenaxe que se lle fixo en Caracas no 1955:

*Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba amigo
que teil'a abundanza do teu nome comrido.
Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba maestro
que eres abundante como o teu nome cheo.*

Comenzaremos polo seu poema Ao lonxe:...

...

(Sentimos non ter á mao o poema O centeo)

*[Froumas e máis o chan enxoiito
pró fino pisar do serán;
co ulido do centeo moito
e un vento nos agros de pan].**

E comencemos co fino médico lugués Luís Pimentel, amigo de tantas horas de café, de tantas tardes e noites no “Méndez Núñez” en toda a década dos 50.

Ninguén coma el colleo a luz das rúas e prazas, dos torsos e brazos das rapazas e de todo o que pasaba sula súa ventana-galería leste ó fondo da “Praza Mayor”:

* Cuarteta eneasílaba, sen título, en *Bocarribeira*. Brais Pinto. Madrid, 1958, p. 19. A non ser que se trate do poema “Pan galego”: “O Xenio do Centeo, adusto, grave, ...”, de 102 versos que pode atoparse en Ramón Otero Pedrayo, *Poesía*. Edición, introdución e notas de Xesús Alonso Montero, Vigo: Editorial Galaxia, 2010, pp. 238-41.

...

Anque médico de guardia, ademais desa luz, viu tamén entrar nas mañás do hospital a alba cos seus pés lívidos.

Logo os outros dous poetas prematuramente desaparecidos: Manuel Antonio e Amado Carballo, primeiros da nosa avangarda.

Manuel Antonio, un dos poetas de máis castigada, enfriada palabra volcánica intransixente co lastre trivial do pasado. Tallador e burilador dunha cáseque única frase lírica intelectual. Un dos poetas máis puros e desnudos da Europa do seu tempo.

Vexámolo despíndose de todo o sobranse.

E o pontevedrés Amado Carballo ca súa imaxen máis doada, mais tamén innovadora, que a moitos engaiolou e lles deu a maneira dos seus ollos:

- *O chílo alongado...*

- *No queipo...*

Coñecín pouco a F. Bouza Brey, que tamén acudía con Maside, Piñeiro, Otero Pedrayo, naquel “Café Español” de Compostela, fai tempo desaparecido, ó que chegamos Manuel María e mais eu vestidos de soldados no 1952.

Por entónces lin por primeira vez *Nao senlleira*

...

Álvaro Cunqueiro, que este ano está de atención especial. De atención oficial. Pero il resiste todo, incluso a pesadez dos múltiples homenaxes forzados, organizados co fervor dos despachos oficiais e das cátedras.

Pero Cunqueiro-poeta ten, sigue tendo contra todo eso, o ensoño da mocidade e do amor e a previsión da morte, a resurrección na herba nos seus últimos poemas, cando sincera e desnudamente a encara.

...

Non coñecín personalmente a García Lorca, pois tiña eu só 6 anos no 1936 cando foi afusilado polas escuadras do amanecer, qué amanecer! Pero quen non tratou a Lorca de cerca léndoo e non sentiu a súa luz intensísima con toda gracia, pulo e sabor da vida sin que se esconda o rondar premonitorio da morte, a luz inda con chuvia i-en Santiago:

- Madrigal

...

- Danza da lúa na Quintana

...

Homenaxe a Cunqueiro da AELG

[Non pronunciado, omitido] (?)

Compostela. Nadal 1991

Ademais de polo seu idioma literario, polo seu idioma poético, pola súa aportación niste sentido á Lingua, que é o que ó longo realmente conta, interésanos Cunqueiro por como claudicou, por como dimitiu e por como recuperou a súa liberdade.

Outro que no mesmo trance, en situación excepcional, apurada, cando hai que elixir con risco, alguén tamén dimitiu na guerra civil mentras moitos morrían polas ideas de recuperación nacional por el formuladas, argumentou que en tal caso excepcional de peligro o home tamén//
ten dereito ó medo.

E nós pensamos, e todo home podería facer esta mesma reflexión: si algún da longa cadea dos meus antepasados non houbera exercido moitas veces o dereito ó medo, eu non houbera nacido. Nengún home quezais houbera nacido.

O medo é salvador. E sólo cando inda é máis peligroso desatendelo, debe ser desoído.

É de todos, ou é de moitos sabido que aquel mozo poeta namorado, de Mondoñedo, que a guerra civil pillou en Ortigueira, atendeu á orden salvadora do medo e sumouse ós momentáneos e longos vencedores cuías ideas contradecían de seguro grandemente o seu código anterior, de liberdade e dinidade pra el e pro seu pobo, pois non//

en vano a súa palabra entón xa tiña asumido o acento novo da avangarda, o que supón unha radical reflexión e toma de posición.

Mais os individuos máis conscentes e creadores dun grupo ou dun pobo son os primeiros –logo da caída– os que nun estado de xa recuperada normalidade e mínima seguridade que son capaces de recuperar a liberdade e rexirse polo estado de conciencia.

Esa gran capacidade pra volver erguerse. Ese don de recuperación da liberdade é o que eu estimo, vexo e chamo: A valentía propia do creador.//

Il caí coma todos e sométese coma todos diante un evidente peligro, mai[s] en canto mesmo pode, incorpórase e libérase quizaves pra caír novamente. Mais ér-guese.

Esa teima de liberación é a que eu vexo como motor íntimo de toda actividade creadora, entre a que está a actividade literaria vivida como irremediable.

Fai pouco volvía facerme a pregunta ¿Por que inda o agardamos todo da palabra?

Porque a palabra libre, emanada, é o cauce de esa pasión liberadora.

Porque é unha pasión liberadora o pulo interior que nos leva á literatura, ó arte, ou á mesma actividade política ou social disenteresada.//

ihardunaldia
ENCONTROS GALEUSCA
encontros encontros



*tódolos pobos valen
os pobos*

Debuxo de Ramundo Parillo

*Passageo martirizado
B. Pedro A. (C. 1911)*

**Identidade Nacional e Avangarda
O Escritor e o Poder**

60s

ENCONTROS GALEUSCA

de Escritores Catalás, Vascos e Galegos
18 e 19 de Novembro / COMPOSTELA 89
Saa Circular do Auditorio de Galicia
10,30 a 13,30 / 16 a 18 horas.

PTERUSA - 1989

Organiza: AELG
Asociación de Escritores en Lingua Galega

Colabouran:
Concello de Santiago e Subdirección Xeral do Libro



Non son disenteresados os que inda estando en condición de liberarse non se liberan, os que quedan permanentemente sometidos a prebenda, permanentemente encadeados, sin saírse nunca do favor oficial ou da secta a cuio amparo se acolleron.

Volvemos estar caíndo nun mundo de sectas. No que ninguén a quere ou ten medo de recuperar a liberdade de elixir en cada intre, sin por eso romper a cohesión debida ó orden do grupo ou ó estatus nacional.

A patria é algo que somos e non depende da propia liberdade, como non dependen os recordos. Témoslos. Non escollemos os que queremos.//

Álvaro Cunqueiro un día, forzado ou non, volveu a Galicia. Retomou a súa terra e a súa Lingua e fixo a súa obra, que por verdadeira súa xa é nosa, de todos.

Nos escritores verdadeiros e en todo ser creador todo amosarse é darse.

Así, na raia do medio século volve de Madrid a Galicia. E algo novo pasou. Xunto a outros fixo que a nosa Lingua fose asumindo cada intre novo do noso pobo sobre da base viva do pasado que a lingua é.

Cunqueiro non rompeu –sólo interrompíra– os lazos co que il fora antes da guerra civil, nin os rompeu logo cos anos de dimisión e boa proba delo é que//

nunca tocou certos temas nin no intre de maior esperanza da revolución mundial que nos fixo a varias xeneracións ser todos mozos a un tempo. Sempre foi fiel asumidor de toda memoria. E levou a sombra da caída como un silencio do inconfesable, pero sostuvo a Lingua como forma perdurable do pasado común, sostendo a eternidade de Galicia e a posibilidade da libértá pra ser como somos.

O home galego foi retirándose de eilí, de donde era amenazado e xa nin sabe donde está: non temos máis que a palabra. Algunhos inda seguimos na palabra e na Lingua, na que un día pode ser escoitada a chamada profunda e ser atendida.

Esta é a seguranza da lingua, a seguranza da memoria asistíndonos viva, tempo perdurable no tempo, única eternidade e única forma convocadora. Cando un día pérdase incluso o noso nome todos chamarémonos Galicia.

Recital de Lalín

13 maio 1992

Eiquí vimos celebrar unha vez máis a xeira das “Letras Galegas”.

Por que se celebran “As Letras Galegas”?...

O ano que vén cómprense trinta anos de esta celebración. Pois van xa trinta anos dende que se celebrou o primeiro centenario da publicación dos Cantares Gallegos de Rosalía, o 17 de maio 1963, como todos sabedes.

Celébranse as Letras Galegas pola preeminencia que os escritores en lingua galega tiveron no descubrimento, remarcamento e definición da identidade galega, poderíamos dicir personificada na lingua.//

Na definición da identidade e na formación da conciencia de Galicia e do concepto Galicia nación. Concepto que xa estaba no Padre Sarmiento, que se decía “galego de nación”, pero que logo foi afondado pra remarcar o de reivindicación nacional. I o de liberación nacional progresiva, pois denantes había que liberar as mentes, das que estes conceptos de conciencia propia, de conciencia nacional foran borrados. Até o límite que inda hoxe o pobo galego non sente con urxencia o seu problema nacional. Aínda hoxe, cando cáseque tódolos pobos de Europa e do vasto Imperio ruso o están sentindo agudamente como todos sabedes, como calquera básica ou medianamente informado o sabe.//

Poíl-os pobos, tódolos pobos clamean pola súa liberación e contra da súa absorción.

Non é por prurito nacionalista, é por unha básica conciencia de diferenza, por unha básica conciencia de comunidade e por un código histórico tan profundo como é a lingua propia. Inda que tamén hai pobos que perderon a súa lingua e que manteñen a súa conciencia nacional.

Asistimos como digo a unha patentización, a unha evidenciación mundial dos pobos e do sentimento nacional que inda que esté adormecido por séculos, acaba sempre resucitando.//

E sólo o pobo galego, que curiosamente mantivo viva a súa lingua, non fai patente masivamente iste sentimento que é universal e que hoxe está reclamando unha formulación política pra cada etnia e inda formas máis o menos declaradas de autonomía, autogoberno ou plena independencia. Pois ninguén quere ver a decisión sobre os asuntos propios en maos de outro, que incluso pode ser o seu máis perto enemigo, o que o amenaza co total sometimento ou absorción.

Foron os poetas, os escritores, os homes de letras, fieles á lingua propia do país os que utilizándoa novamente na escrita a reivindicaron e reivindicaron a nacionalidade ios dereitos da nacionalidade.

Tódolos galegos somos responsables de Galicia, como tódolos homes somos responsables da humanidade e da terra.

Homenaxe a Manuel Lueiro

Vigo, maio 1993

Non tratei –quizaves por distancia xeográfica–, non tratei a Lueiro longamente, mais si o suficiente pra notar nel esa irmandade no soño do Futuro, un soño máis ou menos vago e un nivel próximo de concencia e sobre todo unha intuición, cáseque unha sensación por ser unha intuición colectiva. Unha sensación de inminencia dun cámbio profundo, o que se dice un cámbio revolucionario. En fin, aquilo que nun tempo nos uniu a tantos tan diversos.//

Aquela sensación de inminencia dun futuro, dun horizonte outro, como patria dun soño posible que foi o que caracterizou as varias xeneracións resistentes da post-guerra.

Caracterizámonos por eso, por unha forte sintonía na emoción pola inminencia do cámbio máis que por un análise, por unha proximidade no análise da realidade, na anuencia a un programa futuro.

E foi unha sensación tan forte, un tan contino ventar i estar atento a esa inminencia, que se nos pasaron as sete mocidades e mesmo se nos pasou a madureza, coma se fora mocidade, e sólo nos descubrimos canos cando, producido o traspaso de poder, na chamada “democracia”//

nos atopamos con que o novo orden non recollía nin recordaba aquilo soño profundo que pouco a pouco iba quedándose en frustración e desencanto e volvía agora lexitimado polas urnas, o xa coñecido descaro do poder, un clima como aquel do que se queixaba o poeta, o máis grande dos poetas dramáticos, trágicos.

¿Quen soportaría a ironía do século
o poder dos tiráns
o amor esquecido
o desprecio dos despreciábeis?

En fin, a frustración dun soño ampra e longamente vivido.

Iste sono é o que homenaxeamos hoxe na memoria de Lueiro Rei, certos de que un día será realidade, pois tódolos soños certos, tódolos soños posibles, volven xeneración tras xeneración//

até cumprirse. Como todo soño universal e intemporal, o soño da xusticia e da diñidade humana e inda o soño da igualdade posible.

Barrantes (Tomiño)

5 de maio 1994

Fai xa dous anos que non me xuntaba pra falar cos rapaces dun colexio, e fai dez que comencei a facelo. Foi no colexio de Lavacolla perto do aeroporto de Santiago de Compostela e poucas veces un encontro organizado resultou tan aberto, tan confiado, porque basicamente estabamos entre nós, eramos todos nenos, rapaces do campo abertos a todo o que temos diante, porque eso que temos diante é nada menos que a Terra. A Terra eterna fremosa. Tan vella e nova sempre.

Eu escribín aló polos anos 60 un poema que decía

“... E inda é nova a Terra!”

A pesar de tantos milenios, de miles de milenios “ aínda é nova a Terra”, e nós, que vivimos nela aínda somos partícipes de esa mocidade na que se basa toda esperanza, pois é a fonte da vida.

Esta certeza solo se consegue se é un quen mira directamente, se é un mesmo quen se asegura do que teñe didiante.

Nada mellor que abrirse para aprender. Por eso os nenos, os rapaces son os que millor aprenden porque teñen menos ideas preconcebidas e porque confían máis por sentírense aínda amparados.

Tamén se dice que os poetas son algo como nenos e que por eso están aínda abertos, cando outros xa se pecharon pra concentrarse na loita pola vida.

Paga a pena estar abertos sempre, e máis cando se convive coa terra coma nas zonas rurais. Nada hai máis fermoso que a Terra na súa cósmica biolóxica espontaneidade nin nada hai máis vario.

Non soñedes con lonxes cidades nin pensedes que vades ver máis mundo que no noso val. Non pensedes que nada, que podades imaxinar, pode ser máis rico ou sorprendente que o que ocorre na realidade. E por eso é comenente conocer o millor posible o noso entorno. Eso que tamén se abre a nós como teimando tamén coñecemos.

Solo o amor penetra e descubre. E nada máis doado que o ámeto, o ámbito da nosa infancia pra aprender a medir o mundo, a coñecer o mundo.

A máis grande aventura esta aí perto, diante mesmo de nós. O caso é descubrir o que temos diante. Hai que amalo e desealo intensamente. Hai que soñalo, pois que inda sendo próximo e distante, unha gran distancia nos separa de todo, que solo se salva con amor, co coñecemento do amor. O sentir é unha forma das máis fiables de coñecer. Coñecer a nosa aldea, a nosa rúa, o noso val, a nosa terra, a nosa Lingua. Ás veces o que está aí perto de nós é máis fascinante, máis interesante que as historias da televisión, non que todas, pois tamén a televisión nos dá, ou pode dar, historias verdadeiras e non historias pra vender, historias pra cubrir tempo.

Certamente é moito o que se perde cando nos desdeixamos do noso propio mundo e máis cando inda este non está totalmente adulterado ou destruído e inda hai que defendelo.

Dícese que no futuro a realidade que levará consigo o home como certa, non será a do mundo real senón a da T.V. i-a dos medios de difusión. Para entón o home terá perdido totalmente a súa liberdade i-a súa identidade e farán del o que queiran. Pero vós inda tedes a oución de ser homes plenos que residen verdadeiramente na Terra.

21

Letras Galegas

(Invitación á leutura)

Triacastela, 1994

Crucei Galicia de lado a lado, facendo o Camiño de Santiago ó revés. Da bocarribeira do Sar á do Oribio. Don Ramón Otero Pedrayo chamaba bocarribeira a terras coma esta da vila de Triacastela, que embocan o val e fan río, tralas voltas e voltas caíndo dendes do poio io porto do Cebreiro. Un porto temido non pola altura que hai portos máis altos, mais si pola longura de máis de dúas linguas. Teño oído moitas lendas de homes, de camiñantes atamentados pola neve polvorriña. Fixádevos que acabo de decir unha palabra de estas serras que quizaves nunca foi escrita, atamentados que perden o alento.

Sempre me producían calafrío aqueles contos dos camiñantes que cruzaban a serra ós que o vento atamentaba hastra acatualalos. Ando a falarvos de palabras galegas e de xeitos de decir, dos xiros de terras arredadas, aínda non ten asumidos pola lingua//

común o que agora chaman galego estándar os que andan a tervellar ca nosa Lingua como se fora Lingua pra eles xogar ou estruturar como se non fora a Lingua do pobo que a fixo e gardou.

Dentro de pouco, según antes se pelegrinaba a Compostela a pola estrela dunha vaga salvación e redención dos pecados, pelegrinarase pola Lingua á busca da nosa Fala. Os estudantes dos Institutos e das Universidades ios profesores mesmos, virán ó rural, ás aldeas que queden a recuperar o son i a sintaxe verdadeiros da nosa Lingua. E igual tamén se fixan nelas, preferentes, preferidas para andar a Galicia sólo pola Lingua. Pra entonces as xentes do campo quizaves xa teñan perdido o complexo de que nona falan ben como teñen hoxe. Eles que son os únicos que a falan sin dudar e sin escoller as palabras.//

Que raro complexo levou ós verdadeiros portadores, os ostentadores do orden profundo da Lingua a crer que eles nona saben.

Eu comprendo o problema de moitos profesores diante nenos labregos, verdadeiros poseedores xa do código lingüístico, sobre todo cando ises profesores non señan faladores galegos da infancia. ¿Como se establece eiquí a mítica e suposta superioridade de conocimiento do profesor diante do alumno? O profesor debe de asumir a súa desvantaxa diante do falador real e sin que se lle note demasiado deprender dil. E non se debe recurrir como se recorre en moitos casos a desbotar a fala, a chamada fala dialectal, pra impor o chamado galego normativizado e así perpetuar ise increíble complexo de que nono falan ben os únicos que realmente falan o galego.//

Viñen pois pelegrinando pola Lingua de Compostela a Triacastela, inaugurando unha modalidade de pelegrinación que se practicará no Futuro pra que a nosa Lingua se manteña no seu son e siga sendo a nosa, a Lingua máis bonita do mundo cando se fala dendes de dentro.

E agora será algún de vós o que conte o conto que máis vos teña gustado da vosa aldea. E logo eu contestareivos ás preguntas que queirades sobre da miña poesía, se é que algún a ten lido.

En de l'outro lado do Iribio hai outra serra, outra devesa e outro río, o río Lor e Lóuzara. Tamén é unha terra de labradores i emigrantes, exactamente igual que esta, por eso estou seguro que calquer cousa que nos contemos a vamos entender totalmente, pois os labradores profundos somos unha cultura aparte que inda ten as medidas xustas coas que se mediu o vello mundo e coas que se fixo a nosa Lingua.

22

Congreso de Luís Seoane

Auditorio de Galicia. Santiago, 29 de setembro 1994

(Recital con Ferrín, Manuel María, Luz Pozo, G. Bodaño, ...)

Conocín a Luís Seoane naquel Madrid dos primeiros 60 co movemento obreiro i estudiantil xa desencadeado. Non recordo en que sitio foi. Si recordo que estaban presentes Reimundo Patiño i Herminio Barreiro (quizaves foron iles que me presentaron ou me levaron pra conocelo). Debeu ser polos días da súa gran exposición no Museo de Arte Contemporáneo (1964), cando inda estaba nos baixos da Biblioteca Nacional, na que eu lera de rapaz estudante ós poetas de vangarda, ós das antigas civilizacións e ós dos pobos primitivos.

Dez anos despois de aquil primeiro encontro, atopámonos novamente na Calle Real, ibamos coas nosas compañeiras. Luís e Maruxa invitáronos a aquel luminoso piso dende o que se veí toda a Coruña, a cidade i o mar. Mostrounos novas obras e agasallounos con algunhas de elas e a min fíxome un apunte pra serie FI-GURACIÓNS que por aqueles mediados 70 publicaba a “Voz de Galicia” na última páxina. E quizaves xa non nos vimos máis. Inda que//

ó ter moitas veces diante a súa obra dáme a sensación de estalo vendo a miúdo e de telo tratado intensamente.

Dígovos esto como proba de recordo vivo, directo, cando xa sólo cabe recordalo, cando xa só dende nós todos é posible a súa pervivencia, como se nós seguirmos vivindo para que eles i elas duren, ó nós seguir gurindo, facendo durar a súa presenza...

O que máis me chegou da obra de Seoane foi a súa primeira impronta: a color nacente e a línea clara coma se nos falase sempre dendes de non sei que primavera ou esperanza e nos infundise sin declarala non sei que certeza, non sei que forza positiva que nos asegura na Terra e nos confirma no soño.//

Quizaves esta forza lle viñese da extremosidade de desamparo que lle hai que suporlle a todo exilado e a todo emigrado, e que no seu caso traí todo o recordo trasfigurado das albas e das figuras da súa-nosa Terra, velada na ausencia. Quizaves lle viñese a color nova, a línea doada, dun impulso xoven cara a patria perdida, un pulo movido pola urxencia ía extremosidade do desamparo.

O certo é que algo hai, algo había nel de optimismo elaborado e de donación de forza. Quizaves esa mesma seguranza na acción que avala o traballo. Quizaves aquela mitificación galega do traballo como única cousa outorgadora de divindade e que era a fortaleza moral do noso pobo, un pobo tan desengañado, até que recentemente tuvo que arranxarse co desemprego, i a súa forzosa simulación.//

Seoane traguíanos non unha oscura senón unha clara noticia, unha clara nova, que nos afirmaba o futuro e que nos axudou naquel intre de gran expectativa e plenitude de posibilidade que foi o soño revolucionario da 3ª e 4ª partes do século, aquilo co que soportamo-la carencia durante varias décadas, as varias moiedades e mai-la madurez da idade, entre as naturais e conseguintes caídas coma as de tódolos propensos, gardadores i elaboradores da difícil esperanza. Tanta que puido decir como lle dixo a Ith aquel visionario, fillo de Breogán, que tan claramente vía a Irlanda dendes da Torre de Hércules cando ninguén mai-la vía:

*“Ei Señor do futuro,
estamos agardando o intre
dunha certeza igual que a túa
jouh Torre que mira en si rubida!
Esin gardarnos [mover a fronteira]”//*

Logo que Luís Seoane traspuxo a lomba do tempo clara, escribín unha elegía que me caí do peto polas rúas de Lugo e que teimeí recordar, conseguire de recuperar algú anacos soltos:

“Teimo en nembrar a elegía perdida!”

(Outro poema que lerei será o “Galicia teima vida” de 1971. Pra rematar, o poema “Viaxe” de 1991:) ...

Presentación de A PALABRA SOTERRADA (Apuntes do Deserto), de Miguel Sande

Compostela, 20 outubro 1994

Miguel Sande, que vive dendes de fai anos alá en Viveiro, no norte, donde entran agallope no mar as serras centrais, escribiu istes breves apuntes-poemas durante un viaxe ós desertos e ruínas de Túnez e Arxelia.

É curioso e denotativo como o poeta se absteñ de pronunciar// a palabra “ruínas” pra poder seguir movendo, removendo o seu misterio ó longo do canto, pois un solo canto silencioso é todo o libro. Pura invocación interior que sendo intensa non pasará nunca a voz alta por respecto as palabras soterradas dos anfiteatros e das casas roubadas polo Deserto coas que se fai o silencio expectador das ruínas, onde a memoria ouxetiva é tan forte que apenas precisa que a elaboremos, ó darnos tódolos elementos, apenas nos exige coma calquer presenza o puro tempo do intre. Así move ó poeta, inda que non directa, tan doadamente á palabra cando que ás veces esta se nega ó longamento vivido.//

O poeta, como en secreto, pois está desnudo, ponse diante do novo e coñecelo en algo, porque o coñecen as palabras, coñéceo a palabra que sae dos ollos como a primeira ave cara o palmeiral. Non son as palabras, é a palabra que aprende... Non a inercia das palabras senón a secreta palabra que se un di cando olla i está totalmente tralos ollos.

Pois non olla trivialmente o que espera ver ou o que está afeito a ver.

Olla por primeira vez o como por primeira vez. Olla e vai ollar e ir. Ollar é unha ave que por un intre esquece o pico. A palabra calada ela é.//

Poucas veces o home se sai do cotidián, do discurrir diario en cuia corrente vai envolto ou queda atuído polo seu arrastro. Poucas veces o home se desnuda e anova a mirada e atopa a palabra esa: a palabra calada conquene nos fala a mirada, o tauto, o sabor e toda sensación e inda aquela outra que fala cando pensamos sin propoñernos, cando soñamos, cando a banda do pensamento se move soia.//

Algo mui cerca de ise estado se pon Miguel Sande fronte ó Deserto, nunha total repceición (sic), case coma a daquíl primeiro estado de aberto de cando prendémolo Mundo, sin ideas nin reservas previas e sin a concencia de telo xa sabido e nin siquera visto. Sin a idea de deserto nin alleas ideas ou experiencias do deserto. Falo do deserto, de un deserto presente que os ollos tocan e comprobán e que non teñen nin saben máis del que o telo quizaves imaxinado.//

Que difícil ise quedarse como en branco e poder ver sin anterior memoria delo, sin anterior imaxen trivial ou marcada por unha experiencia en forte ponto, por unha vivencia aguda.//

Se puderan desnudarse de cotidianidade e poder decir coa palabra calada

como un se di todo sin propoñerse, todos serían poetas, pois todos son poetas cando se desnudan do verbo trivial e limpan os ollos coas puras presencias.//

Quizaves Sande nos amose sencillamente as súas olladas como foron e viñeron desnudas sin máis cousas que a deslumbrante presenza das cousas presentes. O milagre desusado do Deserto.

Lémbrome unha vez cando eu era mozo convalecente e me pasmaba o movemento das cousas e dos seres, non sei que estado sería aquíl pero eu percibín que era excepcional de tan sinxelamente aberto en que a propia nudez interior provocaba a nudeza de todo.//

Sólo nise estado ou en algo parecido nace a palabra. Non sólo a palabra que nombra as presencias, senón a que dice a memoria, o como da memoria e aquela que venta.

Sólo hai presencias e memoria. Nada nos é totalmente coñecido, como nada do non visto nos será totalmente descoñecido.

Pero é bon pararse, parar a palabra eilí onde acaba a presenza e levala ou que nos leve como vai a memoria, sin máis vontade que a de darse ó ser.

E a ese puro movemento de cando o máis presente e inmediato semella alucinación e un vai como sonámbulo dunha noutra presenza, dámoslle as gracias por tanta verdade e por tan áspera nudeza.

Pensar que un periodista poda ser tan esixente e intratable coa palabra. Pensar que un periodista poda ser un poeta. E saber que o Presente non é a Actualidade.//

E que teña que ir lonxe dos sucesos buscar o suceder, o-como-é dos seres e das cousas. A Naturaleza oculta de tan presente, de tan cerca.

O deserto pudera ser calquer sitio donde o intre non é actualidade e donde a Naturaleza, nin a mesma area, enmudeceu.

Quixera recordar aquíl poema de Rilke sobre as cousas:

“Vós tocádelas i elas tórnase inmovres e mudas
...”//

Gracias a Miguel Sande por indicarnos e facernos ver posible o regreso ó paraíso: calquer lugar encontrado, verdadeiramente encontrado, sencillamente encontrado, arduamente encontrado, libremente encontrado, onde Naturaleza sucede pra todo e pra todos e coma se fora só para nós coma cando se acada a palabra-que-dice. O poeta trátaa implacablemente ata que dice.//

Tamén vós, lectores, tendes que ser insistentes e circundala e cercala até descubriilo poñendo tanto esforzo i como puxo o poeta.

O outono é longo... E xa que agora non se escriben nin len amplias cartas como antes, non vén demais pararse nun poema coma este.

Para restaurar a natureza e situar a memoria sin que nos grave demais a elexía. Anque as areas do deserto se anuncien. Aínda alguén nos defende velando a palabra.

En memoria de Roberto Andrade

*Hoxe 29 de Santos cúmprense 15 anos da morte
de Roberto Martínez Andrade en Monforte de Lemos.*

NA mesma raia dos anos sesenta recibía eu no Courel unha carta cada dous ou tres días e dentro do sobre sólo un poema. Isto ocorreu durante dúas ou tres semanas. Eran os textos que logo se titularían: Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites e Carta a Eurídice, que o Concello de Monforte publicaría en 1984 polas Letras Galegas nunha edición homenaxe.

O autor foi un dos galegos máis finos e simpáticos do medio século. Un regalo pros que tivemos a sorte de ser seus amigos, o que supuña selo tamén da peña monfortina que acabou reuníndose preferentemente no Río, na que o culto á amizade era práctica prioritaria que inda seguiu moitos anos, e sigue, e que fixo pra min desa vila a máis íntima e distinguida de todas.

*Lugo Madrid e Compostela
son cada unha a miña cidade
e Quiroga e Monforte a miña vila
i ésta máis sin afán de distinguila
polo grande corro de amizade.
Fernando de Tor Roberto Andrade
i aquel aquel aquel aquela
aquela aquela aquela aquel.
Levanto a copa por el
levanto a copa por ela
ate sacala porriba do tempo.*

(ÁMETO MÍTICO)

Como sostida porriba do tempo tense a memoria que dura até finalmente ser acollida na Lingua cando falla o soporte directo.

A memoria de Roberto Andrade seguirá despois de nós os que o tratamos, pois, se ben non escribiu moito, escribiu cinco ou seis poemas galegos inesquecibles. Algún deles ó viño. Quen sabía máis do viño e da noite? E ta-// mén escribiu algúns dos primeiros poemas de amor, de erotismo explicitado, que se adiantan en vinte anos ós dos poetas galegos mozos dos oitenta. Nil a amada, inda que séndoo, está claramente separada do amante que sabe da problematicidade do Amor (“Qué farás con nós?”. “Salvaxes fóronse os nosos corpos isolados nunha unidade xa imposible. A Lúa fitaba”). No poema Carta a Eurídice a concencia de distancia ca amiga deixa ó amante vibrantemente solo e xa dono da volun-

tade, extremado, fincado na propia door, volto á conta con esa ferocidade ferida e aniquiladora que tamén é propia dos amantes. Dixo sobre a Morte algo desacou-gante: “Todo anuncia un final definitivamente insomne”.

Asimesmo escribiu notables poemas en Castelán como “Sonata para hom-bre solo”.

Non quedan apenas fotos súas. Fumaba en boquilla e bebía sempre de pé. Era pulcro, orgulloso, núo e verdadeiro, áspero e brando, e con ademán de non dimitir do soño nin do espírito, coma todo solitario que no fondo non-o é.

AMO as verbas verdadeiras que non levan a verdade.

Amo as verbas necesarias que nin música levan

as verbas que removen e resoan no vello caserón do peito.

Alá embaixo un grande cor de ferro se agazapa.

(Poñía tamén cor en ve[z] de corazón).

Agardamos que hoxe, quince anos despois, tódolos monfortinos e galegos que o merezan e o lembren ergan általas copas por aquilo soñador pra unha vila. Como dicir por e pra todos. E, se inda as sosteñen altas de noite, cheguen con el á revelación intensa da concencia aguda e repitan en silencio: “Na noite o viño fai saber o que hai de certo”. Polo menos os fervorosos de Cupido, Donisio e Mercurio. E logo que poñan a boa voz a “Pasión según San Mateu”, de Xohan Sebastián Bach. Sólo por rito.

Compostela. Outono 1994.

25

Presentación de *Vixía os sables ó chegar febreiro*

(Compostela, Librería Couceiro, 27 abril 1995)

Daniel Pino i Herminio Barreiro, naquil inverno e primavera axitados de 1962 en Madrid, devolvéronme a simpatía i empeño pola revolución marxista da que eu me tiña distanciando cando os graves sucesos de Hungría do ano 56³.

Por eso están ben soldados os lazos entre nós, non sólo polo común sentimento de galeguidade e amizade, de comunión nacional i epocal e do síndrome

3 Distancia que se plasma no poema “Aos heroes da Hungría”, remitido por carta a Ramón Piñeiro. É o mesmo Piñeiro quen apostila: “escritos nos mesmos días da estremecente loita dos húngaros contra os rusos no outono pasado” (Cadernos Ramón Piñeiro XIII, p. 47, n. 22).

NO N SEI QUE
OUTRA COISA PODA SER
A PAZ
SEMOM SEM XUNTAS A
LIBERTADE I A
JUSTICA.

A LIBERTADE QUE É A
TRACIA DO MUNDO PRO
INDIVIDUO.
A JUSTICA QUE
REGE AS RELACOES
SOCIAIS
I ECONOMICAS

Brais Pinto-Patiño. Anque sin chegar un ó grado de militancia estreita que iles tiveran.

Esta coincidencia na pasión nacional e simpatía ideolóxica foi a que fixo, supoño, que se me invitara a participar na presentación de este libro *Vixía os sables ó chegar febreiro*, a común vela da Terra e o Home. Porque entón todos decíamos “home” como xeito de indicar a materia humana común, susceptible de cambio, revolucionable. Esa palabra “home” en abstracto, que agora tanto horroriza.

Pero nós sabíamos moi ben o que decíamos ó decir home. Era un estadio superior da concencia e da dinidade humanas, unha irmandade da especie coa Terra, unha plenitude diversa e unitaria e sabíamos que non eramos ilusos senón críticos //

e sentíamos que a igualdade, a liberdade i a xusticia non sólo eran posibles, senón inminentes e pra todos, e así, sin saber como, o ámeto mundial trocou en espacio íntimo e a emoción de forza activa, [ou] en pulsión gráfica e acento achegado.

A patria expandiuse á Terra e ó Universo, a pór de ser vivido con tal fondura o local e inmediato, vivido e defendido, anque non se realizase. Esa apoteosis de xenerosidade era común nas mocidades espertadas de todo o mundo, de aquelas mocidades americanas i europeas que chegaban a contactar connosco: eran os últimos [...] i os avanzados do maio francés que inda non fora.//

Vivíamos un intre de conexión universal, activado pola liberación do espírito da mocidade, unha desas “verduras de las eras” que semellan irrepetibles e que volven porque están sempre agardando no brillo dos ollos, no ervellar dos ollos de tódalas xentes.

Sólo unha desmesura tal da esperanza de salvación e de realización, xustifica a teimosa fe i empeño dun personaxe como Carlos Costas e como algúns dos personaxes centrais do libro e da “xeneración do Clube”.

Sólo a experiencia daquil gran soño revolucionario mordido polo cárcere i a represión na primeira mocidade, unido ó soño de preservación e liberación nacional poden fundamentar un libro así.//

O gran soño da revolución universal, niste caso, pensada dendes do análise marxista, devén no gran soño de conservación da patria, do territorio da patria e da Lingua: sempre que digo soño ha de entenderse soño i empeño. Soño i empeño que o leva até a especialización por amor, e leva até o mesmo límite da loucura, porque o empeño io choque coa realidade do país e as ideas que fundamentan a Federación non dan posibilidade pra outra saída.

Por eso o libro tamén é un testimonio do fracaso de aquil soño ó aceptárense as regras de xogo precedentes. A experiencia que tivemos dendes dos 70 ate hoxe.

Unha novela ou un conto longo tinguido pola//
idoloxía, sin desimulo.

Unha novela antifascista, marxista nacionalista, ecoloxista con tódolos estadios polos que foi pasando a mentalidade crítica no último medio século.

Pásase do estilo narración ó de ensaio, do tono íntimo ó informe técnico nun empeño de novela total, sin medo de ningúna forma das pouco dominadas.

É ás veces unha novela da experiencia profesional e da experiencia política, inclusive da partidaria. Incluso, dun club, dunha elite e co pobo de fondo como na práctica da clase política dirixente ou especialmente educada.

Anque esta separación está soldada pola sempre presenza da infancia exhibida no minucioso coñecemento das artes de pesca populares e do coñecemento do río coma nun mapa interior.//

Estímase tamén a pouca inhibición do sentimento. Neste século algúns escritores galegos e poetas inhibiron o sentimento, e cando lles era imposible, enfríárono, aínda os que mail-o sentían. Porque os que non sinten, si teñen dereito ó texto frío.

Estímase tamén o idioma llano no que se notan de vez en cando algún desenganche non desimulado, quizaves produto de ese entrar cada nova vez que se toma a pluma. Tamén hai roturas intencionadas. Cambios de ritmo cando se pasa do tempo interior ó tempo real e ó tempo narrativo. Pois iste xogo dos tempos non é tapado nin desimulado polo tono de naturalidade nin polo pulo narrativo.

Decía antes que se estimaba a non inhibición do sentir. E non sei se é por eso ou porque se exhibe tan desnudo o soño dunha xeneración.//

Xeneración máis nova pero ata a que eu cheguei vivo aínda nas miñas sete mocedades, na longa mocidade. Quizaves por eso ó final da lectura, como piedade por tanto soño e tanta frustración non se resiste, ou mal se resiste, o patetismo final desta historia. Soñouse tanto naqueles anos! O home soña tanto que calquer memoria articulada que nos chegue resulta irresistible. Coma se o noso destino fose inevitable.

26

III Congreso de Escritores Galegos

23 de setembro 1995

Escoitei estes días repetida, grande inseguranza sobre do futuro da Lingua. Zozobra que racionalmente eu tamén comparto, pois o peligro é demasiado evidente pra ñoralo e, sobre todo, pola información e comunicación instantánea e múltiple á ámeto universal. Pero, ás veces, o peligro máximo supón unha reacción ou resposta máxima e atenta, avisada. E o resultado pode ser o contrario, unha reacción universal de autodefensa das etnias alertadas. Refírome ás etnias-linguas, con lingua propia, como se dice. E bázome na escura seguranza. Esa escura seguranza que malia a todo sentimos. A certeza escura da pervivencia do noso ser galego. Mentres os poetas i os narradores, que son outra maneira poética, sigan

escribindo en galego estade certos, polo menos, da posibilidade de salvación. Ninguén escribe pra unha segura futura lingua morta. Remítome a un verso das elexías do Courel “Por que a esperanza?... Ela sabe algo que un iñora”. Ahí temos toda a poesía galega contemporánea tan elexíaca, ás veces, e tan desengañada, dendes Rosalía até hoxe. Quizaves todos ises poetas sentiron, como nós, agora o peligro, o inminente risco da lingua. Pero unha escura corrente os mantiña. Así, ó lelos, a súa indudable tristura de muitas veces dános forza sempre. I esto non pode ser, senón é pola escura certeza de que, malia a nosa morte individual, estar mañá vivos, biolóxica i espiritualmente vivos, nas xeneracións futuras. E deixemos a incerteza, inda que ela volva dentro dun intre, poilos poetas son os tipos menos ilusos do mundo de tan atentos ó exterior i ó interior e ó reconto minucioso da memoria.

Como habrá críticos que tan alegremente, con unha alevosía tan insensata, se atreven coa poesía sen unha mínima intensidade interior, experiencia profunda e suficiente memoria e humildade? Eso que vén despois da experiencia, da experiencia sempre renovable. Críticos, como se di, con ideas previas ou fixas, con clichés coñecidos, e críticos non dados á lectura-apertura. Un crítico non é máis que o último lector. Deberá abriarse á obra do poeta coa pureza do lector fervoroso e axudar a ese lector. Co difícil que é acceder ó texto poético escrito! Texto que ten distancia incluso do que teimou decir o poeta, o propio poeta autor. Porque é sabido que non só escribimos coa nosa experiencia, se non tamén coa experiencia de todo o pasado que xa está previamente na lingua, e inda coas posibilidades nosas que non esgotamos, porque houbo que escoller sucesivamente unha sola sobre a marcha. Pero algo do que puido ser e non foi queda resoando e métese no texto, e altera, modifica. Por iso somos máis que nós mesmos, somos incluso os outros, e non só os outros homes se non os outros seres e inda as cousas. Todo! Todo iso está no home, en calquer home, e alúmao con dificultade o poeta. Por iso hai que ler as palabras como ofrecéndose-lles máis que como ofrecidas a nós. Pois non nos foron simplemente ofrecidas como expostas, senón pra que rematemos a creación pois ningúa é completa. Pouco máis que un intento só aparentemente logrado. Por iso a poesía rexeita tanto a pedantería. E a exposición lograda e todo o que non queda no aire pra que outro e outro o colla e defina. Por iso inda os textos poéticos máis alongados na historia, os máis distantes, nunca son meros restos do pasado. Aínda están chegando a nós, achegándose. Por iso non hai palabra poética última válida, só por iso, senón simulación de avangarda, ou chámanse avangarda os seguidores do máis exterior das supostas avangardas. O que non quer tampouco decir que non se identifique a palabra actual.

E virando algo a dirección diste breve discurso diremos que as linguas teñen unha maior ou menor tradición poética, dispoñibilidade verbal, ou orden verbal, posibilidade verbal e que non todo está no explicitado dicir, nin no recurso da vagueza, pro que xa está dito. Nin vir cunha imaxe que se quede máis acó dun conceito sobradamente definido. Pero si semella haber mellor disposición de certas linguas pra palabra poética. É a longa labor dos poetas que escribiron ou falaron nela quen a volven hable, hábil. Non só dos poetas nomeados, senon a dos escuros supremos, anti-

gos anónimos, facedores da lingua, os que se calmaron e nos colmaron ó expresar algo novo. A aqueles e a estes, a tódolos pasados galegos e non galegos que entraron nela se lles debe que a nosa lingua teña tradición poética. E que o poeta exceda sempre a si mesmo. E que a obra exceda ó poeta. Si, indubablemente, tamén sómos os outros. Os outros nosos. E acabaremos quizaves sendo os alleos. Mais entón eles xa serán nosos.

27

Reunión de Galiza Nova

Santiago (Bar Rúa Nova)

No fin do 1995

Non sólo os suavemente galeguistas, os nacionalistas defensivos ou os nacionalistas críticos, senon que:

“TÓDOLOS GALEGOS SOMOS RESPONSABLES DA LINGUA”.

Tódolos homes son responsables da súa lingua e de que permaneza no espacio xeográfico no que se formou e durou até confundirse Lingua, Pobo e Terra, Lingua e Patria.

A responsabilidade aumenta coa situación de peligro, coa evidencia de peligro que é maior e constante cando se trata dunha Lingua sin estado como agora se dice, //

dunha Lingua sin estado como a nosa, por eso os individuos ou colectivos máis responsables de esa etnia claman pola autodeterminación.

Donde queira que estea un galego conscente ten que sentir a responsabilidade da Lingua e de feito síntea anque non se atreva.

Ás veces, ós seres humanos non-os deixan ser e inda, os máis conscentes, non se atreven pois grávanos trezadas cadeas de dependencia, maiores que a propia vontade individual. Pero estea donde estea sinte a propia Lingua, despois da supervivencia como a responsabilidade máis importante. //

Aínda en precario,

“TODOS SOMOS RESPONSABLES DA NOSA LINGUA”.

Dícese que a Lingua nos distingue. Millor dicir que a Lingua nos une.

“Proben a falar”

**Presentación d'A Escrita da Luz. O rostro da Terra,
de Cesáreo Sánchez**

A Coruña, 23 abril 1996

Recente asistín días pasados a dous actos culturais presididos polas máximas potestades da política e da economía do país. Actos nos que obviamente falaban os poetas e notábase. Nada había aíí que non pudera estar previsto. Nin parecía que fose primavera, nin mediodía nin tarde. Nin rastro de movemento interior. Había políticos e todo eso que xira encol do poder actual ou posible. Mecanismo, opacidade de alma e mirada.

Xa non m'acordo xustamente quen dixo: "Sólo a canción//
riba da Terra glorifica e festexa"* . Co horizonte visible tapado polos medios de comunicación libremente controlados, tórnase necesaria a presenza de poetas, quero dicir de homes medianamente, minimamente libres, que nos guinden ou nos arrenden pola nova visión de tan controlada asamblea ou tribuna.

Por eso hoxe veño á Coruña ilusionado pola posibilidade de atoparme con poetas e lectores de poetas, que vén sendo o mesmo, poila poesía como a Lingua pertence a todos con sólo que se auto-outorguen o dereito á liberdade e á diñidade do home, saian do mecanismo de redución e proclamen o dereito á luz, a un ámeto real hable para a existencia, polo menos o dereito á vixilia, a vixilancia das posibilidades reais.//

Poñámonos novamente ó amparo da poesía cando os cauces se pechan, cando un poder alleo o invade todo e todo o condiciona. A poesía, como sólo precisa do que nós temos, é un bo sitio para resistir, para saírse e resistir e proclamar a nova posibilidade, a do impulso, o pulo da esperanza anque seña a máis precaria esperanza, a máis vaga esperanza, a máis desesperada esperanza.

*"Antes tiña esperanzas,
agora sólo teño esperanza".*

Pero a esperanza humana é algo. Alguén chamoulle "a cochina esperanza". Pero é algo, é cega certeza de algo. É coma a visión de algo, ou o pulo poético, coma a saída do amor i a promesa dunha nova xeneración, como o alento colectivo. Unha forza primaria. Unha certeza xorda.//

* Rilke

Todo esto semella a volta a algo coñecido, a aquela situación precaria. Pero a capacidade de copo que os modernos medios de comunicación controlados teñen da concencia colectiva é tal que nos someten cáseque como nunha dictadura de feito. Xa cáseque non necesitan de maior forza represora pra sometelos homes e pobos.

Por eso repito: quédanos a última reserva de pureza, liberdade, autenticidade: o don poético do home que garda aínda unha gran capacidade de ensoño certo e de rebelión, unha gran forza revolucionaria e ímpetu liberador.

Pasemos de esta previa reflexión e aviso á presentación dos poemas de Cesáreo Sánchez.//

Nada máis rematar de ler ou de reler o libro. (Toda nova lectura é coma se volvese ser a primeira). Non outra lectura coma a primeira senón outra lectura primeira).

Un exclama: — Que gran esforzo por verbalizar eso que percibimos e que non precisamos expresar declaradamente anque sabemos vaga, escuramente o que é...!

O común dos homes non repara na Terra como paisaxe, non se para co ela, e non dice dela...

Ó separarse, ó xebrarse, a música e a poesía, esta deixou de expresar o urxente máis común, o evidente, o que diríamos primordial e derivou até especializarse no inefábel i en todo aquilo que o canto directo denantes omitía:// esa zona do inefábel, a da paisaxe exterior e interior.

I-esa é a materia da poesía de Cesáreo Sánchez que vén de peregrinar entre a vaguidade e unha vocación de sotileza, compracéndose nelas e buscando máis que imáxenes comúns, comunicativas, a definición conceptual dos procesos interiores, dos movementos do silencio, dos caprichos da soedade.

Poderíamos afirmar: o ser humano eslúese, quizaves como venganza ou desespero pola incomunicabilidade.

Hai como unha secreta voluntá de aniquilación, de anihilación nesa complacencia do home pola expresión da vaguedade, da inefabilidade, do silencio.//

O poeta clama pola expresión do máis difícil, opera a favor da incomunicabilidade por horror do trivial.

O horror do trivial do lugar común tamén leva á incomunicabilidade e a unha maior soedade.

Ó refugar o lugar común da expresión aceptada, da expresión doada, imposibilita a expresión do novo, a acesión ó misterio.

Nun mesmo poema poden convivir varios planos de comprensión. A frase na que o novo se revela salta e fulgura, fulxe entre o verbo trivial comunmente aceptado, o que chamamos intelixible.

A manía da avangarda levou a poesía ás veces a un calellón sin saída, poila avangarda//

só pode selo cun exército compacto detrás. Por eso a intencionada avangarda acaba nun exercicio de funambulismo fatigante sólo auto para críticos rebasados que máis que interpretalo se poñen máis alá do texto.

Os poetas orientais compaxinaron a vaguedade, a sotileza, a penetración do silencio coa mínima verbalidade posible, quedándose sempre máis perto da experiencia vivida e do silencio difícil que da expresión apurada e matizada en exceso. O silencio expresado maiormente con silencio no límite cáseque da imposibilidade verbal. Nun balbucir os sólos puros nomes da presenza ou da acción escuetas.

Cesáreo Sánchez aventúrase, complácese no interior e a súa pasión de delicadeza, o que algún poeta chamou “almo silencio” lévao da contemplación ó desvelamento//

do sutil, dunha noutro até o borde da disolución, ate cáseque perderse pola delicadeza. É un círculo fatal no que a poesía está condenada a xirar dendes que se especializou na inefabilidade, no sutil, dendes que deixou de ser canto llano compartido.

Pero eso tamén é unha oución. Para lograr certos matices hai [que] prescindir de outros rasgos.

De todas formas, libros coma este sitúannos no centro do problema entre a pretensión de expresar e a autonomía do idioma propio. Entre nós –nós e os outros–, donde está o problema da fablidade e a inefabilidade. Cando se di unha cousa non se pode dicir nada máis se non se usan a un tempo varios planos de comprensión. Se non se usan a un tempo varios planos de comprensión. Se non atuíse, obturase a penetración e xa non se pode recurrir ó recurso do silencio colgado ó final do poema ou da pausa interestrófica.//

Súpomos que Cesáreo sólo quixo mostrarnos certas rotas do movemento interior ou de afondamento; ou de certas mostras de interior. E nese territorio é xusto deixarse ir dunha voluntá de canto do máis sutil, do inefable ou vago, dun exceso de sensibilidade.

O poeta vai a pola sinificación de todo, pois todo clama pola voz do poeta para ser salvado. E o poeta sálvase por todo o que salva e garda vivo nesa arca do tempo, na forma do poema.

¡Cesáreo Sánchez!

Poucas veces vin unha tan continua pasión pola poesía, unha tal adicación.

Quizaves tódolos homes sexan poetas, máis son poucos os que sirven á poesía, poucos saben entregarse a este velar o tempo coma se aprendelo fora contelo, poucos saben darse o destino supremo de ofrecerse á Lingua coma se fora ó Mundo// e sin que se teña a certeza de conseguilo ata que se perde a consciencia correxindo o último verso ou agardándoo.

Tamén a terra, o Outono corrixe a coor: “O outono non para de correxirse até o final”.

Máximo canto de resituar as palabras hai detrás de certos versos de Cesáreo Sánchez, de forzar as palabras; e sin aparente violencia, sin que se note. ¡Canto desvelo en velarse, canta respiración marcando as horas co alento, apanando o espello no que se ve como se espreitase a outro. Porque somos nós e sómos os outros e pro eso a autoespreita non é narcisismo senón estar aberto a ese aforo que

amosa en nós e pra nós. Esa atención, ese estar atendéndose coma se fora o rostro da amiga, o clarear da luz reveladora, o advenimento//do que inda non vimos, a comprensión da visión e da palabra.

Forzalas palabras, retomalas, retornalas até que collan a forma do tempo. Facelas.

Que buscan os poetas máis alá da mocidade, máis alá do amor? Que buscamos que non sabemos anque estamos certos da necesi[da]de dil e de atopalo? Que segura eterna salvación nos ronda aínda na incerteza continua e así se nos ofrece? Como primavera que volve sempre trala vida e a morte.

Por que esta teima da poesía, amigo poeta? Amigos poetas e lectores adiutos, homes de mercurio, restos movres do vello entusiasmo, do pulo sin nome?//

Témo-la certeza do ser que non pode deixar de ser, nin trala morte individual tan certa e irremediable.

Inevitable esta querencia aguda do tempo pero certamente enganosa poila morte non é certo.

A poesía sigue o rastro da inestinguible vida da cadea da especie e de tódalas especies que se repiten. O mesmo tempo é xa anuncio da pervivencia futura.

Amigo Cesáreo Sánchez a túa lectura tróugome ou volveume a esta reflexión anque ti con ise cernudiano aparente cansancio de estar cansado non semelles entusiasmo. Quizaves por eso traballas incesante e dáste así á patria, nosa Galicia agónica outro século e outro.

Secuestrado pola patria. Secuestrados pola patria e cegos, perdidos no ser, buscándonos coma un tesouro.

29

Manuel Beiras

(Compostela, fins de Santiago 1996)

Don Manuel Beiras!

Sempre tuvo unha impronta de xuventude. Parecía o máis xoven entre aquel grupo de galeguistas composteláns dos anos cincuenta. Inda que lles debía levar máis dunha década. Nunca me pareceu maior até que xa era ancián.

Unha impronta de perenne mocidade e limpeza interior. Unha de esas personas que cando nos miran nos ofrecen como unha patria. A mocidade dos soños, do soño de Galicia.

Era un patriota verdadeiro, sin resto algún de frustración acumulada, cousa difícil dado a época que lle tocou vivir. Un patriota sempre activo, sin ser compulsivo e popular-galego-até-o-rito e sin finximento.

Ultimamente notábase a súa falta polas rúas composteláns, tanto//
que un xa iba preguntar por el cando se nos adiantou a nova da súa morte.

Debía haber un ceo polo menos pros bos e xenerosos de verdade, pra saber adonde dirixir a mirada e achegar o corazón. E volver sentir esa impresión inusual de que tódolos que sinten e teñen concencia de Galicia somos uns.

30

Urbano Lugrís

Santiago, 11 de setembro 1997

(Apunte)

Coñecín seguro a Urbano Lugrís aló polo ano 52, cando eu cumpría o Servizo Militar na sede [do] Goberno Militar na Coruña, seguro que foi na tertulia do Café Galicia nos Cantós, no mesmo espacio que agora ocupa a Fundación Barrié. Alí tamén acudían o debuxante Cebreiro, o poeta González Garcés, os dous primos Tudela, Mariano e Francisco, Molina e tantos outros que foron desaparecendo ou distanciándose cos anos e que forman o tapiz, ora borroso ora nidio, dun pasado que nunca pensamos que algunha vez chegaría a ser tan remoto como hoxe o vemos.

Coñecín a Lugrís como un personaxe extravagante e insólito ate o límite de intimidarnos e do que se contaban sempre a mesma serie de anécdotas.

O que si recordo é que chegaba ó café xusto entre a hora da tertulia de mediodía e a do chocolate das señoras que viñan a substituírnos na alta tarde. E que Lugrís, ó mesmo chegar, saludábanos e saludábaas dobrándose rigurosamente e sucesivamente ate medio partirse polo medio volvéndose cara os catro puntos cardinais.

Despois da época de soldado seguino vendo esporadicamente cando pasaba pola Coruña entre os cincuenta e os sesenta e xa ó seu lado andaba sempre, pra maior contraste, o noso querido Antón Avilés de Taramancos cando estudiaba Náutica na cidade do Orzán.

Unha das veces, despois das voltas do viño e a ronda da noite, acompañámolo a comer a cena que lle deixara tapada a súa nai.

Mostroume un debuxo dunha cidade sumerxida esmeradamente inventado, minuciosamente soñada que lle regalara á súa nai i estaba no pasillo.

Logo regaloume un exemplar de *Os simples* de Guerra Xunqueiro dunha serie de exemplares que este lle mandara a Lugrís Freire, pai de Urbano, e sobre as 4 e media da mañá díxonos: “Antes de retirarnos teño que despedir os veciños...” (naquil intre todos durmidos).

Pillou unha gran caracola, levantou unha persiana do patio de luces e amosándoa fíxoala soar co mesmo ton de Gran Dragón que el poñía no guiñol da

Barraca en tempos da Lorca, ate que cada un e tódolos veciños saíron a protestar por tódalas persianas dos pisos que daban ó patio.

Como quen deixou rigurosamente o seu deber cumprido baixou a persiana e saíu despedirnos á escaleira.

Cando no 57 ou 60 estiven unhos días en Compostela por un recital no Círculo de Artesáns, comín no Estrella con Lugrís que estaba pintando os 6 ou 7 santos e santas galegos da capilla do sanatorio de Álvarez. Acompañábao a súa muller e non deixaba amosar nada do seu desplante nin das súas dotes de histrión estaba, máis por respecto e delicadez que por medo, profundamente pacificado.

Un día fai poucos anos, trintaetantos despois, residindo eu xa en Compostela, levantei os ollos na rúa do Doutor Teixeiro e vin nos desconchados dunha casa en derribo os 6 ou 7 santos galegos que Lugrís pintara por aquel entón no aire do medio século.

Creo que solo vin unha exposición súa organizada, foi nunha saa do Concello da Coruña. Debeu ser cando eu fora ós Caneiros de Betanzos nas Coruñas franquistas dos agostos de entón, e lémbrome que nela expoñía o famoso “Cuarto do mariño”, dino de ser portada, pensei cando os estaba lendo, do Capitán de longo curso dos vellos mariñeiros.

A última vez que vin a Lugrís debeu ser polos primeiros anos 70 nunha rúa de Vigo, cerca da Librería Librouro, xa moi destruído i enfermo. Arrimouse a unha parede. Creo que non me reconeceu. Cando “os medios” deron a nova da súa morte, un muebleiro lugués regaloume a tapa dunha mesa de moitas e vivas cores con dúas gaivotas e dúas barcas ó mar, unha tasca e as casas acabalgadas da costa do Berbés. Agora mesmo teño didiante esa serigrafía montada sobre tabla que regalaran os irmás da “Mueblería Americana”.

Lugrís, que tamén era un estimable poeta, é considerado representante galego máis distinto do surrealismo. Un surrealismo preciosista literario co que el comprometeu os soños máis imposibles dun pasado fabuloso coetáneo de Cunqueiro no lirismo sen que este se correxira en nada co humor.

LICEO
RECREATIVO E ARTISTICO

Semán das LETRAS GALEGAS

Martes, 17 As 8 da tarde
Entrega de premios e lectura dos traballos do
"Concurso de redacción e dibuxo infantil"

Miércoles, 18 As 7 da tarde

GUINOL polo Grupo **MONICAPQUES** do Santiago

Xoves, 19 As 8 da tarde
RECITAL **"Antoloxía poética galega"**
(desde os trinta e tres anos a s. XX)

por **UXIO NOVONEIRA**

Venres, 20 As 8 da tarde NO CINEMA ALTO

TEATRO O grupo teatral **ANTROPO** representará a obra

Percival do R. Barrio

Sábado, 21 As 8:30 da tarde
o grupo do Liceo **XALGAROTE** representará a obra:
LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES

FIN

(Agora que se vai repasar a súa obra será bon ler enteiro a Avilés de Taramancos, o seu gran amigo noiés, onde a imaxen de Lugrís quedou máis plea. Como o gran capitán dos barcos e marés imposibles).

Dos soños teimosos. Feira do Libro da Coruña

8 de agosto 1998

Durante varios anos, Emilio Araúxo, un dos máis fondos coñecedores e interesados na miña obra poética, así como o é nas últimas correntes do pensamento actual, interesado tanto na superación do capitalismo como do nihilismo, como na búsqueda de outra saída ó socialismo, elaborou e ordeou cuidadosamente unha serie de preguntas formuladas nun idioma novo, lonxe da xerga académica da crítica literaria imperante e formuloumas no marco dunha conversa oral. E así naceu *Dos soños teimosos*. Neles a prosa oral, sin perder ese carácter directo e ritmo de andadura, foi depurada volta a volta, ata quedar tal e como está, inda gardando o seu acento e alento, pra ofrecer sin maior distancia o espírito do último medio século, dendes de diversos planos de visión no que un, co paso do tempo, se foi situando sucesivamente, levado polo entorno e polo soño das vellas e novas xeneracións, da guerra e da postguerra, de interminable travesía.

Dendes da infancia, na mesma guerra civil, a laboura poética nesa longa postguerra, ó ensoño revolucionario dos 60-70, xunto ca responsabilidade de Galicia, sempre sentida como algo encouzado e inevitable. I ese soño sulatente do común que volve e volve como forma concreta da esperanza. E repito unha vez máis, como solprendido, que pouco tiveron a sorte coma min neste libro dun preguntador tan conscente e implicado e con tal fervor pola obra e polo país. Foi o seu preguntar un conducirme, e levarme onde el sabía mui ben que un podía ir e infundir a inatacable, inderrotable esperanza en Galicia e na posibilidade humana nas xeracións futuras, cando se supere o capitalismo destructor, agora campante, e se repense o socialismo e se delimiten e respeten os espazos das nacións e das etnias. Este coincidir en semellante concencia e soño fixo posible este diálogo co profesor e poeta Emilio Araúxo e reafirmoume unha vez máis e a tan alta idade nos soños teimosos que lle dan título ó libro. Nunca os grandes soños foron, nen son, soños ilusos.

É un aviso: quizaves para ler *Dos soños teimosos*, este diálogo con Emilio Araúxo, sexa comenente, primeiro, ler os seus libros *A cinsa do vento* (*Libro da Ribeira Sacra*) e *As chairas da letra* (*Libro do Val do Limia*) ambos os dous marcados pola agonía da Galicia interior, a indecible dos “rueiros agónicos”, esa tristura incaica da máis profunda Galicia rural, da que moitos se arredan a mirada pra sentirse *modernos*, desvinculados do propio pasado.

Os motivos de Circe. Feira do Libro da Coruña

8 de agosto 1998

Habitualmente cando alguén escribe un estudio sobre algún poeta coetáneo, faino despois dun longo coñecemento, e dunha ou varias entrevistas persoais. Non foi esto o ocorrido coa xestación do ensaio *Os motivos de Circe* sobre o meu libro *Elexías*, pois coñecín a Xulio Calviño fai xustamente un ano, cando xa facía dous que a obra estaba rematada e saíra xa unha versión reducida da mesma nas revistas *Insula* e *Analecta malacitana*.

Foi por unha relación pura de lector con un texto dado, sin outra intervención que a lectura dese texto poético.

Trátase dun texto difícil e como pra lectores especializados. Cáseque tódolos lectores de poesía son lectores especializados e inda máis, inda maior especialización e pasión poética se lles supón ós lectores dun ensaio sobre un determinado libro de poemas. De todo esto xa te avisa nunha nota que acompaña o texto do ensaio.

Un libro, repito difícil, quizaves o libro máis difícil que se nos ofrece nesta Feira, e a cuia edición sóo Fernán Vello e Carlos Martínez –a través de *Espiral maior*, ensaio– se puderon atrever, dado o seu esforzo pola difusión e intensificación cultural no espacio galego.

De todas formas, co seu difícil traballo, Xulio Calviño inicia un novo xeito do ensaio – eséxese sobre un texto de creación, usando asimesmo unha prosa de insólito ritmo e pulsión creadora que logo de lidas unhas páxinas produce o efecto dun filtro.

Ámeto mítico

(Arredor do 98)

Namais enterarse os responsábeis da colección Sempre no Camiño que U. Novoneyra andaba a rimar un libro de rotas, fixeron de conseguilo pra esta colección. E aquí está ÁMETO MÍTICO, un sabor antigo e un inconfundible ritmo de andadura, muitas veces mesmo octosílabo, de puro acompasado coa respiración. O Camiño como terra, silencio i espacio máis que como fervor i ensoño. Anque ás veces vaia tamén pra Santiago é máis ben un “pelegrinar pola Lingua”, de cara ás orixens. Pelegrinar por tódalas aldeas de Galicia onde inda queda algo máis que os últimos restos da cultura oral; quedan os portadores profundos da nosa memoria común, os únicos verdadeiros transmisores de aquil mundo rural que, anque un día desapareza totalmente, seguirá na Lingua.

A Lingua dos que a falamos. A nosa propia.

Lupe Gómez. Poesía fea*

15 de setembro 1999

“A poucos vin como a Lupe, no seu calado estar, trasladándonos toda a intensidade interior coa mesma forza que a traslada á palabra. Esa cousa, ás veces abrupta, que o seu verso nos transmite de golpe. Seu, seu, seu, súa. Un poeta do que semella podería abondarnos o seu silencio, sin recurrir a ese exceso empuñado da súa palabra rexida por un profundo mandato. Así somos da Terra e así decimos ou calamos”.

Discurso primeiro⁴

[Falta a primeira páxina]

Historia sempre se fai pola forza ou cáseque sempre. É sempre, cáseque sempre, pode máis a inercia do pasado que o ensoño do futuro. Por eso todo sigue igual. Seguimos igual: costa traballo acomodar os soños, aínda os máis facedeiros; costa traballo acetar o mundo de fóra. E non porque un seña un caprichoso inadatado, senón porque o mundo, a vida nise mundo está rexida por forzas alleas que sólo pensan na utilización do home. Sin respecto da súa dinidade.//

A festa representa os soños, o entusiasmo non vencido, a vida que un soñou vivir. E os homes non sempre soñan cousas imposibles. A maioría das veces soñan cousas facedeiras que unhas forzas alleas interesadas fixeron imposibles. E dixéronnos que se lle vai facer; o mundo é así. Por eso eu coido que a festa tanto como unha manifestación de xúbilo, de Leticia, da eterna xuventude é unha cerimonia de rechazo, dereita dun mundo do que se fixeron donas as forzas alleas ó ben común. Todos estamos secuestrados, anque en aparente libertá. Todos estamos presos de algo que non queremos.//

Mais fai tanto tempo... que xa o esquecemos, quizaves estamos secuestrados dende sempre.

* Estamos por dicir que foron estas as últimas palabras de Novoneyra, escritas para seren publicadas.

4 Deste texto e os posteriores non coñecemos data.

Quizaves xa non nos decatamos ou quizaves si, pois resulta moi singular ver con que forza entramos na festa. Cos ollos postos na felicidade e dinidade posibles. Todo o que se soña profundamente, digo “profundamente”, é facedeiro. O home pode fantasear, pero o que é soñar, verdadeiramente soñar, nunca soña imposibles.//

Por eso os homes celebran festas. Festas grandes coma esta. Ritos da posible felicidade. Festas nas que se comulga ca terra e ca vida. Son a forma exterior da esperanza, da seguridade sobre a terra que nos deu, porque nos pode soste en común; e da felicidade posible que temos que conquistar. Porque é posible. E da liberdade posible, porque tamén hay unha liberdade posible e verdadeira. Galicia, este noso pobo que somos ás veces tan desesperanzados, tan pouco seguros do común, tan desconfiados, tan dados a loitar solos.

Como un dixo fai tempo:

*Galicia sólo terra
solo home solosolo
pechopechopechopechopechopechopecho
murado
as verbas non furan súa codia de escarmento
tamen iles ises din dixeron verbas que son non verbas que só son verbas.//*

Mais a desesperanza, o arredarse do común, a soledade negativa, a insolidariedade solo nos levaron á derrota secular, ó deterioro da moralidade pública, e inda máis. A perda da conciencia colectiva, a perda da conciencia da propia identidade, a abandonar a propia fala. A esquecer quen somos e donde estamos, hastra esquecer que somos galegos e deixar que nos cambien a patria sin que nos decatemos que será o truco máis increíble. E todo esto, por falla dun verdadeiro sentido de comunidade, que non é máis que un sentido elemental de protección. Demasiada liorta personal como di o dito antigo:

“Somos galegos e no nos entendemos”. Eu veño a decirvos, cáseque viñen simplemente a decirvos, que estés donde estedes, dentro ou fóra, dun lado ou do outro, ou no meio: A responsabilidade de Galicia incúmbenos a todos i o seu abandono a todos nos acusa e nos condena. A forma máis natural do sentido de comunidade é o sentido de nacionalidade. E sen sentido de comunidade non hai solución válida para ningún problema social ou político. Para ningún problema grave que a todos nos afete.//

*“É xa hora de que señas
terra a patria dos teus
dos que gardaron a fala
en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti
e señora de falar
señora de decidir*

e dona de se negar”

E aquilo que un se preguntaba fai xa un coarto de século:

“Galicia, tan perdida e inda nosa

¿Será a miña xeración quen te salve?

¿Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútil”.

A forza do noso amor non pode ser inútil para [a] recuperación dos plenos dereitos da nosa comunidade. E menester seguila, abrir os ollos e que non nos escatimen a nosa patria, que xa é o colmo... cambearnos a patria. Despois desto calquer cousa poderán facer con nós, como xa o fixeron.

Galicia, anque timidamente, comeza a recuperarse con pasos adiante, pasos atrás, comenza a recuperar a conciencia de si. Perder a conciencia de Galicia, como perder a propia conciencia, é grave. A ninguén poderá culpase ante si mesmo, porque terá moitos espellos, demasiada xente que leva xa a súa patria galega tímida, discreta ou abertamente desplegada.

36

Xornadas polo reconecimento dos dereitos polo traballo intelectual e de creación

A definición e loita polo reconecimento dos dereitos de autor que atañe a escritores e periodistas, a artistas de todo tipo e a científicos é unha visión parcial de tódolos creadores e realizadores, aos conservadores de bens que compoñen o acervo total do que o home crea, transforma, almacena e distribúe riba da terra para as necesidades previsibles, ou non, da vida humana e do entorno animal e vexetal que atañe á mesma. E pon en confrontación dialéctica os límites do individual e do común.

Tódolos tipos de traballo intelectual deben ser deslindados para que non se dé a discriminación ou//
marxinación dos que traballan nas distintas facetas do eido de creación intelectual e as súas diversas operacións.

Só a equidade na asignación e o reconecimento dos dereitos de propiedade intelectual e de creación de todo tipo, poden botar as bases primeiras de distribución dos bens de todo tipo dos que o home se serve e precisa para satisfacer as necesidades da vida humana en sociedade.

Hai unha inconcebible, afrentosa desigualdade, entre os detentadores do poder económico-financieiro e do poder político fronte ós//
artísticos e científicos de todo tipo e todo dereito do traballo, que, a outro nivel, tamén é unha forma de creación. Defendelos fronte á acumulación do poder eco-

nómico-financiero e político, que, acaba por reducir ó resto a unha situación de dependencia intolerable.

Comprendo que algúns desesperados pensaran na folga xeral universal e dixeran: deixádeos solos a eles ca tarefa total. Nin son capaces nin o saben facer.

Saben, eso si, que o home solo ou en común, solicita traballo e naturalmente claudica pra gañarse o pan.//

E por eso son loables e deben ser apoiados por todos, como eles apoian e fan valer descaradamente os dereitos do capital. Facer valer pola nosa parte os dereitos xustos do traballo intelectual, artístico e científico, xunto coa actividade laboral de todo tipo como único medio de soste diñamente a dinidade humana e fundamental, fundar a paz, a liberdade e a xusticia posibles. Si posibles, non imposibles nin utópicas. Se é necesario hai que volver pórse trascendentales e volver ás grandes palabras se é que elas nos axudan.//

Nos valen pra defendernos. Pois senón seremos xoguetes do capital e do poder máis descarado: en fin esclavos en liberdade, en fin esa situación coñecida.

(Post scriptum)

Por eso recibimos con fervor e escoitamos con fervor ós que dende Galicia ou dende fóra da nación galega veñen falarnos diste tema, tan clave para a nosa liberación e dignificación profesional.

37

[Meniñas, rapazas novas, ...]

Meniñas, rapazas novas, profesores e amigos: chamóuseme eiquí pra darvos unha lectura da miña poesía.

E como a poesía ha de valerse i explicarse por si sola –sobre todo tratándose de poesía actual– vou a desenrolar simplemente a miña diante de vós pra que vaia des vendo –o rolo...– e cando chegue a hora deixamos que se enrole de novo. A ver si entón algo se quedou convosco, e vos vale pra ir configurando a dimensión do home pre ir ampliando a imaxe que cada unha, que cada un tedes de Galicia// e a sentirvos donas, donos, de unha identidade nacional máis configurada, e dun xeito de situarse diante a terra, diante do mundo, de asegurarnos no voso ser galegas, galegos i abertos ó mundo.

Comenzaremos pola natureza. Tralas murallas de Lugo hai campos, labregos, vales e serras, i ó lonxe, ó lonxe pro sul unha gran serra donde eu nacín e donde vivín cáseque sempre e que agora vades a visitar levándome como guieiro, esa gran serra escura, longo lonxe é o Courel.

Entremos inordiño i en silencio e parémonos.

Outra vez a Ourense

Veño outra vez a Ourense, xa debe ser o meu carto recital aquí.

E non podo menos de acordarme de don Ramón Otero Pedrayo e Luís Trabazo, os meus vellos amigos dos anos 50 e 60 de Compostela e de Madrid. Pra iles iste silencio e recordo. E tamén pra don Vicente Risco a quen non tratei tanto, mais lembro unha longa conversa coíl, unha vez recén baixado do Courel, e con Antón Tovar diante, e chovendo pecho toda a tarde, auga de patio interior e canelós trasvertendo.

Grande baleiro deixaron todos iles, igual que pasou en Lugo ó desaparecer Pimentel, Fole e Celestino de la Vega.

As cidades bórransenos cando os seus grandes mortos inda son recentes pros que os tratamos.

Querido don Ramón, esta Galicia xa non ten a súa altura mais inda sigue viva. Mentres haxa profesores e mestres galegos verdadeiros, hai posibilidade. Deles, da súa vocación galega, depende que a nosa Patria siga.

Iles son os [h]eroes hoxe da resistencia. As maos sustentadoras, as da esperanza.

Todo o apoio pros mestres galegos verdadeiros.

Palabras de agradecemento na Festa da Ferrería de Seoane do Courel

Teño que agradecervos esta placa, iste pequeno homenaxe. Todo homenaxe desinteresado e sincero é de agradecer. E cando un non ten poder ningún, coma min, todo homenaxe que se lle faga é desinteresado e sincero. I-éste inda é máis estimable porque vén de personas dun colectivo de eiquí en recoñecimento polo que eu, supostamente, fixen polo nome do Courel ou Caurel. É así, pois: un premio ó meu amor polo Courel dito con palabras e silencios como se dice o amor. As miñas palabras foron os únicos feitos i así, con palabras gravadas, se me paga. Anque non era necesario facelo, pois o meu amor por esta terra é o amor que tódolos homes e mulleres sinten pola terra en que naceron e largamente viviron, i-eso non fai falta pagalo. Creo que eiquí o que se intenta pagar ou remarcar foi a miña fidelidade á Lingua Galega e máis concretamente á fala do Caurel que é coa única con que esta terra podía ser cantada dendes de dentro. E doulles gracias a tódolos galegos e courelaos que a fixeron ó longo de séculos, tanto como os que comigo viviron e viven, por terma dado así, como eu llela devolvo minimamente variada. Palavra nosa, de todos, fala do Courel, lingua de Galicia.

Nela, tan precisa, Caurel, decíndote, simplemente, asemella que un fai unha alabanza.
([...] incompleto, falta a parte final)

40

Á ouvea

A primeira vez que oín falar de San Ciprián (de Reinante) foi nos tempos de estudante de Bachillerato en Lugo, a un amigo meu que veraneaba eiquí. Como entónces veraneaba mui pouca xente supúxenme que sería un paraxe moi bonito, pero tuven que agardar ate hoxe pra comprobalo.

Xa que inda que son lugués, son das montañas da parte Sur que solo cheguei a Lugo pra estudar. E aíllí tuven os primeiros encontros cos lugueses do Norte.

Aló nas montañas do Sur aínda que moi altas e solas, ser neno era, igual, unha fermosa experiencia. Eilí úsase unha palabra para decir vagar en compañía doutro neno ou pequeno amigo. Decíase ir á ouvea. Por eso os nenos que vagabamos polos soutos e polo ríos en busca de niños ou ás troitas, se lles chamaba ouveóns. Tamén de nenos, nós ibamos a buscar amoras, amorodos –fresas silvestres– ou arandos. Esta última froita moi pequena e mouro é algo agre, si que non-a haberá eiquí, pois é froita de alta montaña e á beira do mar soio a haberá no Norte de Europa.

Outra cousa que faciamos os nenos ouveóns, os nenos que apandabamos xuntos, que vagabamos en compañía, era ir ás trapelas a coller perdices. Había que facer un foso na terra como pra que cabera un gato, e logo ter unha trapela. Unha trapela era un armadallo con unhas follas de madeira moi delgadas e moi tensadas con fío de serdas –pelo de animal– que posta plana sobre aquil buraco excavado na terra e ben tapada de terra, tan axiña como unha perdiz pisaba encima, abríanse as follas de madeira, a perdiz caía no buraco e logo as follas delgadas de madeira, volvían pecharse pra que non escapase. Cando ibamos mirar as trapelas e viamos que algo caíra, metiamos unha mao con muito cuidado e logo todo o brazo ate o fondo pra coller a perdiz e non o faciamos sin medo, pois en vez de pluma tépeda –morna– e suave da perdiz, podiamos toparnos coa pel fría dunha cobra. Había sempre riesgos cando se iba á ouvea, pero eso formaba parte do engado de ir de aventuras con un compañeiro.

Así vos quixen mostrar algo da miña infancia ou nenez, pois de nenos cando viamos un home maior, como eu son agora, non nos parece mui lonxano día: tamén foi neno como vós.

E agora despois destas primeiras palabras, xa podemos, unha vez achegados, falar sin reparo e podedes preguntarme o que queirades da miña obra e da miña vida nas montañas altas e solas do Sul. Aló no Courel dos tesos cumes donde as palabras de “Os Eidos” son verdade.

Homenaxe a Xurxo Lorenzo

Vivir en calquer tempo, en todo tempo, sempre foi asunto difícil, inda pros que tivemos unha vida doada, só porque pensamos que calquer vida sempre pode ser peor.

O certo é que estamos “metidos nun mal asunto” i estamos seguros de que é así só porque todos pensamos e sentimos o mesmo.

E inda inclusive vós que estades no que antes se chamaba a fror da mocidade, da que o poeta noso dixerá “As frores do meu amigo briosas van no navío...”

Mais vós non sodes só mozos do sangue. Vós lonxe xa do aturuxo, da forza xorda da gleba anónima, sodes fillos da cidade arrasada pola cidade e tedes demasiado sentido individual, por máis análise marxista e militancia intelectual ou mesmo activa.

Mais o certo é que polo que sexa, por ultraconscientes ou por acurralados, sodes valentes. Semella serdes valentes, por xurar bandeira dunha ideoloxía difícil como é difícil cando é, ou pretende ser, puro, manterse en rigor e non somentes xurades bandeira dunha ideoloxía que esixe rigor, senón que adoitades a ensinar “maldita” dunha escrita convencional fóra da convención aceptada e imposta. Xa polo cal seriades arredados.

E non soio esto senón que proclamades a vosa pureza, e facedes manifesto da vosa verdade e decisión e, inda máis, defrontades contra o goberno inmediato da vosa cidade alleada, chuleada pola tiranía popular, de doado afalago e desenvolvemento aparente.

Sodes perfectamente malditos, sodes, perfectamente, o escritor á contra, o escritor resistente. Resistente non só contra o vello discurso máis ou menos misturado senón contra o discurso, o silencio das mocidades do voso tempo.

Realmente é para palparse as forzas, e pra máis escollédesme a min como presentador, a min que só son firme e lúcido, encanto libre, algo libre. Mais sin bando nin disciplina, sin poder nin real nin dialéctico, só certo, eso sí, do común que me ligo igoalmente a vós que ós vosos enemigos.

Pero se me escollestes a min pra valedor por un día, anque só sea por un día e que as vosas forzas son grandes i-a vosa rebeldía ten tódalas erres, ás de longo arrrrrastre que vos farán rrresistir a historia i-o duro presente dos que se rinden con remedio.

Inda que eu xa non seña dos vosos anos nin da vosa ensinanza, saúdo a vosa, esta primeira valentía sin a cal ningún escritor novo pode comentar a súa andadura.

Il ha de cambear o mundo, anque esto semelle imposible. Il ha de saber, ha de estar certo de que non é imposible, o que é realmente imposible, é aceptar



esta realidade, esta tosquedade dominante, fruto do abandono e floxeira da última xeneración e da claudicación da anterior e da derrota das outras pasadas.

A literatura, a criación literaria é unha misión. A nova palabra, a nova forma pro home novo que non debe esquecer nada de canto foi verdadeiro e profundamente asumido. Mais algo sabemos, algo somos xa, que inda non foi realizado o que debe ser formulado cun palabra *[sic]* d'hoxe pra que chegue.

Eso si, nunca vaiades contra a santa liberdade dos individuos *[sic]* e dos pobos. Nin por toda a xusticia, se pode ir contra a liberdade.

E hai que saber que liberdade e xusticia son posibles. Por eso brillan os ollos dos homes que non se cansan de repetirmo i-eu non me canso de repetilo: liberdade e xusticia son posibles a un tempo.

A vosa liberdade e a vosa forza e a palabra, a lingua sin maos, palabra sin poder, sin máis poder máis que o poder da palabra.

A palabra só ten poder si está cargada da actual realidade e non da outra soio e ademais si está cargada de visión.

Non vos dedes á palabra doada sin riesgo, vós que sabedes o riesgo de serdes impunados, e non caiades na doada desesperanza que eso non é de criadores, que poden cair tamén pro que de novo se erguen.

Non perdades a dinidade personal por un plato de lentellas ou por unha doada aceptación.

Si ó longo tiverades que calar, que sexa cando xa o teñades todo dito. Non seades ilusos, mais tampouco vos desdeixedes de atender os soños repetidos e verdadeiros.

Castigado, desenganado pola historia, o home cáseque somentes soña soños verdadeiros, posibles. A formulación dises soños é un dos máis altos cometidos dun escritor de criación, poilos soños, si, son criación e precisan de peitos novos, e corazóns non desenganados e ánimos non vencidos.

Sin esa misión salvadora do creador a literatura non é maior cousa, non merece que un lle dea a vida, e mais cando ela nin nos paga co sustento, co pan de cada día. Só se pode ser [h]eroi por algo decisivo pro común pra espertar pra un recivilización *[sic]* da Nosa Lingua.



Os Reis do Courel



«Alegre tempo de Reis,
que ven despois de Nadal.»
tempo de velar o lume
tempo do lume velar.

Neva no alto da serra
neva no fondo do val.
De aldeia en aldeia
van os reis a cantar

Aluma a lúa da neve
en toda a serra nevada
mais aluma o meniño
deitadinho nunhas palas

Brillan altas as estrelas
brillan cunha luz ben clara
mais brilla Xesús meniño
deitadinho nunhas palas

De aldeia en aldeia
van os reis a cantar

III. INEDITOS (OU CASE). VERSO

III. INEDITOS (OU CASE). VERSO

Que un poeta que nos tempos mellores soubera de corrido tódolos versos do mundo, tódolos que lera con parsimonia, incluídos aqueles que lle chegaran en traducións lamentables; que alguén que tiña na cabeza a súa obra toda de principio a fin, e toda a panoplia de variantes que non lle satisfacían; que un escritor tan remiso á publicación e tan descontento co publicado (para el a impresión dos poemas era soamente accidental: pode haber un antes e un despois, pero o proceso de edición estará sempre por rematar: “A min interésame que saia ben, non que saia axiña”, carta a Ramón Piñeiro desde O Courel, de maio 1955, a propósito d’Os eidos); non estaría Novoneyra por aquel dictum machadiano: na arte o fundamental é incorrexible, por máis que os orixinais do propio don Antonio aparezan cargados de múltiples correccións; tampouco lle pesou ao courelao “o maleficio do inédito” que vía no non publicado todas as posibilidades, como se o prelo acabase con elas: que non; alguén que se negou á edición das Poesías Completas –¡quedaba tanto tempo!–, ou a unha antoloxía conforme e equilibrada, “quizaves” porque cada un dos poemarios é por si mesmo escolma e crestomatía: senón “Opera Omnia”, “Obra selecta”, en todo caso; duro traballo se agarda a quen se atreva coa edición crítica; postas así as cousas non cabía esperar máis do que aquí damos en canto a presenza de poemas inéditos (algúns poucos quedan da súa Musa rexoubreira), cinco ou seis, os demais viñeron a lume en revistas ou opúsculos pouco dispersos.

Espléndido o “Romance das cinco mozas”, do apartado h). Son dous poemas. O primeiro, 1, datado no 1971, 10 versos octosílabos asonantados (a – a), e o segundo, 2, en 24 versos de 8, datado en 1996, vinte e cinco anos despois, con cambio de asonancia que agora é (i – a). O autor introduce catro versos que proceden do romanceiro tradicional: “Por aqueles prados verdes / por aquelas praderías / andaba la Melinesa / hierba que par no tenía”, sobre o tema de Valdovinos e Melisenda (aquí Melinesa por deturpación que xa se recolleu noutros lugares), que pon en boca das cinco mociñas (“Sóla-las cinco quedaban”), únicas destinatarias daquela secular historia de amor, testemuño da pervivencia (“Dunha serra arredada / antiga nación cativa?”) da lírica e do romanceiro, que non aparece no Romanceiro Xeral de Galicia. Os romances tradicionais de Galicia, de Ana Valenciano, como era de esperar.

Pero tamén o poeta se mete no poema:

Melinesa Melinesa
cándo e dónde sería
e cáles eran os aires
que os teus ramos movían?

Neste último verso adobía Novoneyra saberes de Chariño, Johan Airas, Airas Nunes e o inesquecible Nuno Fernández (Torneol?).

É o caso que nos catro versos entrecomiñados, os dous primeiros son de “Una fatal

ocasión” dos Romances Tradicionales de Asturias. Os versos 3 e 4 proceden do “Romance de la Melinesa”, recollido en León, en terras maragatas á beira do Camiño de Santiago, pero non no Courel, que o mesmo romance que publicamos, autoriza. Adoita ser común que dous, ou máis, romances se transfundan, como nesta ocasión.

a) Galicia solo terra

GALICIA
SOLO TERRA
SOLO HOME SOLO

GALICIA sólo terra
solo home solosolo
pechopechopechopechopechopechopechopecho

o
m d
u a
r

as verbas non furan sua codia de escarmento
tamen iles ises din dixeron verbas que non son verba que só son verbas

(1970)

* [A modo de paratextos manuscritos: “Pero hai tamén en min un sentido menos ensoñado da terra”, antes do comezo do poema. “Un é varias cousas, e tamén cabe nun un sentido máis vital, menos contemplativo”, ao final.]

b) Bater as palabras

BATER AS PALABRAS pra que unha salte
e nos dé o seu orden noso
a sua lus dos ollos
de ollos que nos fain ser outros sólo con vernos

no me arredeis porque agarde máis do aire que de vós
que andades tervellando nun futuro que o aire rebasa
eu corro co tempo
i el vaime facendo ó seu xeito de agora
eu v o u

(1976)

* [O poeta tíñao, como inédito, destinado a “Nordés”, 2ª época, onde non apareceu].

c) Acróstico

C COMO QUEN CONOCE POR VEZ PIRMEIRA ON HOME
A Arreda a imaxe en demasía evidente
S Suspende a aución da tristura e abre os ollos
T Todo pode revelar
E En tal craridá abur comentadores
L Leio el si del e nos de *al* queres saber
A Aquí ninguén ten nada que engadir
 Onte amoia n’hoxe pero mañá será axiña

abur / abonda xa

al / outra cousa (medv.)

amoia / pesa muito / fai sentir muito a sua presencia. [Nota do autor]

(1976)

d) Volven os pobos

1

TROCÁRONLLES hastra a face da súa Terra
que xa era como o propio rostro
i os nenos mesmos na defensa **baixanse ás pedras.**
A primeira arma romba no aire.

Atobados
Pechos na loita
Secuestrados pola patria.

Secuestrado pola patria
/ Galicia arreda de min iste cáliz

A PRIMAVERA

NA FESTA
DA PRIMAVERA

A Primavera
conta
con Cunqueiro
e ca nena
d'onte mesmo
hoxe moza.

A Coruña
25 maio, /
1983

NOVONEYRA

A Primavera conta con Cunqueiro
e ca nena d'onte mesmo hoxe moza

26/07/83

A Primavera
conta con Cunqueiro
e ca nena d'onte
mesmo hoxe moza

A Coruña
26-5-83

NOVONEYRA

Dinde Palestina
 Dinde o Kurdistán a Eritrea a Somalia i ó Sahara
 dindes de África
 dindes de América / América! América!

dindes de Irlanda
 Dindes de Galicia i Euzkadi de Cataluña
 E Córcega de Eslovenia e Croacia
 De Estonia a Ucrania e Armenia
 Dindes de Europa a vastísima Asia
 Tódolos pobos volven volven os pobos.

Inda falamos dinde a Memoria.
 Ás veces esquécese e pasámolo linde
 Pra perdernos.
 Estamos perdidos e por iso tornamos

(Compostela-Setembro-1989)

e) [A aldea valeira...]

A aldea valeira
 i a casa pechada
 da pedra comida
 i a porta gastada.
 Permanencia ida
 sin deixar fumencia
 i sin outra memoria
 que o vento poeta
 dos restos da Historia
 menea as silveiras
 das sebes
 nas albres das hortas
 golpea ou peta
 en fiestras e portas.

 Pasos suaves
 e renxidos leves.
 Só il i as aves.

(23 setembro, 1991)

*in memory of Norah Golden
who gave me an owl-coaster
and of Uxío Novoneyra
who gave me an owl-poem*

δ' Elva
δo Branca Petra
δ' Uxío
δ' Arturo

le cion — 6

pearse
in Irlanda nadal 2000

from Collected Poems (February 2002)

f) Galegos

A Laxeiro

... galegos duro bando
CAMOENS

Corazon desnudo i exposto
e tamén teima ruda
duro bando / home só /
desamparo emigrante

(1991)

g) [Flor sin nome...]

Flor sin nome toda dereita
que o nome non precisa
anque o poeta lle avisa
que xa ten a imaxen feita.

Canto como os que cantaban
sempre as millores cancións.
Quixera aprender de vós
a vivir sin case nada.

Escribo coma de volta
anque inda esté pola vida
e vola arrecheque solta
na luz desta flor detida.

(circa 1992)

h) Romance das cinco mozas

1

VAN polo Real abaixo
/son as cinco de Parada/
para o salón de baile
vestidas e peiteadas.
Perdigonas de pan novo

bando de alta montaña
cando disparan eiquí
xa están na outra banda.
Cando xa todos emigran
sóla-las cinco quedaban.

1971/

2

VAN polo Real abaixo
pasan pola Ferrería
cando inda se baixaba
a pé para feira da vila.
Ora cantaban de amor
cantan as novas cantigas
ora un vello romance
que doutro tempo dicía:
“Por aqueles prados verdes
por aquelas praderías
andaba la Melinesa
hierba que par no tenía”
Cantaban a vella hestoria
por anacos esquecida.
Seguir apena-la siguen
pero de amor adiviñan.
Melinesa Melinesa
cándo e dónde sería
e cáles eran os aires
que os teus ramos movían?
Dunha serra arredada
antiga nación cativa?
Todo o que ó pasado afonda
co tempo o devolvía.

1996/

i) Dous poemas do Mar de Arousa

1

Viñen
a Arousa ó mar,
non podo parar de ollar,

Unha
 pebida redonda
 luida onda a onda
 bruñida que non vencida.
 Unha pebida redonda
 ben polida pola vida.

(1998)

* [O cancionero e o mar. Fogar do Pescador. Vilaxoán, p. 46].

k) Os Reis do Courel

*“Alegre tempo de Reis
 que ven despois de Nadal.”*
 Tempo de velar o lume
 tempo do lume velar.

Neva no alto da serra
 neva no fondo do val.
 (Retrouso) De aldea en aldea
 van os reises a cantar.

Aluma a lúa da neve
 en toda a serra nevada
 mais aluma o Meniño
 deitadiño nunhas pallas

Brillan altas as estrelas
 brillan cunha luz ben clara
 mais brilla Xesús meniño
 deitadiño nunhas pallas

(Retrouso) De aldea en aldea
 van os reises a cantar.

Maria lava os pañales
 no espello dun regueiro
 e non veí a súa cara
 que sólo veí a do Neno.
 Maria tende os pañales
 prelas brimias dun salgueiro

e pasa o vento da neve
polo salgueiro movéndoo.

(Retrouso) De aldea en aldea
van os reises a cantar

Os Reis danlle o aguinaldo
coas maos da adoración
tornaron para sua terra
cabalgando cara o sol.

(Retrouso) De aldea en aldea
van os reises a cantar.
... (Repetido)

Asentou o Inverno frío.
Endurou a nevarada.
Non brilla a estrela dos Reis,
por miles as da xeadá...

* [Sen data, sobre unha cantiga tradicional que se achega nos dous primeiros versos en cursiva].

1) [CANDO eu un día fui en Compostela...]⁵

CANDO eu un día fui en Compostela

con Per Amigo o da pastorela
oíno tal vo-lo digo:

— O que veu ve-la estrela
mal ven se a non traí sigo.

En Santiago sendo albergado

con Airas Nunnes desengañado
oíno tal vo-lo digo:

— O que veu ve-la estrela
mal ven se a non traí sigo.

Estrela hoxe en Compostela...

⁵ Esta composición está en relación directa coa información correspondente ao ano 1998 referente a “unha cantata en galego” que figura no apartado primeiro deste libro. Trátase só dun fragmento dunha obra inconclusa, tapiz que é “de varios trovadores”. Poñémola tamén no apartado de Autopoética.

Maria lava os panos
no espello dun bequeiro
E non veí a súa cara
que só veí a do Vento.



Maria tende os panos
pelas brimias dun salgueiro
e pasa o vento da neve
pola salgueiro movendoo.

Reitero de aldeas en aldeas
van os reises a cantar

Os Reis danlle o anigallo
coas mans da adoración.
forxaron pra súa terra
cabalgando cara o sol.



De aldeas en aldeas
van os reises a cantar
..... (Repetido)

Acentou o Inverno frío.
Enduraron a nevarada.
Non brilla a Estrela dos Reis
por miles os da xurada. //

Marys

Manuel Balboa

DOUS POEMAS BREVES

DE

UXÍO

NOVONEGRA

(1981)

-canto e piano-

Para o Sr. Noroeste,
Meu Insignificante
da Galiza dos meus sonhos.
Com amizade
A Costa-Santa
Novembro 83

IV. ACHEGAS EPISTOLARES

IV. ACHEGAS EPISTOLARES

1) Versións poéticas de Novoneyra nas cartas a Ramón Piñeiro.

Escriboche neste tempo nubroso
que é mesmamente o meu corazón.
(U. N.)

De xuño de 1953 a decembro de 1972 Uxío Novoneyra, arredado case sempre en longas tempadas no seu Courel natal –“no Caurel estamos xebrados do resto do mundo” confesa, desacougado pola dureza da montaña luguesa–, escribiu ao seu amigo, mentor, estudoso e editor, Ramón Piñeiro, un total de corenta e cinco cartas. A situación de arredamento provoca no autor d’Os eidos un estado anímico e psíquico de soidade, de angustia, de tristeza... “que me leva de noite a rondar o eido mesmo da loucura”, lemos nunha das cartas que aquí reproducimos.

Sabido é que o poeta está a convalencer dunha pleuresía –das de entón– que o converte nun enfermo, nada imaxinario, e case que crónico, entre os anos 53-62: unha década. Sen dúbida o contacto epistolar con Piñeiro, que viaxa a velo no Courel nalgunha ocasión, que resposta as súas cartas e aínda fornece novidades bibliográficas ao poeta, deberon axudar a que este atopara alivio ou apoio naquela difícil circunstancia persoal, onde a amizade entre os dous faise entrañable e mesmo fraterna.

As cartas son de breve ou media extensión. Son escritos do cotián, reveladoras da intimidade de Novoneyra e, sobre todo, da súa participación na vida literaria galega nun ámbito temporal de case vinte anos que representa, por sinalar dúas referencias, a publicación dos seus dous primeiros libros poéticos: Os eidos (1955) e Elegías del Cau-rel y otros poemas (1966). Mais doutros proxectos e iniciativas (frustrados ás veces) hai aquí noticia entre asuntos que vemos reiterados co sucederse das cartas e que enume-ramos en síntese:

- 1.- Alusión a asuntos familiares.*
- 2.- Recepción de publicacións enviadas por Piñeiro.*
- 3.- Participación en actos culturais galegos.*
- 4.- Sucesivos pasos da edición de Os eidos (novos poemas, correccións, envíos do libro, etc.).*
- 5.- Envío de poemas a Piñeiro.*
- 6.- Xuízos críticos a obras coetáneas e referencias a escritores da época (Fole, Otero Pe-drayo, Díaz Castro, Iglesia Alvarino, Cunqueiro, Arcadio López Casanova, María Ma-riño, o Cancioeiro de Pokorny, etc.).*

Do total de cartas seleccionamos unicamente as que dan conta do envío de poemas que, en máis dun caso son versións do xa escrito ou composicións que andaron soltas sen ingresar en ningún poemario do autor, e as inveteradas variantes. Do conxunto, posúen particular interese as referencias a Os eidos –e aínda á carta-prólogo que o mesmo Pi-

ñeiro puxo á fronte do libro (“solprendeume o ben que ti coñeces a miña vida i-os meus adrentos”, recoñecía o poeta) que el mesmo editou—. Certamente, o ir e vir de poemas, as novas versións de moitos deles, os procesos de redución aos que con frecuencia os somete o poeta e a súa reaparición dun poemario a outro (dunha a outra escolma) son características do “método” de creación do noso lírico, da súa ollada crítica ao xa escrito e publicado, da constante renovación e transformación dos seus textos, circunstancia que afecta aínda á mesma lingua, nunca atada a normativa ningunha. Velaquí este entramado epistolar e poético que debe contribuír a coñecer con máis puntualidade e precisión a obra poética de Uxío Novoneyra e a súa participación no día a día literario-cultural do país.

1.a. CARTAS

I

[Caurel] Día de San Joan, ano 1953

Amigo Piñeiro:

Vein ben ás craras que a túa carta foi feita pra axudar a curarme. I-afé que o lograrse se a carne se deixara cuidar das verbas.

Teño que decir-che que namentras estiven malo no Caurel escribín dez poemas máis pra “Os Eidos” amais dun pequeno “Libro d-amor” que lle darein a Anxel Xohan pra “Coleución Xistral”⁶.

Eiquí os eidos non fain de fin como no outro libro, se non de medio, por onde o amigo se conduce pra amada.⁷

É un libro “d-amor celta”, onde a amada está chea da siñeficación dos eidos:

“Filla da alta noite
¡nas estrelas do cimo,
e dos vales mais fondos,
vistos
dende o bico dos tesos!
¡Filla das chuvias do Outono
i-o silencio de lá
das nevadas do Inverno!

¡Filla dos sumios!
¡Filla dos pozos
i-os corgos i-os cavorcos!
¡Filla dos mortos escuros
de fonda craridá!
¡Filla de fonda paz
que da medo!”

(sumio = sitio donde algo
se pierde absorbido).

⁶ Colección de textos poéticos creada en Lugo por Angel Johan. O libro inaugural foi O paxaro na boca (1952), de Luz Pozo Garza.

⁷ A partir de aquí o cambio de páxina vaise marcar coa dobre barra.

Así comenza o libro que pra min non chega nin con moito a ser coma “Os Eidos”. Pois os eidos son máis vellos na miña i-alma qu-a amada, i-o mistural-os síntese algo así coma unha trifulca de tempos:

Istes días estou no hospital en Lugo. Non sei porqué péchame unha gran tristeza da que non me redime nin a terra nin a amada, nin naide.

Estou soio, amigo

Eugenio Novo⁸

Lugo – Hospital Militar. Sala de Medicina –

II

A Ramón Piñeiro

Caurel 3 de febreiro 1954

Meu querido amigo Ramón Piñeiro: Vai xa pra dez días que no Caurel estamos xebrados do resto do mundo pola meirande nevarada que acordan os nados. Con decirche que morren os paxariños e que os carambelos chegan a dous metros queda todo dito. Como podes ver n-iste estado non chegaba nin saía o correo e por iso non puiden escribirche hasta hoxe.

Nevando a copo tendido estaba eu copiando o meu poema: “Berros laios e pregos á ondas de saudade” e n-ise intre recibín o teu novo traballo⁹ encol do seu siñeficado metafísico. Entón eu pregunteime se aquilo non sería un medio milagre. I-agora que xa recibín o bautismo de ista nosa dor –pois a miña saudade é doorosa por canto siñefica perda do amor dos eidos, cousa que eu teño e perdo as tempadas– xa poido opinar de ila pra decir que ise teu novo estudio parezme moi certo, craro e sinxelo a por de andar por ise eido escuro e difícel que ti dis no comenzo.

En canto a min foron tan grandes as ondas de saudade que me viñeron n-iste tempo de atrás que me fixeron anacos tódalas defensas que eu puidera ter. A min, á hora menos pensada ven-me un sentir que me chega sin saber como nin por qué, coma se unha man soavísima ou un pano de fina seda rozase lixeiro e inordiño o meu corazón, logo sinto soedade, logo// anguria e logo un desacougo que me leva de noite a rondar o eido mesmo da loucura. Por iso, co-o medo, eu tiven que buscar o amor da pastora fiandeira Germana de Romeor pra que o tempo me correse e non se me amontoase pesándome

⁸ É a primeira e única vez que asina dese modo.

⁹ Trátase de “Significado metafísico da saudade” (1951), aparecido no nº 1 da Colección Grial de Galaxia e, no mesmo ano, publicado en Portugal.

no corazón e facéndolle mágoa. Pero é imposíbel porque un amor nacido d-ista cousa, aínda sendo correspondido, non é senón dor. Con todo, o amor é o único que pode de iste mal noso da saudade. Eiquí está quizaves a importancia trascendental de iste sentimento e de iso que chaman o eterno femenino.

Recibín tamén a carta limiar de “Os Eidos” e solprendeume o ben que ti coñoces a miña vida i-os meus adrentos. Gostoume moito, como é natural; e un dis-tes días remesareiche o libro tal e como é agora. De ir cada poema n-unha páxina fai un volumen de cento corenta. No cabo vas as ONDAS DE SAUDADE io libro acaba de iste xeito:

“Xa non me valen os eidos. Non me vale cousa algúa,
nista moura soidade que somentes o amor aluma”

Namais que che decir.
Unha forte aperta

Novoneira

III

[Mecanoscrita]

Caurel 30 de Maio 1956
A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Cando recibín o traballo sobre da nosa lírica contemporánea publicado na NOITE estaba rematando de escribir as miñas impresiós sobre do libro de Fole TERRA BRAVA, que na prosa galega soio ten igoa nos de Daniel Castelao. Non cho mando por agora pra que llo entregues os da NOITE pra que non vaia pensar a xente que é unha devolución de bombo pola miña parte.

Escribín ista chamada ós galegos¹⁰ respondendo a unha petición túa do Vrao pasado. Ista choiva xunto o sentimento da Galicia irredimíbel déronme forzas de chorar. Así como cho digo.

Entrégalle isa cantiga á Carlos Maside. Responde a un maravilloso dibuxo en tinta china (orixinal) que me remesou de felicitación polo Nadal pasado; que teño posto nun cuadro e vexo da cama tódolos días.

Meus pais e miña hirmá (sic) xa me andan preguntando se non viredes iste ano polo Vrao. Dinmo con verdadeira cousa. Como iles o desexan i eu o desexo,

10 Figuran tres versións do poema entre os textos poéticos que van reproducidos no apartado seguinte a este.

debeis facer por vir. Quen sabe se prautro ano un estará aquí.
Unha aperta de corazón
Novoneira

IV

O Caurel (22)-12-56

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Feliz Nadal i-alegre tempo de Reis!

O “Macías” é unha cousa verdadeiramente fina. Antón Lourenzo¹¹ revólvese con soltura dentro da difícil complexidade que lle dá a obra. Tanto as cantigas collidas do pobo, como as que supoño aportación de Cabanillas son axeitadas. As do propio Macías estremecen. I-a que suprema delicadeza chegan ás veces!

“Nembraivos de min señora
por cortesía...”

¿Que idade ten Antón Lourenzo?

Antóxaseme un home madurecido prematuramente. Déixase ver ademais// de unha ampria experiencia sentimental, unha intensa preparación e dedicación ó arte iá Terra.

Remeseiche o outro día a nova versión da “Chamada ós galegos”. Non é nin con moito o que eu quixera. Tiña que ser aínda unha cousa máis directa. Non foi así porque eu sei que o pobo non ten aínda “a consciencia de Galicia” e non pode esquecer o que sabe. Unha cousa é escribir entre a xeneral indiferencia i-outra escribir como escribía Petofi. Por eso eu adico, ou mellor dito, dirixo a chamada especialmente ós universitarios galegos, estudantes de Compostela, agora que hai xente pra Universidade de Compostela que ten o sentido ia consciencia de Galicia. Galicia ten que nacer tamén na Universidá, e máis hoxe que é o único sitio onde hai unha mínima liberdade de manifestación pública.

Namais. Saúdos a Isabel. Meus pais están todos ledos cas dez “pesetiñas” de lotería. Nunca tanto xogaron.

Unha forte aperta.

Novoneira

11 **Antonio Lorenzo** (1920-1989) traballou, a carón de Cabanillas, como adaptador do poema escénico “Macías”, citado nesta carta.

O CMLXI - 4-7-54

Mil querido amigo Raul
Vexo que anda cheio de tua
doença. Cravo, 1955 com
sempre um relativamente lon-
go.

Estive em Monte
com Don Raul que vive
toda a vida e lucido como
sempre. Sentir um
mais tempo para falar com
il, pra olo.

Estão desorientados. Tendo
que falar. Há xá tanto
tempo que não falamos!

Milha parte aberta, y
m
-

Parade 12-VIII-58

Amigo Ramón: Recibim
o teu obrigado do teu Don Ramón
que é moi senllante a do
meu, quero decir non o meu
posmo senon a moxe que
eu teño en mi dil. E por
eso gustounos.

Remézocho a nova versión
da "Cantiga de Loubanzas" pra
que a mudeas a "GALAXIA"
ico fin de que sustituyas a
cultura antes de que se publi-
que o homaxe do poeta
non sei se irás o Sant / 20.

A miña intención é ir pra ver-
nos ~~todos~~ xuntos.

Gracias dos meus pra todos
e para ti

Unha forte aperta
Amigo

Amigo Ramón: cando recibín a túa carta acababa de ler a nova da morte de MASIDE na “Voz de Galicia”. A emoción que comenzaba a moverse no fondo, robíu supetamente co calor das túas verbas, desfacéndose nunha abundanza insólita de bágoas silenciosas, como nunca me pasou.

Maside con Manoel María e contigo era o amigo que eu máis quería. Maside e ti os que eu máis admiraba xunto con Fole. Os que máis influístedes en min con Allué¹². Pregúntome: ¿non se creará un “Museo Carlos Maside” en Compostela?

Quixera ter unha gran fotografía en color do seu autorretrato e de non ser posíbel en claro escuro.

A Elexía que che mandei onte vai como saíu. Cando acade forma definitiva xa cha remesarei pra xuntar os outros poemas xunto coa “Elexía última” que acabo de escribir.

Agradécín de corazón a nota que me fixo Borobó¹³ na “Noite”.//

Tiña proeitado ir este ano a Sant Yago pra falar co el e contigo. Había ano e medio que non vos vía. A el xa non o verei máis. De todos xeitos se amaño os cartos farei por ir igoal.

En Lugo están organizando un homenaxe a Luís Pimentel. Dirixe e leva toda a cousa unha arxentina. A min pedíume que recitase algús dos seus poemas, cousa que eu rechacei, pois sospeito que Celestino¹⁴ ios outros amigos íntimos de Lois non apoian a cousa. Iles queren pra Luís outro tipo de homenaxe no que eu colaborarei: editar os seus libros e fixar os seus poemas máis siñificativos en cinta magnetofónica. Quizaves tamén un recital deles no Salón de Actos do novo Museo Provincial, do que dixo o propio Pimentel que era un sitio ideal pra un recital de minoría, que é o que lle vai a súa obra.

Saúdos dos meus pra Isabel e pra ti. Lembranzas miñas pra García-Sabell e pra Elena.

Unha forte aperta de teu amigo de sempre

NOVONEYRA.

12 **Xosé Lois Allué Andrade** (Monforte, 1931) foi autor de diferentes estudos biolóxicos, ecolóxicos e climatolóxicos e o destinatario do epistolario *Cartas a un mozo galego* (Galaxia, 2005). No terreo da creación literaria en galego, publicou artigos e poemas en Grial e participou en *Paisaxe e cultura* (1955), *Homenaxe a Otero Pedrayo* (1958) e *O noso sentimento da paisaxe*.

13 **Raimundo García Domínguez** (Pontecesures, 1916 – Santiago, 2003) fixo popular o pseudónimo de Borobó que empregou acotío na súa sección “Anacos” de *La Noche*, vespertino compostelán que aparecía en 1946 e do que Borobó foi *alma mater*.

14 **Celestino Fernández de la Vega**, “Cilistro” para os seus amigos.

VI

Parada 12-VII-58

Amigo Ramón: Recibín a semblanza do teu Don Ramón que é moi semellante a do meu, quero decir, non o meu poema, senón a imaxe que eu teño en min dil. E por eso gustoume.

Remésoche a nova versión da “Cantiga de Loubanza” pra que a mandes a GALAXIA co fin de que substituya a outra antes de que se publique o homenaxe dos poetas.

Non sei si irei o Sant Iago.
A miña intención e ir pra vernos todos xuntos.
Saúdos dos meus pra Isabel e pra ti.
Unha forte aperta

Novoneyra

VII

O Caurel. Abril 1959

Amigo Ramón: Remésoche unhas cantas separatas do “Moucho da Alameda” de Lugo, que publicou “Papeles de Son Armadans”¹⁵ no nº de homenaxe a Lorca, pra que lle las entregues ós amigos de Compostela.

Perdín a dirección da Unidade Galega de Nueva York¹⁶ i-agora pídema unha amiga miña que vai presentarse cun libro de poesía. Podes volverma mandar?//

A Compostela non poderei ir hasta maio, pois teño que vixilar os traballos da Primavera agora que botei os caseiros.

Copiei a máquina OS EIDOS según a versión aital i as ELEXÍAS DO CAUREL. Levareichos cando vaia.

Lembranzas pra Isabel.
Unha forte aperta

Novoneyra

15 Revista fundada en Palma de Mallorca, en 1956, por Camilo José Cela.

16 Casa de Galicia en Nova York da que Castelao foi primeiro socio de honra. Desde 1946 publica un boletín ou memoria anual que foi mudando a súa cabeceira e no que colaboraron, entre outros, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Carballo Calero, etc.

VIII

Caurel 15-11-59

Amigo Ramón: Remeseiche o “encargo lírico” que me fixeche e, xunto con el, unhos poemas de María Mariño¹⁷ sacados do libro “Palabra no tempo”, escrito no Caurel.

Qué me dices dos rapaces da Universidad? Viñeron novos valores.
Recibín “Sombra do aire na herba”. É o libro que cabía esperar. Qué belida a “Marcha fúnebre pra Rosalía”!
Lembranzas pros amigos composteláns
Unha forte aperta

Novoneyra

IX

Caurel, 13-3-63

Querido Ramón:

Reméseche esa selección do meu derradeiro libro ELEXÍAS DO CAUREL I, ELEXÍAS DE MADRID por si vos interesan pra publicar en GRIAL, a fin de que cheguen a unha gran cantidá de leutores galegos ós que seguramente non chegará a “Colección ADONAI”¹⁸.

Estou pasando unha temporada no//
Caurel. Ó volver pra Madrid irei de paso por Compostela, donde queren que dea un recital na Universidad. Será nos días seguintes da Pascoa.

Muitos saludos a familia García-Sabell e unha aperta pra vós.

Novoneyra

17 Novoneyra alentou a creación e propiciou a edición dos versos de María Mariño. Non reproducimos os poemas referidos, pois limitámonos aquí, exclusivamente, a dar conta dos textos poéticos de Novoneyra.

18 Colección de libros poéticos en castelán fundada en Madrid, en 1943, por José Luis Cano. Continúa a súa xeira aínda hoxe e promove un premio de poesía co mesmo nome de Adonais, editado por Rialp.

Queridos Piñeiro e Isabel:

O próximo día 5 de xaneiro, ás 5 da tarde, será a miña boda na CAPILLA DO CARMEN en Lugo-ciudad.

Pásalles estas copias da LETANÍA DE GALICIA a GARCÍA-SABELL, SIXTO e LÓPEZ-NOGUEIRA¹⁹ pra que lles valian de invitación.//

A dirección de F. ALBOR (Gerardo) téñoa eu.

A ver si vindes todos xuntos coas vosas donas como d'aquela vez que viñéstedes ó Caurel, pero vós os dous, ti e Isabel, que sodes dos maiores amigos non me gustaría que falleis.

Un abrazo

Novoneyra

1.b. POEMAS²⁰

Quen lea e coñeza, ha notar que algúns destes versos non foron nunca publicados: tal a “Canción da miña amiga”, poema elo con outros menos misteriosos ca este que poremos, subliñado, na nosa escolma persoal.

Mención á parte merecen os poemas do número 9, tres composicións, ex abundancia cordis, “Chamamento ós galegos”, “Chamada ós galegos” e “Nova chamada ós galegos”, todos do ano 1956. No fondo latexa aquela encomenda que lle mandou facer Ramón Piñeiro, en persoa, nos días courelaos do verán do 55. Non parecen de Novoneyra, pola súa non-retracción, mesmo pola énfase e fogaxe que o autor refugou sempre. Non quedou contento. A propia iteración conleva un fracaso. Co difícil que ten que ser atinar co ton preciso se non queremos caer na falacia patética:

Non vaiáis crer, porque eu sinto forzas de chorar,
que non sería , siascaso, bon loitador,
en chegad[a] a hora.

19 **José Manuel López Nogueira** (Ferrol, 1932 – Santiago, 1983). Médico psiquiatra e neurólogo. Galeguista e autor de importantes ensaios. Colaborador de *La Noche*, *Aturuxo*, *Vieiros ou Encrucillada*, entre outras publicacións.

20 Versións dalgúns destes poemas apareceron en publicacións como *Chan*, *Cen Augas*, *Aturuxo*, *Alborada*, *Ólibos*, *La Noche*, *Grial*, *Airiños Aires*, *Poesía Española*, *Papeles de Son Armadans* e outras, de acordo coa recompilación de poemas soltos do escritor aparecidos en xornais e revistas, recompilación que fixemos na nosa *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia, 2010, pp. 63-75.

Arenga repetida, algo retórica, na que se dilúen versos ergueitos, enxoitos, formidables en poemas de despois, cando o poeta dea coa aquela feliz formulación expresiva que se apreta no verbo clamear, onde as arelas patriótico-políticas veñan ser recorrentes:

Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Pero esa nova invocación xa non será a de tempos pasados porque o poeta, despois, recorre o camiño da liberación polo seu propio pé²¹.

1

POEMA A CLARA OTERO²²

ALÓ, no Inverno dos tesos,
cando o silencio da terra, meténdose, esvece as lembranzas
pra quedarse soio comigo na casa grande,
atopei un poema que inda era meu:

“YO voy hacia ti, con mis pasos mas jóvenes;
y llego al bosque, cada vez mas vasto e íntimo
que despliega su soledad en su andar y tus ojos,
y hallo un sitio amplio en el tiempo mas mío
para hablarte lento, lejano y grave, como tu hablas,
por la mirada quieta que fluye
entregándote el ritmo de mi silencio
como una dádiva eterna y única”.

Madrid. 1951”.

QUEDEI co poema esquecido nas maos,
quedo na lembranza que tiña o meu xeito...

21 Acaba de saír outro, “O chamamento”, distinto aos tres nosos, in *Gran Lugo de nebra*. 2010. Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999, introdución de María Pilar García Negro, pp. 11 e 12. Alvarellos Editora.

22 “Para Ramón Piñeiro”.

Sin saber por onde
pasei da lembranza ó sono
e vaguei alleo pola casa grande...

O Caurel. 1957.

Novoneyra

Do libro: "POEMAS ESCABELADOS"

POEMA A CLARA OTERO

ALÓ, no Inverno dos tesos,
cando o silencio da terra, meténdose, esvece as lembranzas
pra quedarse soio comigo na casa grande,
atopei un poema que inda era meu:

"YO vengo hacia ti con mis pasos mas jóvenes;
y llego al bosque cada vez mas vasto e íntimo
que despliega su soledad en tu andar y tus ojos,
y hallo un sitio amplio en el tiempo mas mío
para hablarte lento, lejano y grave, como tu hablas,
por la mirada quieta que fluye
llevándote mi silencio último
como una dádiva eterna y única"

Madrid. 1951".

Quedei, co poema esquecido nas maos,
quedo na lembranza que tiña o meu xeito...

Sin saber por onde,
pasei da lembranza ó sono
e vaguei alleo pola casa grande...

O Caurel. 1957.

Alexia 142515
a par vos

1
Onde está agora Compostela?

Eu não sei pensando morto
e torço sempre a lembrança.
O tempo que é o espaço em vão
onde os olhos se esquecem.

2
Por mais que os teus prabados
colpam na minha casa,
por mais que te lembro,
não posso ter-te como eras,
meu amigo nas tardes!

Sinto as bágoas quentes
que esbarram mais ali das meixelas.
Abrio a fiestra
e ollo a terra pra ti...

O Cauré - 12-6-1958

Nome

CANTIGA DE AMIGO

-- -- --
- O cego da Faba --
ia cega d-Ornixa
tragufan, ai madre,
as novas cantigas.

A cega tafiã --
io cego cantaba
e choraba eu, madre, --
do que aillí amentaba.

A cega cantaba
io cego tafiã --
e choraba eu, madre,
do que aillí decia.

- E, ai, miña filla, --
xa non m-eu fiara!
Quen ll-eso dofa --
é qu-ela lle pasa.

E, ai, miña filla,
non me fiaría! -- --
Quen d-eso choraba
é qu-ela o sentira.

-- -- -- -- --
O cego da Faba ia cega d-Ornixa foron os
traseiros que tocaron a zanfoña no Caurel
e xa son cousa mítica. Miña nai inda os viu
e tivo que chorarlle os do pazo, a sua nai
io seu irmão pra que a deixaran ir oílos.

NOVONEIRA

João Carlos
O. Carlos. Maio 1988

NOVONEYRA

O POEMA DE SAUDADE²³INTRE LONGO²⁴

SOIO, no silencio do meu cuarto,
 paso os días de todos os días...

A miña galvana sabe o fin da vida.

Co tempo quedo na mirada
 ollo da cama:
 o refrexo dourado do souto de Santos
 nas paredes diante a fiestra,
 os ollos dos cuadros,
 as figuras da madeira nas contras e no faio,
 os regueiros de sarrio das goteiras
 pola parede abaixo,

 a porta pechada,
 a lacena entraberta,
 o espello, soio n aquilo que retrata...

Leo algo que non leva mais tempo que o soño soñado,
 quitando e pondo os ollos
 naquelo que non vexo de tanto miralo...

O libro pechado na mesa...

Nun intre longo
 voume indo sumindo...

23 "Pra Ramón Piñeiro"

24 "Enviso = Ensimismado
 galvana = pereza
 Santos = noviembre"

Enviso:
son pra min mesmo un niño infinido
do que nada cai fora,
onde bule unha cousa queda, lonxana e perta
na que todo esta e nada se nombra...²⁵

Novoneira

POEMA DA SAUDADE²⁶

INTRE LONGO²⁷

Pra Lois Pimentel e Cilistro
Fernández de la Vega, de Lugo

I

PECHO no silencio do meu cuarto
paso os días de todos os días.

A miña galvana
sabe o fin da vida.

25 “A derradeira estrofa encerra a miña experiencia da saudade”.

26 “Pra Ramón Piñeiro, que sabe do home”.

27 “REMÉSOCHE de novamentes iste poema tal e como quedou despois de correxilo pra que fora mais o que eu sentira cando sentin a cousa mais fonda que pode sentir o home. É iso a saudade pura, que ti dices?”

ENVISO, no senso mais puro siñifica: somido no ser. É o adxetivo xusto que lle vai, no intre, ó que esta sentindo a saudade pura. Pois “saudoso” somentes val pra adxetivar ó que sinte saudade a menudo.

SEGUN hai varias formas de saudade tamen a verba Enviso acada diferentes formas; e dise: ENVISO NA DOR, ENVISO NA PAISAXE, ENVISO NA LEMBRANZA, e c t. Mais cando aparece a verba soia sin estear (sic) condicionada, sempre siñifica: somido no ser.

FAGOCHE estas aclaracios porque coido que che interesan. Ti profetizaches nos EIDOS que eu escribiría (sic) O Gran Poema Da Saudade. Heis un poema da saudade.

Vale”

No tempo quedo que pasa,
ollo da cama:
o refrexo dourado do souto de Santos
nas paredes, os ollos dos cuadros,
as figuras da madeira nas contras e no faio,
os regueiros de sarrio das goteiras
pola parede abaixo,
.....
a porta pechada,
a lacena entraberta,
o espello, soio naquelo que retrata...

LEO algo, e torno o sono soñado,
co libro pechado nas maos,
quitando e pondo os ollos
naquelo que non vexo de tanto miralo...

II

O libro pechado na mesa,
ca sua maneira...

Nun intre longo
voume indo sumindo...

Enviso:
son pra min mesmo un niño infinido
do que nada cai fora,
donde veñe
do xeito mais lene,
unha cousa queda, lonxana e perta,
na que todo está e nada se nombra...

Caurel, Santos, 1955 – Abril, 1956

Novoneira

O Coural 17-6-88

Querido Remunio:
Quando recebi tua carta ass-
baba de ler a nova da morte
de M^{rs} Sidi na "Voz" e
participar. A emoção que
começava a mover-se infor-
lor das tuas supetamente co-
cêndos e muitas verbas, desta-
m-silata de bapozs e abundan-
po, como nunca me passou.

Maside com a voz M^{rs} Sidi e
contigo em o tempo que em mais
deu. Maside e tu os que
com Fule. Admirava e muito
pluristedes em mais com M^{rs} Sidi.

Preocupação: Não se cria
em "Museo Carlo M^{rs} Sidi de"
em "Compostela"?

Quixen, ter uma pram foto
propria em calor do seu auto
em dar-ouro.

S. Elexia que che enadei ante
vai como Fule. Como acade
peruna definitiva xa che re-
mes rei pra xantar os au-
tos me mas xuntos com "E-
lexia ultimas" que acabo de
escrever.

Proceder de acordo com a nota que eu fiz
Borbo 17-6-88

LEMBRANZAS DE BETANZOS**I**

BETANZOS dos teitos dourados e roxos
i as afiadas torres das eirexas antigas,
denegridas da choiva io vento do mar!

Escuadrós fadados do luplo!
Camiño de Ambroa, Irixoa e Monfero,
de terras de Andrade á terras de Cela!

Río Mandeo, inorde nas noites!

Portas, rúas iradas,
balcós e solainas colgados de garamela,
prazas íntimas, co vagante xusto!

II

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

Sobor das barcas,
as mulleres, o viño, as viandas eran xa unha promesa.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.
Comemos e bebemos pra alegría.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

O viño ias viandas érguense no cor que medra,
onde toda a forza da terra faise luz.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

Cando o viño roxo que non perde a cor no cor
xa non abundaba a nosa sede infinida
achegámoslos beizos a vasos mais fondos.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

As mulleres eran verdadeiras como o viño
io amor mesmo era un xeito de ledicia.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

As maos das doces dádivas
fixeron un rego
pra que toda a ledicia de aquela hora vertese no meu cor.

Onde enche o pozo máxico
no que afogou a miña soedá.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

A medida que o tempo pasaba
ún alongábase da morte.

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

No milagre longo,
coidei seguir sempre nas barcas devalando...

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar ia noite.

Cando as luces da Ponte Vella
colleron as barcas enfeitadas
na mentida rede de cores,
eu xa sabía que a ledicia era mais que un brin co ion berro.

Ista é a lembranza que eu t[r]ouguen dos Caneiros
ós tesos cumes.

Parada 12-VIII-58

Amigo Ramón: Recibí
o sembroado do teu Don Ramón
que é moi semellante a
mim, quero dicir non o meu
poderá ser o mesmo que
eu teño en mindil. E por
isto gustounos.

Remésocho a nova versión
da "Cantiga de Loubanza" para
que a inclúas a "GALAXIA"
co fin de que sustitúas a
cultura antes de que se publi-
que o homaxe ao poeta
non sei se así o sent / vo.
A miña intención é incluíla ver-
mos todos xuntos.

Parados dos meus para / Gabe
e na ti
unha foto para
unha foto para

III

Pasou tempo.
Pasaron moitas nebras.
Dobran as campanas da neve
nos sotos núos do Nadal...

Estou soio lembrando aquela ledicia...

O Caurel. Nadal 1955.

LEMBRANZA DE BETANZOS ONDE EU SOUPEN QUE A A LEDICIA PODE SER INFINIDA COMA A DOR²⁸

I

BETANZOS dos teitos dourados e cuprosos
i as afiadas torres das eirexas antigas,
denegridas da choiva i o vento do mar!

Escuadrós fadados do lupo!
Camiño de Ambroa, Irixoa e Monfero,
de terras de Andrade a terras de Cela!

Río Mandeo,
vagariño nas noites de totalas estrelas!

Ponte Vella do Norde!
Portas, ruas iradas,
balcós e solainas colgados de garamela,
prazas íntimas co vagante xusto!

28 "Pra Ramón Piñeiro, amigo"

II

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

Sobor das barcas
as mulleres, o viño, as viandas eran xa unha promesa.

As ondas do río debalaban lenes
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

O cor loce ó sol riba de unha onda cada vez mais grande,
esquecendo a noite i as ondas que nela medran hastra afogarnos.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

O viño, as viandas i o sangue atópanse no cor infinito,
onde toda a forza da terra faise luz.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

Cando o viño roxo, que non perde a cor no cor,
xa non abondaba a nosa sede infinida
achegamolos beizos a vasos mais fondos.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

As mulleres eran verdadeiras coma o viño
i o amor mesmo era un xeito de ledicia.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

As maos das doces dádivas fixeron un rego
pra que toda a ledicia de aquela hora vertese no meu cor,
onde enche o pozo máxico en que afogou a miña soedade.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

A medida que o tempo pasaba ún alongábase da morte.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.
No milagre longo
coidei seguir sempre nas barcas debalando.

As ondas do río debalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infinito do mar e da noite.

Cando as luces da Ponte Vella
colleron as barcas enfeitadas
na mentida rede de cores,
eu xa sabía que a ledicia era mais que un brinco i un berro.

Ista é a lembranza que eu trouguen dos Caneiros
ós Tesos Cumes.

III

LÉMBROME de ti, Betanzos,
onde eu soupen que a ledicia pode ser infinida coma a dor.

Lémbrome de ti, Bosco dos Caneiros,
onde a festa era un pano algareiro de reviricoques,
movéndose cada intre mais perto do cor.

Lémbrome de vos, Pilar e Anxa.

Lémbrome de ti, Tomas Dapena,
que levas sempre nas maos o pan i o viño da amizade,
que non se vende ós alleos.

Lémbrome de ti, Bocelo, das conversas sinxelas de cada día.

Lémbrome de vos, Manoel Maria e Aviles de Taramancos;
e de ti, Alvaro Cunqueiro, que faltabas na nosa barca.

IV

PASOU tempo:
pasaron moitas nebras...
Dobran as campás da neve nos soutos núos do Nadal.

Estou soio lembrando aquela ledicia...

Caurel dos Tesos Cumes, Nadal, 1955

4

NOVONEYRA

A NOITE É MAIS QUE UNHA PECHA ESCURIDADE I AUTROS POEMAS²⁹

1954-1958

A NOITE É MAIS QUE UNHA PECHA ESCURIDADE. PREGO.

TERRAS outas e soias!
Serras longas, mouras i ermas do ucedo!
Eu levo a vosa mágoa de soedade no corazón.

Ouh Ancares, Cervantes, Devesa de Donís,
soñados na lonxanía,
acisados i escuros!

Ouh Cebreiro do Santo Milagre i as pallozas!

²⁹ Non é a primeira vez que aparece este título nas cartas e poemas de Novoneyra. A primeira vén nunha carta a Maside do ano novo do 54. Fala alí dunha peza de teatro, en prosa, unha traxedia da que nunca máis se soubo.

Ouh Penas de Marco de Medio Mundo,
cruzando quedas, en ringleira, do Candedo ás Moás,
camiño de Sant Iago!

Ouh Río Lor,
ruxindo polo val pecho,
entre o silencio antergo dos tesos!

Ouh Campa da Lucenza, Penaboa, Montouto, Pía Páxaro:
tesos cumes do Caurel!

Ouh Caurel,
meu primeiro amor! meu derradeiro amor! meu verdadeiro amor!
Pobos probes –paredes vellas, teitos de lousa–
ardidos de tristeza,
mouros de queimados!

Ouh fontañas outas, penedos, carrozos escuros,
fragas, agros, sotos e devesas,
labregos e pastores que soio vistes istes tesos i estes vals,
onde aturula a curuxa e canta o cuco,
medindo iste tempo quedo que se para no corazón
e, tornándose contra ún,
veñe a cravar-se no sitio onde mais se sinte!

Soedá, inmensidá e silencio!

Caurel,
por canto eu son teu,
ábreme agora as tuas entrañas.
Eu traigo un nemigo no corazón
que non podo matalo sin matarme;
e veño, fuxindo dil,
guindarme no teu seo escuro i enorme
onde antes había unha cousa que era todo pra min.

Antes,
cando eu non tiña, coma agora, somentes dor pra me alumar;
ia noite inda non era mais que unha pecha escuridade!

O Caurel, 1954

**MONOLOGO DA PEZA DE TEATRO GALEGO NOMEADA:
“A NOITE É MÁIS QUE UNHA PECHA ESCURIDADE”³⁰**

INVOCACIÓN E PREGO DO NOVONEIRA

TERRAS outas e sóias!
Serras longas, mouras i-ermas do ucedo!
Eu levo a vosa mágoa de soidade no corazón...

Oh Ancares, Cervantes, Devesa de Donís,
soñados na lonxanía,
acisados i-escuros!

Ouh Penas de Marco de Medio Mundo,
cruzando quedas en ilera, de Acibo a Louzarela,
camiño de Sant Iago!

Ouh Cebreiro da ermida i-as pallozas céltigas,
que atravesa o Camiño Francés!

Ouh Devesa da Rugeira
–rebolos grosos, teixos e faias–
onde eu hachei unha vez o espírito do bosco!...

Ouh Campa da Lucenza, Penaboa, Montouto, Pía Páxaro:
tesos cumes do Caurel,
terra de aigues, lobos, corzos e xabariños!

Ouh Caurel,
meu primeiro amor, meu derradeiro amor, meu verdadeiro amor!

Pobos probes –paredes vellas, teitos de pizarra–
ardidos en tristeza, mouros de queimados!

Ouh fontañas outas, penedos, carrozos escuros,
fragas, agros, souts e devesas,
labregos e pastoras que soio vistes estes tesos i-estes vals,
onde canto o cuco

30 “Pra Ramón Piñeiro. 1955”

medindo ese tempo quedo que se para no corazón,
e virándose contra un
veñe a cravar-se no sitio onde mais se sente...!

UCEDOS –soedade, inmensidade e silencio–
Caurel, por canto eu te amo,
ábreme agora as tuas entrañas.
Eu traigo un nemigo no corazón
que non podo matalo sin matarme;
e veño, fuxindo d-il, guindarme no teu sono escuro i-enorme,
onde antes había unha paz que era todo pra min!

Antes...
cando eu non tiña, como agora, somentes dor pra me alumar
i-a noite aínda non era mais que unha pecha escuridade!

Novoneira³¹

5

POEMAS ISOLADOS

CANDO O TEMPO COMEZA A SER NOSTALXA

AGORA, cando o tempo comenza a ser nostalxa
i a dor pasa do laio ó sorriso,
ún aceta as cousas perdidas i os días igoales.

O Caurel, 1955.

31 “Veño do pazo de miña nai. Un d-istes días escribireiche.
Unha aperta.

Novoneira

Abril. 1955.
Seoane do Caurel

CANTIGA DE LOUBANZA

DON Ramón Otero Pedrayo de Trasalba, amigo,
que teñes a abundanza do teu nome comprido
e levas a frol toda a ledicia do sol que vai
desde Marzo i Abril a Maio longo e San Joan!

Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba, maestro,
que eres abundante como o teu nome cheo
e levas a frol a tristeza de morte que vai
do Outono ó Antroido, por Santos io Nadal!

Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba, amigo,
que teñes a abundanza do teu nome comprido
e levas a frol, outa, a alma soia e dormida
dos homes ias terras lonxanas de Galicia!

Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba, maestro,
que eres abundante como o teu nome cheo
e levas a frol, outa, a alma dormida e soia
da Galicia escura da choiva que cala e soña!

O Caurel, 1955.

6

Caurel. Abril 1956

Meu querido amigo Ramon Piñeiro:

Estas cantigas son do libro “CANCIOEI-RIÑO DO CAUREL”³² que pensaba publicare na “E. Monterrei” de Vigo, como ti me habias idicado (sic). Así que se che parece agora o momento avísame que chas mando.

Son 33 cantigas, e leva o cabo, nun aparte, o POEMA A BETANZOS que é unha alta cousa de ledicia, pra algunchos a cousa mais fermosa que escribin. Son unhos 80 versos longos sin rima.

32 “O libro encherá unhas 50 páxinas. Nil vai a cantiga a Don Ramón”. [Engadido a pluma].

Teño moita prisa (non precisamente de publicar). [Engadido a pluma].
Saudos garimosos a Isabel

Unha aperta
Novoneira

CANTIGAS DO “CANCIOEIRIÑO DO CAUREL”

LENDAS DA FONTE ENCANTADA

SENTADA o pé da fonte
estaba a dona somida.
Cantan os grilos pra noite
i ela non resollaría.

Xa non ven o meu amigo
que trai o camiño longo!
Auga que naces ruxindo,
soio espellas os meus ollos...

Na auga a lua i a cara
distinguir xa non podía.
Deloutro día de alba,
ollando a fonte seguía.

Amigo, o meu amigo,
se veñes e non me vías
atende ben o ruxido,
os ollos da auga limpa...

CAMIÑOS DA SERRA SOIA

CAMIÑOS da serra soia,
xa non ven o meu amigo!
Deciime agora, camiños,
deci pra que sos agora;
 agora que non traguesdes
 o meu amigo de afora!

Camiños dos outos montes,
non tragueis o meu amigo!
Deciime agora, camiños,
decií pra que sodes hoxe,
 hoxe que xa non traguedes
 o meu amigo de lonxe!

CANTIGA DE DOR

Aí, Deus, de qué sería?
Non teño eu queixa da miña amiga,
 e sinto mal.

Aí, dor!
Aí, dor que dois!

Aí, Deus, o que me pasa!
Non teño eu queixa da miña amada,
 e sinto mal.

Aí, dor!
Aí, dor que dois!

NOVA CANTIGA DE DOR

SEGUN a tarde vai caíndo
vânseme sumíndo
os meus sonos na sombra
e vai sobíndo
 a dor.

Según a noite vai entrando
vânseme afogando
os meus sonos na sombra
e vai medrando
 a dor.

Segun a noite vai enchendo
vânseme perdendo
os meus sonos na sombra
e vai podendo
 a dor.

CANTIGA DE AMOR

A Clara Otero

VEN un día, amiga, pra que a noite non olle
este sitio, que se ti non és, nada encher pode
mais que a dor da noite nas noites.

Ven un día, amiga, pra que a noite non veña
a este sitio, que se ti non es, ninguen viñera
mais que a dor da noite nas noites.

Cando todo é un sitio onde ti non estás.

7

CANTIGA DE AMIGO

– O cego da Faba
ia cega d-Ornixa³³
traguían, ai madre,
as novas cantigas.

A cega tañía
io cego cantaba
e choraba eu, madre,
do que alí decía.

– E, ai, miña filla,
xa non m-eu fiara!
Quen ll-eso doía
é qu-ela lle pasa.

33 “O cego da Faba ia cega d-Ornixa foron os traseiros que tocaron a zanfoña no Caurel e xa son cousa mítica. Miña nai inda os oiu e tivo que chorarlle os do pazo, a sua mai i o seu hirmao pra que a deixaran ir oílos”

E, ai, miña filla,
non me fiaría!
Quen d-eso choraba
é qu-ela o sentira.

O Caurel, maio 1956

8

A MARCHA À EGIUTO ³⁴

SAN Xosé, a Virxen io Nino
polo Camiño de Egiuto.
Van as nebras cara o frío.

A Virxen diante, a cabalo,
co Nino durmindo en brazos.
Van as nebras cara o frío.

San Xosé detrás, a pé,
co calado io fardel.
Van as nebras cara o frío,

io pensamento fixo...³⁵

*Novoneyra por
terras da
montaña, nos
seus eidos.*



34 “O Caurel Maio 1956

NOTA: Esta cantiga está inspirada nun dibuxo de Carlos Maside de Sant Iago”.

35 “Eu estaba en suprimir o derradeiro verso e despois de borralo volvíno a poñer”.

CHAMAMENTO ÓS GALEGOS

I

DORMIDOS peitos da Libertá!
 Meus irmaos galegos!
 Ben sabe Deus que non vos falo por coller sona.

Tirado dunha forza xorda
 veño chamarvos de novo á loita sagra
 pola nosa Patria homilde
 onde todo nos conoce.

IRMAOS de sangue e dór!
 Temos que ganar a Nosa Galicia
 pra ser o nome que levamos.

Temos que ganala porque é nosa,
 porque o quer o noso corazón
 que o sinte necesario
 pra salvarnos a nós e nosos pais,
 pra salvar ós que sufriron e morreron por ela
 pra salvar ós nosos abós
 e tódalas cousas que iles quixeron e que nós queremos.

POUSA o tempo no sono
 ca sombra dos anos sin libertá,
 i eu non vos chamo en alto como antes se facía.
 Máis ben llanamente,
 como falamos entre nós todos os días que perdemos
 cando a todos intres unha causa xusta nos agarda
 acenándonos en todo,
 alumando naquela que inda non perdemos
 porque é cousa que non se pode perder,
 nin podían quitarnos
 os que tein a fala i a mao dura.

Chámanos iste día que chove...
 Chámanos cada verba galega dita por nós,
 cada sorriso, cada xeito, cada ollada nosa,

cada val e cada teso
desde onde se ollan terras
que, soio con velas, ún sinte que tamén son nosas.

Escoitade ós que saben ler esta chamada
e seguui os nobres peitos que se erguen,
que se todos somos fieles ó que somos
o tempo terá o noso sentido.

CHOVE onde ún sinte
no día longo sin mañá nin tarde que eu vos chamo.

II

OUH Galicia, miña toda,
se a fe que che teño chegara pra salvarte!

A tua razón non a entenden os que cha negan
porque non son coma tí.
Ahí a razón pra non vivir co-iles.

QUERÉMO-LA unión
e non a mesturanza que nos perde.

Os que así nos tein
soio tein noso os nosos nomes no censo
que hasta o noso sudor sin alento
pérdese na terra que non nos mantén.

O único que nos dan
é esta forza da fame que nos fai deixarte.

III

ESCRIBIN estas verbas
cas bágoas da afrenta que ún non merece;
e, según van enfriando,
voume volvendo encender
contra os nemigos da libertá
que estamos certos de alcanzar un día,

poi-la Nosa Galicia é inmortal
que non iles,
nomes luxos que soio se acai maldecir.

O Caurel, 1.956

**A CHAMADA OS GALEGOS: FEITA POR
NOVONEYRA NO ANO DE MCMLVI³⁶**

CHAMADA OS GALEGOS

*PROS universitarios galegos,
estudiantes de Compostela.*

I

MEUS irmaos galegos,
ben sabe Deus que hoxe eu non vos falo por coller sona!

Tirado por unha forza xorda,
veño chamarvos de novo a loita sagra
pola nosa Patria homilde, onde todo nos conoce.

Loitar por ela, que así me chama,
é coma soster que é limpa
a iauga das fontañas das penas no alto Vrao.

Irmaos de sangue e dor!
Temos que ganar a Nosa Galicia
pra ser o nome que levamos
e pra darlle á Humanidade, que soio nos conoce pola dor,
a nosa dádiva eterna.

36 “Meu querido amigo: Failles entrega en meu nome distas verbas a Mourullo, Mendez Ferrin, Franco Grande ios outros rapaces da Universidad.

Unha forte aperta
Novoneira”

Fillos da choiva ia brétema!
Temos que ganala porque é nosa,
porque o quere o noso corazón
que o sinte necesario
pra salvarnos nos e nosos pais,
pra salvar ós que sufriron e morreron por ela
pra salvar os nosos abós
ios pais dos pais de nosos abós
e tódalas cousas que iles quixeron e que nos queremos.

Pousa o tempo no sono
ieu non vos chamo en alto com antes se facía,
mais ben llanamente,
como falamos entre nos tódolos días que perdemos,
cando a todos intres unha causa xusta nos agarda,
acenándonos en todo,
alumando aquilo que inda non perdemos,
porque é cousa que non se pode perder,
nin podían quitarnos os que tein a fala ia mao dura.

Chámanos iste día que chove.
Chámanos cada verba galega dita por nos,
cada sorriso, cada xeito, cada ollada nosa,
cada val e cada teso
desdende se ollan terras que, soio con velas,
ún sinte que tamén son nosas.

Escoitade ós que saben ler esta chamada
e seguii os nobres peitos que se erguen baixo do pé que nos afoga.

Chove onde ún sinte
no día longo sin mañá nin tarde, onde eu vos chamo...

2

OUH Galicia, miña toda,
se a fé que che teño chegara pra salvarte!

A tua razón non a entenden os que cha negan,
porque non son coma ti.
De ahí a razón pra non vivir co iles.

Querémol a unión
e non a mesturanza que nos perde.

Os que así nos tein
soio tein noso os nosos nomes no censo,
que hasta o noso sudor, sin alento,
pérdese na terra que non nos mantén;
io único que nos dan
é esta forza da fame que nol a fai deixar

3

ESCRIBÍN iste poema con bágoas;
e según van enfriando
voume volvendo encender contr os nemigos de esa libertá
que estamos certos de alcanzar un día,
poil a Nosa Galicia é inmortal,
que non iles, nomes luxos da Hestoria
que soio se acai maldecir.

O Caurel. 1956

NOVA CHAMADA ÓS GALEGOS³⁷

MEUS hirmaos galegos
que as veces tamen tedes o corazón dos días de choiva com-este,
ben sabe Deus que hoxe eu non vos falo por acadar sona
senon pra chamarvos, coma quen pide pan,
que fagais de volver a loita sagra
pola nosa patria homilde, onde sentimos que todo nos conoce.

37 “Pra Ramón Piñeiro”

Loitar por ela
é como soste que é limpa a iauga das fontañas das penas,
no outo Vrao.

Hirmaos,
temos que ganar a Nosa Galicia
se hemos de merecer o nome que levamos.

É menester ganala:
pra salvarnos nos ios nosos pais,
pra salvar ós que sofriron e morreron por ela,
pra salvar ós nosos abós ios pais dos pais dos nosos abós
(que xa non poden ver chover niste soto
que eu ollo agora pola fiestra empañada de pingoadas
que medran, xúntanse e baixan, esbarando unha noutra,
facendo arboriños e regueiras brillantes...)
e pra salvar tódalas cousas que iles quixeron e que nos queremos.

Chove longo; i eu non vos chamo en alto, como antes se facía,
mais ben llanamente
como falamos entre nos tódolos días que perdemos,
esquecendo que a todos intres unha causa xusta nos agarda,
acenandonos sempre desde todo,
alumándonos naquelo que inda non perdemos,
porque é cousa que non se pode perder
nin podían quitarnos os que teñen a fala ia mao dura.

Chámanos este día que chove...
Chámanos cada palabra galega dita por nos,
cada xeito, cada ollada nosa,
cada teso e cada val,
desdende se ollan lonxanías que tamen son nosas
e que din tod-o grande da nosa perda.

O gran vacío que ela nos deixou
houbo alguen pra crer que podía enchelo con bágoas
que saian de dentro e que tamén nos chaman.

Chove no día longo sin mañá nin tarde;
e seica tamén eu sinto forzas de chorar
—unha mao lene que me nubra i acaricia
coma cando alguén nos fai un mal que non lle merecemos
sin que eso endureza a un—.

Non vaiáis crer, porque eu sinta forzas de chorar,
que non sería, siascaso, bon loitador,
en chegado a hora.

Caurel do Tesos Cumes, outo Maio do 1956.

10

CANCIÓN DA MIÑA AMIGA

ALÓ, nos outos vals dos souts,
no tempo longo que pasa inorde,
estaba él soio cara a serra
co seu silencio nun espello.

Veo un día, ca sua voz,
cando eu somente seguía
o curso do Vrao no val aburado.

Sentado, co seu xeito de vagar,
faloume na tarde queda de nebras;
i eu soupen todo o que cabe
nunha dádiva lene e súpeta.

Mais inda hai quen somente é dun sitio
i él tornouse á soedade dos días,
onde os montes se tecen...

O Caurel, 1956.

O MOUCHO DA ALAMEDA³⁸

I

MOUCHO que cantas pra noite queda
 na sombra das flairas tecidas,
 ti fais distas arbres de ciudá
 un bosco antigo no que eu estiven sempre.

Oíndoche
 esquezo as casas apezadas de arredor
 que o teu canto ñora.

II

Pasa o tempo, inorde, polo teu cor antigo,
 destílase nil
 e pinga no silencio da noite
 que ecoa en min,
 levándome á hora mais remota.

III

Moucho,
 nos non somos pra vivir aquí.
 Os dous vimos de lonxe
 e tornaremos outra vez pra aló,
 onde o noso misterio se acai.

Ti iraste, despois que eu me vaia,
 unha noite que ninguén vele
 nesta ciudá de nebras e campás vagarosas.

Lugo, 1957.

38 "PROS amigos de Lugo nas noites."

ELEXÍA A CARLOS MASIDE³⁹

1

Ónde está agora Compostela?

 Eu non sei pensarte morto
 e torno sempre a lembranza.
 O tempo quedo é o espacio enviso
 ode os ollos se esquecen.

2

Por mais que os teus grabados
 colgan na miña casa,
 por mais que te lembro,
 non podo terte como eras,
 meu amigo nas tardes!

Sinto as bágoas quentes
 que esbaran mais alá das meixelas.
 Abrio a fiestra
 i ollo a serra pra ti...

O Caurel, 12-6-1958

39 “Pra publicar na Noite ilustrada co apunte de Ventura Cores, coma a de Manoel María. Mándame a dirección de Franco Grande pra invitalo.

Vale”

ELEXÍA A MORTE DE CARLOS MASIDE⁴⁰

I

ESTÁS morto!

Pode morrer o home?
Ónde está agora Compostela?

II

Teño o teu autorretrato diante a miña dor.

Na limpa pregunta das tuas niñas firmes
os ollos quérente dun hora pra sempre...
e fico quedo
nise xeito que ún so pode estar horas
cando o corazón sobe.

III

Por mais que os teus grabados colgan na miña casa,
por mais que te lembro
non podo terte como eras,
meu amigo nas tardes!

IV

Eu douche as bágoas quentes
que esbaran mais alá das meixelas.
Abrio a fiestra
i ollo a serra pra ti...

O Caurel, 1958.

40 "Pra Ramón Piñeiro.

Grande é a nosa perda!

Agora o libriño que che remesei pasará a titularse "ELEXÍA A CARLOS MASIDE I AUTROS POEMAS".

Eu soupen por vez primeira o que era correr as bágoas.

Vale"

POEMA DE AMOR⁴¹

Ouh amiga,
tan supetamente nacida a min!

Ouh o teu xeito enviso
–lene movemento de horas soias
de choiva e bosco–!

Muller estrana, sempre presentida!

O terte sei
que só quen espera ardentemente
gana un futuro de milagres.

Nada sagro agarda a quen non espera.
Se eu non te soñara ti non eras así.

Ouh gracia antiga!
Nas tuas maos gardanse os ritos esquecidos.

Delas ós teus ollos
a miña ollada ergue o prego xordo que se sabe inútil
de quen quere ter senso.

Mais, incluso no pulo do amor,
eu sei que só podemos aspirar
a un tempo de intres inmortás.

Non lle neguemos nada a esta hora nosa.
Logo volverán os días sin senso
nos que a alma se rinde a un deus canso.

Si, amiga,
non temos nada que non se perda doadamente!

O Caurel, Setiembre, 1958

41 “Pro libro “Elexías do Caurel i outros poemas”.

Seguramente, coma sempre, isto non será a forma definitiva do poema pois é o derradeiro que escribín.
Vale”

ELEXÍA Á MORTE DE LOIS PIMENTEL

I

AMIGO,
a tua morte deixoume núo;
ia tarde achégase...
pra aliviarme a saudade.

Mailo corazón insiste:
–Cando vaia a Lugo,
como hei de esquecer o valeiro
que ten un sitio en cada hora?

II

NA tua perda
vexo a de todo o que hei de perder...

III

A tua imaxe que está diante de min
non é un fantasma pró medo;
i eu fáloche
pra aprender a tratarte doutro xeito,
que inda non te conozo de morto.

IV

ERGO os ollos prá noite:
e miña mai chora ca dór
que eu tiña que darlle a alguén
pra que non se entobase.

V

PECHÁRONSE as portas como temías, meu amigo!
Laia a curuxa i eu velo
sin poder aliviarche a terra,
onde non podes levar a Francis James
nin escribir poemas novos
que xa non me lerás cando volva a Lugo...

O Caurel, 1958

ELEXÍA A MORTE DE LOIS PIMENTEL

I

AMIGO,
a tua morte deixoume núo.

O corazón insiste
e, ca tua perda, sinto todo o que hei de perder.

II

A tua imaxe está diante min
no espacio enviso que some a mirada.
Ergo os ollos
e miña mai chora ca dor
que eu tiña que darlle á alguén pra que non se entobase.

III

Pecháronse as portas, como temías, meu amigo!

Láia a curuxa i eu velo
sin poder aliviarche a terra.

O Caurel, 1958.

Ballet da Nena Triste

*“Baila, baila, xira,
esquece os teus farrapos”.*
LOIS PIMENTEL.

DÓNDE che ven a tua tristeza
—a paisaxe dos teus ollos io son do teu xeito—
se inda non sabes que has de morrer
e que a vida non ten sentido?

Cas tuas maos lenes
recóllela diles, deixala no aire e fuxes.
Mais, antes que pase o intre,
volve cair en ti
que xiras, xiras,
sin poder sair do circo que te pecha.

Lugo, 1958.

TRES POEMAS DE “ELEXIAS DO CAUREL”⁴²

TRISTEZA ULTIMA

E pra onde vou?
Sábeno os meus sonos.
Eu sígoos hasta donde son meus.

42 “ISTES son algú dos derradeiros poemas de “ELEXIAS DO CAUREL” que estou rematando. Pedíronme un libro pra Bos Aires pra unha colección de poesía que dirixe Lois Seoane mais teño entendido que quere ser rival de “GALAXIA” e agardo o que ti digas. A min naturalmente gustaríame publicaloos en “GALAXIA”, o cual non quer decir que se non mos publica os mande a Bos Aires se é certa a suposta e pretendida rivalidade.

Novoneyra”

O tren, movendo a cor do Inverno,
lévame a tristeza última da Perda sin Nome...

Ah, non en vano o meu cor pasou polo Outono!

POSTURA ULTIMA

I

LEDICIA da mañá!

O pulo do sangue chega o pensamento
io cor esquece o destino.

II

Eu non podo esquecer que estou emprazado,
mais deixome en libertá,
sin forzar os meus sonos a morrer
nin levalos a posta pra gardarme.

Son o home que pode e soporta ser home.
I anque sei que non teño mais que esta vida,
penso xogala un día
por algo que desminta a seguranza
de que todo está perdido.

ANGURIA ULTIMA

DOIME pensar que a choiva non é miña
e que o vento
ia coor escura e longa do Caurel
non vein de esta cousa que deixa
o ir perdendo todo o que ún creou
e cair no curso xordo
que tampouco ha seguir sempre,

pois eu sei que ista dor é por algo
que ún non tiña sin fundamento.

.....

Ouh anguria,
ti nunca me levache a indiferencia!
O abrirse mais, o valeiro último
crama a creación.

O Caurel. Xaneiro 1959.

17

HAIKAI⁴³

FAME, sede infinda, aneiro inxel,
qué pode abondarche?
Un sono de neno.

CAUREL 1959.

18

VERBAS PRA ROSALIA⁴⁴

SANTA da Terra,
ti sabes que o ceo non é noso.
Soio temos o cor i o tempo,
o peso da vida i o certo da morte.

43 "PRA filla de Silvio Santiago",

44 "Pros universitarios galegos, estudantes de Compostela i as mocidades galegas do presente i o... Porque habrá futuro".

Sintes a inseguranza i o abandono
i acólleste á bés certos:
a casa, o val, a Patria homilde.

A nosa Patria que nos negan,
por quen ti cramas, furando a noite!

De non oirte, houberamos esquencido o que somos,
perdidos pra sempre no camiño alleo.

Mais xa velamos
o sono enfexo de zafarnos dil
e ganar Galicia, loitando polo home.

19

ELEXÍA ÚLTIMA⁴⁵

1

É a noite que un non pode salvar nin furtárselle.
As tebras cinguen a inseguranza de todo
i en vano nos arroupamos no desamparo.

2

Mais inda xurde a esperanza
a vaga promesa dun tempo inmortal

Por qué a esperanza?

45 “Nota

Eu ben sei que os meus poemas en verso libre non chegan ós dos Eidos, pois se [a] miña voz verdadeira soio a alcanzo o cantar ó Caurel. Istas verbas son miñas, mais quizaves non sea o meu alento, ¿non é?

Vale”

Ela sabe algo que un iñora
pois non e ilusión que un se fai.

Ouh se a esperanza fose un agoiro!

20

NOS OUTOS VALS⁴⁶

PENSAMENTO ven,
pensamento vai...
hasta non estar
nin co pensamento...

.....

cos ollos sin ver
o sitio onde van,

sentados nos outos vales,
deixando correr o tempo,
eu io aire da tarde
temos o mesmo silencio...

21

NOITE DE XANEIRO⁴⁷

BRILAN os teitos ca xeadá.
Degráñase o millo.
Fíase o liño, mada a mada
ca luz no murillo...

Faise brasa a leña da ragoada...
Faise cinsa a brasa...

.....

O tempo non e nada hasta que pasa.

46 "Pra Ramón Piñeiro".

"De OS EIDOS".

47 "De OS EIDOS".

2) Epistolario de Novoneyra a Otero Pedrayo

Dende agosto de 1954 ata decembro de 1960 temos constancia de oito cartas breves de Novoneyra ao mestre Otero Pedrayo, polo que o lírico do Courel sentiu sempre admiración e respecto e co que mantivo entrañable amizade. Otero Pedrayo –mesmo sen terse publicado o libro– e Fole foron pioneiros á hora de escribir na prensa sobre Os eidos. Tal referencia está xa nestas cartas que a Biblioteca Penzol custodia (como tamén acontece coas dirixidas por Novoneyra a Ramón Piñeiro, reproducidas neste mesmo apartado) e que teñen como asunto fundamental o envío-iniciativa de Novoneyra ao persoeiro de Trasalba dos poemas de María Mariño para que don Ramón os prologase, cousa que fixo para a edición do poemario Palabra no tempo, que se publicou en Lugo, en 1963, na colección “Tesos cumes”, asunto editorial que Novoneyra tratara con Fole e do que hai constancia nas cartas daquel a Ramón Piñeiro.

Chamamos a atención sobre as cartas II e VIII, tan sentidas e contidas.

Máis hai que dicir deste microepistolario que permanecía inédito ata agora mesmo: os orixinais das cartas foron respectados con rigor filolóxico que o lector pode deducir.

CARTAS A OTERO PEDRAYO

I

Caurel –Agosto 1954–

De Novoneira a don Ramón
Otero Pedraio de Trasalba

Meu querido e venerable amigo:

Moitas gracias por ise artículo que encol de “Os Eidos” acaba de publicar no xornal de Santiago*. Estúmollo máis porque aínda non saíu o libro, i-é por tanto unha cousa de pura vontade, respondendo á emoción pura de habelo lido con amor.

Hay unha cousa do seu traballo que está chea de ouxetividade: é o ver ise tempo que pasa polas cousas, o coal, ó eu fixarlle o seu ritmo de movemento, dáme a eixata medida d-elas. Como é natural, n-iste// mester de fixar o que é inxenitamente fugaz, a miña intimidade co silencio, tiña que valerme de moito, como vostede tamén o advirte.

* *La Noche*, agosto 1954, once meses antes de que o poemario saíse do prelo.

Namais, querido amigo. Hasta o Setiembre en que irei dar un “Recital de poesía trovadoresca medieval galaico-portuguesa” a O Palacio de Gelmírez.

Agardo pra aquil entonces poder abrazalo en Compostela.

Novoneira

II

O Caurel. 11 Febr[eiro] 1957
Don Ramón Otero Pedraio

Ourense

Meu querido amigo Don Ramón:

Entereime por carta de Piñeiro da morte de súa nai.

Teño algo do seu sentimento no meu silencio... e desexo que volva axiña a paz ó seu corazón aflixido.

Des[e]jo-o tanto como lle quero ben.

Teña pois consigo a miña compañía coma de un fillo que o son no sentimento máis verdadeiro.

Unha aperta.

Novoneira

III

O Caurel
Nadal 1958

Meu querido amigo:

Unha lembranza dende a neve.

Bo Ani novo.

Novoneyra

IV

[Mecanoscrita]

PARADA DO CAUREL II-3-60

Don Ramón Otero de Trasalba.

MEU querido poeta e patriarca: Remésolle iste libriño de estampas e [d]e saudades, PALABRA NO TEMPO, do que é autora María Mariño Carou, noiesa que vive de fai trece anos no Caurel. É a muller do maestro diste pobo. Ela ademírao tamén moito a vostede e prégame que lle escriba pedíndolle o prólogo. Logo mandarémollo a Luís Seoane a Bos Aires pra que o pubrique en CITANIA. Así é que si ten a gracia de compracela, unha vez feito o prólogo, devólveme o libro co il, pois non conta con outra copia. No Caurel escasean as máquinas de escribir.

PALABRA NO TEMPO parte das cantigas do pobo. Eu coido que despois de tanta poesía alambicada, son bos libros así. A súa gran orixinalidade musical, denuncia unha alma feita pola Saudade.

Acabo de recibir de Piñeiro, O SER I O TEMPO de M[artin] H[eidegger]. Léndoo agardarei a Primaveira.

Si é que os de POSÍO* me levan pra Pascoa a Ourense, pra dar o Recital de poesía trovadoresca galaico-portuguesa, pasarei velo a Tras Alba.//

Gostaría-me que presidiran o recital Don Vicente Risco e vosté.

E namais.

Un voto pola nosa Galicia que eternamente agroma.

Unha aperta de corazón.

Novoneyra

EUGENIO NOVONEYRA. Parada de Caurel, por Quiroga (LUGO).

* Agrupación cultural arredor da revista do mesmo nome.

V

O Caurel 3-4-60

Amigo Don Ramón:

Chegaron as súas verbas cando o Caurel entonaba por derradeira vez “o inno (sic) valente da invernía”. Por veces lendo o seu prólogo a “Palabra no Tempo” non sabía se era o vento do souto ou as súas verbas, que tiñan o mesmo son podente, as que me levaban a presenza do “último” que en nós hai e que se revela contadas veces.

As súas verbas “chegáronlle” de tal xeito a María Mariño que eu vin como na súa emoción incontida pulaba ise neno eterno das almas que nos gasta o mundo. I-é que o prólogo é certamente delicado, parándose somentes no máis// fondo que no libro vai.

Unha forte aperta do seu sempre amigo

Novoneyra

VI

O Caurel (18)-4-60

Don Ramón Otero Pedrayo

Trasalba

Amigo Don Ramón: Recibín as tres copias do prólogo i o texto de “Palabra no Tempo”. A autora co pulo da emoción que lle deu o seu prólogo está escribindo pro mesmo libro novos e bos poemas nos que xa usa a súa palabra “cantigar”.

Tal como xa lle dixen, tiña pensado ir a Ourens pola Pascoa, cando

“Así como eu bebería bon viño de Ourens,
así quería bon son de que “cum te potens” pera maestre Xohan”.

mais avisáronme demasiado tarde pra preparar o recital de Poesía Trovadoresca g[alego]-p[ortuguesa] que eisixe tempo. Certo que cando estiven en Ourens por xaneiro tratamos de que o recital se celebrase o 18 de abril, mais dende entón os de “Posío” non me volveron mentar a cousa hasta a víspera do aito, e son tantas as veces que cousas tratadas así quédanse en fume que eu agardaba unha confirmación antes de poñerme a preparar o recital. Prégolle que cando baixe a Ourens me disculpe diante iles.

Quero que iste vran veña conocer o Caurel. Sobiremos a Devesa da Rugeira ia Campa da Lucenza, nos tesos cumes, donde xa estivo Piñeiro. Decindo vostede, digo tamén a súa señora dona.

Unha aperta do seu sempre amigo

Novoneyra

VII

O Caurel Nadal 1960

Don Ramón Otero Pedrayo

Trasalba

Meu querido amigo Don Ramón: Remésolle istes novos poemas de “Palabra no Tempo” que María Mariño quere que vexa vostede antes de que se pubrique o libro no caso de que se edite nunha nova Colección de Poesía que teiman facer en Lugo. Dime tamén María Mariño que non se moleste en devolverlle os poemas pois quédase cunha copia diles, soio que si hai algo que a vostede non lle guste que mo participe pra logo ela suprimilo.

Moitos distes poemas van nunha nova sección do libro titulado “Máis Alá da Dor” donde María Mariño se achega máis e máis a esa “nudeza do Ser” que Vostede xa apunta no Prólogo, vendo a futura evolución do seu mensaxe.//

Namais meu querido amigo. Sépase coa miña compañía espritoal no inverno de Trasalba.

Unha forte aperta

Novoneyra

VIII

O Caurel Nadal 1960

Amigo Don Ramón:

Nistes días do Nadal –os chanteiros con gorriñas de neve...– penso en Vosté e maxínoo a velar o inverno de Trasalba, na memoria de tódolos invernos, dos que un xa somentes lembraba que eran longos, e que volven nun intre, cando o vento encontra a voz máis fonda i o agarimo da casa é o colo da Virxe...

Ventureiro Ani Novo

Novoneyra

O Carl Nussel
1960.

Em Ramon Otero Pedrayo
TVS Salas

Querido amigo Jon
Ramon: Reméscete estes
meus poemas de "Palabras no
tempo" que Maria Cristina
quiere que tuexa. Vostede antes
de se publicarem o libro no
caso de se se edita, nunha no-
va Coleccion de poesia que teimam
facer en Lugo. Dime tamén
Maria Cristina que non se
maleste en devolvelle os poemas
pois quedase unha copia dibe,
pois que si hai algo que a Vostede
non lle guste que o suprima
pra logo ela suprimilo.

Morto distes poemas
unha outra nova seccion do
libro titulada "Mais Alá da Do-
nde Maria Cristina se achega
mais e mais a esta "midezada
Per" que Vostede xa apunta no
Prólogo, vendo a futura evo-
lucion do seu mensaxe.

O Anel Natal

1960.

Querido João Ramón
Nestes dias de Natal
- os chateiros com corrimão de
neve... - penso em vós e
maximamente a velar o inverno
de Trás-os-Montes, na memória
de todos os invernos, dos que
ainda recentemente lembrava
que eram longos, e que vol-
vem num instante, quando o vento
encontra a montanha e o
frio se agiganta da casa e o
colo da virxe...

O Entureiro Ali Nho.

1960/1961

3) Cartas de Manuel María, Uxío Novoneyra, R. Patiño, M. Cuña Novás, X. L. Méndez Ferrín, Isabel Escudero e Agustín García Calvo

Temos poucas cartas, senón as 45 dirixidas a Ramón Piñeiro, parte das cales se publican neste libro noutro apartado: “Versións poéticas de Novoneyra nas cartas a Ramón Piñeiro”. (Outra carta fermosísima do poeta do Courel figura na sección “Autopoética” do presente volume, e nela tamén, outra a Allué, sobre o mimo e coido do mester de tradución). O caso é que mentres Novoneyra gardaba, para cando fose, todo o que escribía de seu (versos con variantes pouco menos que maniáticas e prosas das que non sabemos aínda o que pode dar de si o seu arquivo) –“o costume do traballo”–; era máis deixado coas cartas que recibía dos amigos (segue sen aparecer o orixinal autógrafo da famosa carta-prólogo de Piñeiro a Os eidos, da que soamente puidemos ver as correccións do poeta nas galeradas). [Para máis abundar, confróntese a “Nota de edición: de Piñeiro a Novoneyra” no Epistolario lugués. Cadernos Ramón Piñeiro (XV), pp. 29-32].

Dicían os curas vellos que tres mudanzas equivalen a un incendio: cantas daquelas cartas, tan funxibles, nos terán arrebatado o tempo, a humidade, a incuria, ata o esvaemento.

Damos aquí, por vir a conto, 11 cartas. Poucas máis deben quedar.

De Manuel María a Ramón Piñeiro

Lugo, 17 do San Martiño, 1953

De Manuel María a Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Hai tempo xa que maxinaba escribirche e, si non o fixen denantes, foi debido a que os líos me teñen demasiado ocupado. Por outra banda, o escribir ós amigos –ós bos amigos– é sempre pracenteiro porque así fala un pouco co íles.

Esta tempada ando moi probe espritoalmente e pol-o tanto non escribín unha soia liña. Esto para min é tristeiro. Si che hei de dicir verdade teño medo a craudicar: é dicir, a que o xuzgado poida comigo. Comenza un a deixarse ir e remata como un autómatas. I-unha vida así sería terríbel.

Estou ledo porque vai vir para Lugo o Novoneira. Vaise facer Mestre e Por-curador; o (sic) ben visto fará as prácticas –eu chámolle adeprender o “oficio” con Abelardo Delgado. Xuzga por ti mesmo.

Ti podes maxinar a miña ledicia. Iste convivir casi, faranos ben ós dous i-ó xuzgado.

Matino facer us versos máis pro meu POEMA A COMPOSTELA. Os versos do Pórteco da Groria. Agora moi de tarde en tarde leo “La Noche” e agradeceríache moito que, si publicasen algo sobre o Concurso do Ano Santo, mo diceses, pois necesito moito os cartos; agora máis que nunca.

Hoxe coñocín, no Café España, a teu pai. É un home extraordinariamente simpático. Estívome amosando as súas habilidades grafolóxicas. Díxome que “Os vellos non deben de namorarse” lle gustara moito. Falamos de ti como é natural e mais de Isabel.

A final do Outono estiven en Ourense a falar de poesía. Coido que a miña conferencia gustou. O grupo “Xente Nova” agasalhoume de todo corazón. É un grupiño interesante, moi interesante, que non convén descoidar. Ourense gustoume moito. Alí atopei a Otero, tan cordial como sempre.

Unha aperta a todos-os amigos, saúdos a Isabel e ti xa sabes
Manuel María

De Novoneyra a Manuel María

(Tódolos textos veñen mecanoscritos con algunha interpolación [] dos editores ou corrección a lapis () do autor).

1

Caurel, Maio [1953?]

(Está comigo unha meniña menuda e palida que teñe toda a fondura e maturidade sentimental da nosa raza. E de Monfero e-veñe, por liña mais ou menos curta, da casta de Pardo de Cela...).

Meu querido amigo Manuel María: Acabo de chegar do Caurel a ista vizosa terra brigantiñán a pasar unhos días en casa d-unhos familiares. Logo, ahí sobre o Domingo das mozas, pasarei por Lugo a facervos unha visita.

Nista tempada pasada no Caurel non escribín ningún poema, nin contestei ningunha carta, non tiña ganas de [nada].

Tí como eres o amigo que me po[día] perdonar mellor ista tardanza é ó prim[eiro] a] quen escribo.

Moito me alegrei de que che saise ó cabo o Libro da Terra Chá que eu tantas veces che dixen que escribises. Cando vaia será cousa de velo pra saber se é verdade iso que dí Anxel Johan de que tocas a miña liña de “Os Eidos”, o cual non me estrañaría nin moito menos pois calquera que escriba en galego verdadeiramente sobre unha terra ha de facer a forza unha poesía semellante.

(Dille a Anxel Johan que me teña pasado a máquina o MESTER DE AMAR E VAGAR (Libro de Amor) pra correxilo e dalle moitas lembranzas miñas así como a Figueroa, Pimentel, Celestino e López Pardo).

2

Caurel, Nadal, 1953.

Amigo Manoel María:

Como xa che dixen sofrin moito de saudade iste tempo d-atrás.

Antes, pra min, a saudade era somentes unha verba fonda que vós traquíades de cote nos beizos na que eu sospeitaba un sagredo misterio que agora me foi revelado fortemente:

“Iste desacougo... Ista cousa... Ista mao torda que tira... Iste quere[r]-se sin saber pra onde...”

Eiquí, como podes ver, hai algo mais que palabras. Eiquí xurde a miña dimensión humán, cousa que eu traigo moi encoberta, porque lle teño medo, e que por iso mesmo é mais terrible ainda cando se mostra.

(Fundo n-esta dor que mesmo oía ruxir dentro do meu peito) sentíame moi soio, e deime a namorar. Namorei e namoreime da pastora ... vendo como fiaba.

Non cabe dúbida que dispois da danza i-o andar nada dá o corpo feminino mais posibilidades de ritmo i-armonía que o fiare.

(Agora) cando eu me alongue d-eiqui (ela) ollará ós tesos cumes pensando en min, sabe que eu son o poeta do Caurel. Ila soio sabe cantar e fiar.

Agora ando a escribir teatro galego. A peza titúlase “O OLLO DA NOITE”^{*} e non é mais nin menos que a miña experiencia da saudade. Dubido que teña paciencia pra chegar ó cabo.

^{*} Que non veu a lume tal como o autor tiña xa asumido.

Está o día escuro. Oula o vento da neve nos souts i-o frío tira de un cara a lareira...

Qué tesos mais negros!

Vai nevar...

3

Caurel, Abril, 1954.

[...] Aíquí somentes quedamos meus pais, tres criados i-eu. O que se dí unha familia moi achegada e ben-[] valida (considerando a penosa [das] xentes labregas, nos tempos d-hoxe).

O pai de Germana* de Romeor levoume a ista pastora fiandeira, que eu quería porque me quitaba a dor de saudade e porque vía nela a caurelá pura. Gracias a isto puiden seguir escribindo na peza de teatro que me ocupaba: “A NOITE E MAIS QUE UNHA PECHA ESCURIDADE” na que refiro o feito certo de unha noite miña afondado en dór de saudade –A min cando me veñen istas ondas cuasi non como nin durmo. E unha cousa que non teñe nome iste meu corazón posto a sangrar...

[III]** Adiántoche as verbas que tapa o pano ó cair por derradeira vez:

“NOVONEIRA: Vivir en soidade... logo morrer... e logo nada: o ceo dos toupos...”

Ista é hoxe a miña verdade.

[Para outras cartas entre Novoneyra e Manuel María, confróntese NOVONEYRA, *Falorpiñas de neve / Cartas a Manuel María* Santiago de Compostela: Follas Novas. Colección Libros da Frouma, 2010].

* Que acabaría por ser definitivamente Ildara de Romeor.

** Os corchetes barrados, como este, queren representar algunha porción de texto que o autor tachou *ma non troppo*. Poñémola por ter información relevante.

De Novoneyra a Maside

1

Caurel – Xaneiro do 1954

¡Carlos Maside! ¡Meu querido maestro⁴⁸!

Sigo vivindo n-ista terra outa e soia do Caurel. Algunhas veces o tempo páraseme e véñenme ondas de saudade, coma istas. Dispois outra vez igual: a vida de onte de antonte e de anteantonte...

Encol da miña experiencia da saudade ando a escribir en prosa unha peza de teatro titulada: “A noite é máis que unha pecha escuridade”. É unha traxedia. N-ila o único que morre é o tempo que espira nas nosas maos.

Namais, unha forte aperta Eugenio

2

O Caurel. Nadal. 1956.

Meu querido amigo Carlos Maside: Feliz Nadal i-alegre tempo de Reis!

Que a soedade, a friaxen io silencio do Inverno non te manquen máis que unha falopiña de neve ó caír.

Novoneira

48 Esta carta é a que propicia a resposta de Maside, carta VI, sen data pero posterior a esta, que publicamos en *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*, Cadernos Ramón Piñeiro (XIV), páx. 188.

49 Da peza –traxedia, polo visto– queda soamente o título, a non ser o monólogo, en verso, que publicamos no apartado “Versións poéticas de Novoneyra nas cartas a Ramón Piñeiro”. Damos dúas versións: 1) “Invocación e prego do Novoneyra” e 2) “A noite é máis que unha pecha escuridade. Prego”. As dúas en verso, acadarán forma definitiva n’Os *eidós*, no poema “Terras altas e solas”, datado 1953-54.

De Patiño a Novoneyra

1

Madride, 25 Nadal 1.970.

Meu amigo Novoneira:

Meu vello lobo caurelán, bótote moito, moitísimo de menos no meu fogar. Pinteí arreo e longo. Arelo moitísimo falar contigo. Vaia por oxe (sic) soio ca máis forte aperta istes escritos dun home que sabes o que siñificou pra min.

Teño necesidade de ollarte novamente algún día.

R. Patiño

2

[30 outubro do 1971]

Meu querido irmán Novoneira:

Enviareiche o luns fotos e máis catálogos. Deica isa o máis fondo agradecimento por unha presentación que é a mellor do mundo. Tanta que acomplexa ós meus cadros. A máis forte aperta lobo diste outro lobo, lobicán i amigo.

R. Patiño

[Carta de Reimundo Patiño a Novoneyra, escrita sobre o catálogo da exposición de Vigo, en “Roizara”, (Vx. Antón Patiño)].

De Cuña Novás a Uxío Novoneyra

Meu amigo: Xurdiu o Canto e Fuga que che adico e adxunto, tendo diante dos ollos a tamoeira do muíño onde deitabas, pra facer o pan dos teus versos, os achádegos imposíbles da túa adolescencia; a eles, tentei de xuntar a miña inquedanza dunha Galicia que, coido eu, escomenza a atender os primeiro asúos [asuntos ?] dunha nova e inda máis infamante escravitude.

Namentras agardo axiña o teu parescer, saúda a Elba no meu nome e ofrécelle a miña fonda gratitude pola súa amabilidade.

C[uña] – N[ovás]

[A carta haberá que data-la antes do 28-2-77 que é cando se publica en Pontevedra o poema “Canto e fuga da irmandade sobor da terra e da morte”].

De X. L. Méndez Ferrín a Novoneyra

1

Vigo, 27 de agosto, 1981

Novoneira

O Courel

Meu querido amigo:

Os meus compañeiros pídenme que te convide a participar na candidatura abstencionista que propón “Galicia Ceibe”, segundo a circular que che adxunto.

Eu ben desexaría que aceptaras, que compartiras connosco esta navegación senlleira.

Esperamos que te poñas en contacto con nosoutros para sabermos a túa decisión. No caso de ela ser favorábel, envía unha fotocopia do teu DNI á dirección que figura na circular de “Galicia Ceibe” que che adxunto.

Noraboa polo pregón de Ferrol⁵⁰, cheo de luz.

Apertas fraternais

Xosé L. Méndez Ferrín

⁵⁰ Refírese ao “Pregón do Ferrol. 1981”, que é o pregón 1, no apartado “III. Inéditos. Prosa”, da *Celebración*, pp. 83-86.

(ano 1982)

Uxío Novoneyra
O Courel

Meu amigo:

Esta é para decirche que veño de firmar unha candidatura pra a “Asociación de escritores en Lingua Galega” en que se presenta pra presidente a Novoneyra; Vicepresidente, Beiras; Secretario, Pexegueiro. Tamén figuran como vocais Bernardino, Manuel María, Margarita Ledo, Reixa (Rompente), Taibo e Baixeras.

Dígoche isto pra a túa información e máis pra comunicarche a miña convicción de que é a mellor das candidaturas⁵¹ posíbeis de cara a ir construíndo unha imaxe pública da cultura real da nosa terra fronte á falsedade ruín da “cultura” oficialista e filisteia. Espero que aceites esta responsabilidade.

Recibe unha fonda aperta do teu amigo fiel

Xosé L. Méndez



Con dous amigos en Fonte de Parada (1972?)

51 Que saíu elixida. É a primeira presidencia de Novoneyra. Habará outra, despois do interregno de Avilés de Taramancos, que será a definitiva ata o falecemento do courelao.

De Novoneyra a Xavier Senín

Santiago de Compostela, 30 abril 1990

Sr. D. Xavier Senín
Subdirector Xeral do Libro

Querido amigo:

Dado que a mediados de este mes saíu un artículo na VOZ DE GALICIA sobre algo que nos implica a ambos: a min personalmente e a ti como Subdirector Xeral do Libro, deixo eiquí testimonio por si che fora preciso usalo:

Fai unhos tres anos o entón Subdirector Xeral do Libro suxeirume (non me encarregou como di o artículo) se quería participar na CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA LECTURA cunhas narracións infantís ou xuvenís. Así o fixen. Mais ó entregar o traballo, cando xa ti eras Subdirector, alguén reparou ó facer una

fotocopia do traballo en que non estaba normativizado como era preceptivo. Normativización que pra facilitar as cousas ti mesmo te comprometiches a facer e fixeches polo que che quedei agradecido de verdade. Logo o traballo tardou en serme pagado porque ó parecer se extraviou algún papel nos trámites de pago. Mais foime finalmente integramente pagado tanto a min como ó ilustrador das narracións.

O feito de que eu non esté de acordo coa existencia dunha normativa estricta na Literatura de Creación como teño decrarado reiteradas veces e que esto me arrede de solicitar algunha das axudas a creación que ofrece a Consellería de Cultura e D[eportes] e que considere que hai moitos escritores galegos marxinados por esta causa, estimo que non debe

mesturarse (como se fai no dito artículo) cunha serie de imprecisións e inexactitudes que ó lelas me causaron fonda contrariedade, da que non me libraría se non che escribo esta carta aclaratoria.



Co seu fillo Uxío (1984)

Teño ademais que comunicarche que a mediados do pasado xaneiro a AELG, nunha xunta directiva celebrada no Hostal dos RR.CC. acordou concederche un voto de estima polo esforzo que supoñemos teu no ano 1989 en dotar a AELG nun ano en que tiñamos compromisos ineludibles (II CONGRESO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA e VI ENCONTROS GALEUSCA) e recibíramos unha insuficiente cantidade por convenio.

Todo isto dista bastante dunha intención crítica contra ti por parte da AELG e por parte miña.

Sin ser consultado fun usado (no dito artigo) como arma arrojadiza (sic)

Un gran abrazo.

Uxío Novoneyra

Avda. Xohán XXIII. Bloque 3 portal 4- 1º-D.
SANTIAGO DE COMPOSTELA

De Isabel Escudero a Uxío Novoneyra

Carta a Uxío de Isabel

Las Navas del Marqués. (Entre Guadarrama y Gredos).
9 de Septiembre de 1999.

*“A medida que o tempo pasaba
alongábame da morte...”*

Qué milagro, Uxío, es que uno se encuentre alguna vez con uno, otro, herido de la misma flecha, y que no importa en qué momento y lugar porque esa flecha es también la del tiempo y lo ha dejado allí atravesado, parado justo en el instante, de tal manera que no podemos ya decir que fue en **O Caurel**, una tarde hace treinta y tres años, o aquí y ahora en este momento en que te escribo. Lo cierto es, Uxío, que todavía me resuenan en los montes del alma el eco de tu voz poderosa y certera. Tu voz despertando los bosques, el día, algunas de esas “*pocas palabras verdaderas*” que uno a veces también escucha como por descuido del anónimo pueblo, en *el no vivo y primero de un niño*, en el canto de los pájaros entre la niebla o en la voz que no miente, de la corriente. Y algo de ese aliento, Uxío, es quizá lo que todavía ahora, después de los años y a contratiempo de la edad, nos inhunda (sic) el corazón de una fe contraria a la del dominio de la Realidad, esa

Realidad que nos quieren hacer creer que es todo lo que hay, pero es mentira. Tú has vislumbrado otro mundo, tú has acercado “*os beizos a vasos máis fondos*”. A ti no te han podido engañar con sustitutos. El amor sabe distinguir aunque se engañen los amantes: “*Non, a forza do noso amor non pode ser inutile!*”.

Cada vez que durante estos últimos ventitrés años –junto con Agustín– hemos ido a Compostela he hecho por verte. No siempre ha sido posible. Recuerdo que cuando te presenté a Agustín le dije, aquí Uxío de O Caurel, que me enseñó la música de los montes con su mejor letra. Nos gustó verte allí en algún recital con los amigos (Galín, Lixo, Jorge Cuña, Carlos Oroza, Amancio...), unas veces arriba en el escenario con nosotros recitando, otras veces abajo entre la gente, como uno más, disfrutando de los versos y la voz viva de nuestra herida común. Pero yo quisiera hablarte hoy de más atrás todavía. De algo perdido en la noche de los tiempos, casi olvidado y por la sal del olvido renacido.

Recuerdas, Uxío, aquella tarde en que te vi por vez primera. Quizá fuera el otoño del 66. Yo entonces –ya madre tan niña– que huyendo de no sabía qué, llegó hasta allá, al confín del mundo, a los bordes de las últimas tierras, de la mano de un neno pequeño y un marido todavía nuevo y tan asustado de no poderle a la niña quitar la tristeza. Tú andabas por allí, debajo de una vaca, sacándole leche y espuma para tu madre encamada. Ya era entonces venerable tu figura y tan ancha

tu sonrisa de hogaza. Amigos queridos (Herminio, Hilario, Carlos, Jorge, Antonio L'enfant –mi hermano–...) nos habían hablado de ti, de tus salmos y tus montañas, y a mi se me había ocurrido pedirle al esposo que ni París ni Estambul, que allí quizá alguna meiga o tu voz, o las dos, por oscuro ungüento o saliva de versos, el pulso y la risa me devolvieran. Porque cierto era que nadie, ni yo misma, entendíamos, cómo tan lindo que me iba la vida, tan hermosa y afortunada con un niño tan guapo y un hombre que tanto y más me quería, y yo que nada, que no paraba de llorar y llorar todo el día, y de noche larga, los ojos



Eu Santiago (1990)

abiertos como una Minerva de saber insomne herida que por voz de Rosalía, también de sombra asombrada, repetía: “*Teño medo d’unha cousa / que vive e que non se ve*”. Y me fui hasta allá rastreando aquel Norte de niebla: “*Norde último / das*

campanas da neve! / Frol de fumo!". Era sabido que aquella extraña melancolía sólo de música de versos se me disolvía y que el garabatearlos en tinta de lágrimas aún me sigue dando la vida.

¡Los días suaves de niebla y sol, las turbias tardes de tronantes tormentas que pasamos en O Caurel!. Tú en tu casa de piedra y heno, junto a tus padres enfermos y los mansos animales, como un campesino ocupado de sol a sol, dolorido pero a gusto con tu fértil soledad. Una soledad que no te hacía indiferente a la desgracia del mundo. Nosotros en aquella vieja posada de la galería carcomida donde nos reuníamos todos al caer la tarde, por el gusto no más de verla caer. Recuerdo un día aquella desconfianza tuya ante la noticia de un nuevo amigo muerto (ya estaba también en el aire la atenta guadaña presta a segar sin piedad la flor de **María Mariño**), una sana desconfianza que te hizo abrir los cristales y gritar airado al vacío: *"Pode morrer o home? / Dónde está agora Compostela? / Eu non sei pensarte morto. / Abrio a fiestra e ollo a serra pra ti."*, (renovados versos que ya escribieras en las *Elexías do Caurel*), mientras que un trueno de monte en monte rebotaba desde Pía Páxaro hasta nuestras cabezas. Así es, Uxío, tú lo dijiste alto y claro y pronto: *ni el amor ni la razón pueden pensarte muerto*. Aquella tarde tú me enseñaste a desconfiar de la Realidad, diga lo que diga la Autoridad. Por tanto, maestro, tú de ti, aprende y olvida. Besos y salud!

Isabel Escudero

De Agustín García Calvo a Uxío Novoneyra

(ano 1999)

Uxío amigo,

Compañero de trovas de las yerbas a los cielos y viceversa, quiero, en este tu homenaje, centrarme en un recuerdo que de ti se me ha quedado colgado para siempre, de una vez que nos encontramos en un tren de los gallegos de día, camino yo de Zamora, tú de vuelta a tu Galicia desde la Corte. Eran los tiempos en que andabas vacilando, entre honesta desconfianza y resignado buen humor, en la duda de las tentaciones del juego de la política con tu persona, si avenirte a ellas por esperanza de alguna utilidad posible para el pueblo y las tierras de tus amores o si dejarlas sin más en el desengaño. En aquel porte y gesto de la vacilación y de la duda te me has quedado prendido en la memoria, y así deseo seguirte recordando.

Y te cuento mi recuerdo, porque tú sabes bien, Uxío, que el recuerdo es vida, que tal vez el recuerdo y la añoranza es la sola vida de veras que nos dejan: un recuerdo que no se ha hecho Historia ni fotografía, sino que sigue vivo como éste que te presento, como en un juego de espejos temblorosos, el de ti en el mío, el de mí en el tuyo; y con ese juego, mis amistades para cualquier tiempo y para lo que valgan.

Agustín García Calvo

V. SOBRE AUTOPOÉTICA.
(Autocrítica, metapoética, poética propiamente dita)

V. SOBRE AUTOPOÉTICA. (Autocrítica, metapoética, poética propiamente dita)

«Hai unha certa atonía dos poetas maiores e unha entrada de diversos grupos de rapaces con afán de renovación do idioma poético e das técnicas de composición. Muitos deles son poetas mozos de gran preparación e rigor...» (Do arquivo de X. M. Pereiro, nota autógrafa de Novoneyra do verán do ano 1978).

Calquera lector avisado decatarse da importancia destes escritos, pola intensidade e fundanza, pola formulación que o creador ten dese vir a si da súa poética, do seu aquel, das recorrencias, do descorrer de poeta de curso longo, rotundamente.

Sabiamos que o logro poético do courelao comporta unha excelencia que como tal poucas veces se ten dado nas nosas letras.

Sabiamos, menos, sobre o que o autor sabe do seu oficio de poeta, qué pensa sobre o seu propio canto: o seu don de poesía. Cando o autor se enfronta a si propio, cando se mira de fóra e se pon a repensar o seu mester. De aí que varios destes escritos volvan arredor da súa obra xa escrita como quen volve a un pasado. Textos que amoian –para dicilo á súa maneira–: que fan sentir o seu peso.



Novoneyra nun grupo de escritores galegos: (M. Forcadela, B. Graña, X. Seoane, etc). Durango, 1989

1

“No medio de esta infinida pereza que case xa se fai senso de vida, pois nace//

de un convencemento íntimo e profundo, siguen medrando “Os Eidos” e definíndose cada vez máis. Non sei se ó lel-o se nota como foi escrito este libro: eu remato case tódolos poemas de pensamento, hastra axustar a derradeira verba: logo, se me parecen meus, levántome e séntome a escribilos, mellor dito a copialos. Iste é o método que eu teño pra, no que cabe, decil-as cousas como se sinten pois así non se deixa un levar tanto das verbas.”

[Carta de Novoneyra a Piñeiro; Caurel, vran de Sanmartiño 1955]

2

“Nunca coma de volta de iste viaxe se me fixo sentir o Caurel. Sentir o meu ser infinito infinidamente cinguido pola súa presenza, que me tocaba a un tempo en toda a extensión miña.

Nunca sentira nada así. Era tan seguido e tan fondo! Manaba todo de tal xeito drento e fora!


Eu estaba núo no cruce de tódolos escondidos camiños que nos levan e íbame por todos iles a un tempo, non sei se pra drento ou pra fóra. Non podía pensar.

A luz que me alumaba outras veces, cando teño sentido cousas que me fixeron asombrarme do meu cor, non viña niste bulto informe no que subían tódalas cousas soterradas a pousarse riba de min. Isto facíame moita solpresa, pois algo que era moi meu era o sentir, no que cabe, isto i-aquelo [por separado]. O que isto se rompese era o único que enchía ise sitio onde nos contamos o que nos está pasando.//

Sentía todo a un tempo sin que por eso, a pesar da grande vaguedade, se me escapase a súa complexa variedá, que era precisamente o que me atoutelaba, xa que todo quería ocupar pra si soio a parte visíbel do meu espírito solto.

Maxínate ti, que che deran a volta, e que todo o que tes, todo o que ó longo da túa vida se foi pousando correra por ti hasta tocarche nise sitio onde máis se sinte, nise intre en que tódolos sentimentos son iguais, porque as súas ondas tocaron os deslindes do infinito do ser... Así foi”.

[Carta de Novoneyra a Piñeiro; Caurel, 8 de Sep[tiembre] 1956]



3

Caurel, V, 1967
[a Madrid]

Querido Allué:

Cando recibín as 5 *pezas para cémbalo* coidei que non sería posíbele o traducilas con certa forza ó galego e deixeinas de lado durante un mes. Pero fai unhos días, unha tarde pilleinas e traducinnas todas de golpe.

Todas elas son muy finas, fondas e de gran composición.

A traducción vai xa medio revisada i algunhas cousas raras que vexas son intencionadas; por exemplo:

“Presencia azar” por *“presencia azarosa”*.

Tamén, no derradeiro verso da 3ª peza, o modismo popular moi utilizado eiquí *“xunta túa”* en vez de *“xunto a ti”*.

Poño asimismo *“páxaros bronce”* e *“páxaro cobre”*, suprimindo o *“de”*.

Como en galego non ecsiste a palabra *“estepa”*, pois non hai eiquí estepas, tradúzoa por *“alta chaira gandarida”* que vén a ser *“alto llano inculto”*.

Non sei se *“álamo”* ten nome galego pro, de todos xeitos, non creo que teña superior sonoridá á castelán; sobre todo en función das palabras que siguen, pois se rompería a aliteración en *“l”* i en *“m”* entre *“álamo”* e *“trémela”*.

Dime que tal che parecen.

[Carta de Novoneyra a Allué, en *Cartas a un mozo galego*, carta nº 58, pp. 166-167].

4

Un primeiro encontro

[Do ano 1991]

Eu propúxenlle recentemente o editor de *Tempo de elexía* (título que levarán as *Elexías do Courel e outros poemas*, editados fai 25 anos pra colección “Adonais”) e que agora inaugurará xunto con *Fabulario novo* de Manuel Cuña Novás a colección “Merlín e familia” de VÍA LÁCTEA con que así se estrena con dous libros do existencialismo poético galego.

Propúxenlle, digo, que os prólogo e epílogo que acompañen a obra, así como unhas lecturas que dela se fixo, vaian nun papel aparte, dobrado dentro de cada volumen e que poden valer como marcador de páxina que o lector pode usar

ou non, se quere, ou non, ser conducido, ou non, interrompido polo menos de entrada.

Espero que este método sexa usado no futuro nas edicións non anotadas de poesía pra non interrompir a pureza do encontro cun texto poético i evitar o caso extremo que xa se deu de primeiras edicións xa exhaustivamente criticadas que non deixaban a máis mínima liberdade ó lector, que é o que reivindicamos nun primeiro encontro.

5

Autopoética

Escribe como se nada estivese escrito e que as palabras non atúen o silencio que foi o que *Os Eidos* quixeron ser, mainamente ó amparo das presenzas da Natureza-Terra como se o tempo do poeta fose infinito tamén.

E non escribas nada que poidas calar. Este foi o propósito das *Elexías*.

Despois destes dous libros deixei de ser tan rigoroso na presión sobre o texto poético, aínda que seguía eu aberto de todo cara á palabra, nunha expectativa tal como se ela, a palabra, puidera ir máis alá aínda que a propia conciencia e memoria e como se ese rebusco e paixón órfica fose o destino máis alto. Indo e vindo entre o profundo pasado oral, a escrita do meu tempo é a vangarda. Constante permaneceu esa vontade de claridade e de síntese que se revela incluso en textos xa non tan nús como os de mocidade. Prosegue igualmente aberta a posibilidade de epifanía e aquela primeira promesa á noite: o canto que nunca ti-veches no bosque.

[In *Muestra mínima*, Colección TEDIRIA
(Selección de poemas y traducción al
castellano de Julio Calviño) Málaga, 1992].

(1998)

Entre escritura e debuxo nun principio non houbo separación, toda escritura veu dun facer signos, que nun principio eran signos que recordaban ben a cousa en si. Moitas veces por debaixo dos grafismos poño o texto mecanográfico, ou o texto composto do grafismo, porque o que eu escribo á man non é para ser lido, é para ser sentido, quero dicir sentida a tensión gráfica; que transmita a extremada tensión gráfica.

[Arredor do 98]

“... *Mildouscento(s). Cantata en Compostela. Tapiz de varios trovadores*, de unha hora de duración, pensada pra estrenar nos próximos dous anos, no próximo ano de peregrinación maior ou no Compostela 2000. Logo habería que musicala e estrenala. Cáseque nada... Pero eu farei o libro”.

¿Por que escritor?

¿Por que escritor? ... Quizabes por unha desmesura do soño. Por un desmandarse, por un anteporse dos soños máximos.

Grande é a soidade de todo ser humano e non só a miña por vivir nove lustros no Courel / A certa idade é mellor medir o tempo por lustros como facía Horacio en A Cínara /. Grande é a soidade e por eso tamén grande é a tentación de pecharse a soñar. Ou de abrirse a soñar. E máis cando toda a segunda infancia, toda a adolescencia, toda a mocidade, “as sete mocidades”, quedaron inscritas na Ditadura. Na longa pecha Ditadura, que aínda nos permitía soñar co seu remate e cunha lonxe-vaga salvación de todos e de todo. Porque esto de agora, a consolidación da frustración, e a promesa chata, paleta que se nos fai de Europa e a expectativa do 92 si que semella non ter remate.

Xa está dito que soñar é crear. Máis cómpre reasumilo. Soñar é descubrir posibilidades certas. Cáseque sempre soñamos posibles necesarios. Cáseque nunca soñamos imposibles, anque só sexa por esa discreción que nos impón a Historia. Posibles necesarios e difíciles. Difíciles só porque están en choque con intereses creados e coa simple inercia. Só por iso. Por iso foron descartados, deixados. Fómonos desdeixando dos soños. E neste desdeixarse algo terá que ver o que eles ás veces poden ter de mentido ou de iluso.

Mais como posibles que son e como necesarios volven e volverán plantexarse xeración tras xeración, individuo tras individuo, esixindo a súa formación definitiva e a súa realización.

Por eso sen máis poder que a palabra, a lingua sen mans, un buscou a acción a través dela, da palabra escrita viva, única saída posible do circo/cerco de soidade e apatía social e política.

A palabra viva, a escrita de creación, permitía, permitíume a prosecución de soño máximo como única realización dun home sen poder nun pobo sen poder. A escrita de creación, como unha forma de autosuficiencia, blindábame e sen arredarme permitíame seguir ou non demitir. Un poeta pouco máis precisa se o alenta a plenitude interior. Se está ben asistido pola memoria individual, pola memoria colectiva, pola memoria profunda, polo ensoño do futuro, pola potencia da mocidade. / Os poetas gozamos e sufrimos dunha incurable mocidade /. E máis se, por riba de todo iso, un ten o nó, o problema de pertencer a un pobo sen estado de patria-lingua ameazada. Entón si que xa se xustifica toda a desmesura no soño e na renuncia por transformar o Mundo e salvar o Seu Común o Noso Común.

Amáis de estar posuído polo soño da plenitude humana e da liberdade, polo soño de cambiar o Mundo, un está secuestrado pola patria. E esto si que o pon en forte punto. E máis por tratarse dun poeta que é o ser máis dependente da propia Lingua.

Secuestrado polo ensoño, secuestrado pola patria, cando tamén pola ideoloxía. Feito un nó coa forza tomada do propio pobo. Alimentado e desmentido por el. O escritor ou poeta en lingua ameazada non pode escapar do circo teimoso de fidelidade que a un mesmo tempo o dignifica, o engrandece, o limita e o constrix. Séntese inescusablemente comprometido, obrigado, bloqueado, secuestrado, esgazado entre a liberdade e o deber igualmente asumidos.

O de escritor é un oficio, un mester de vaguidade. Un non contar nunca por máis que se queira precisar con palabras definitivas. Por iso me sinto dado á escrita de creación, pois non teño as palabras certificadas dos profesores e os científicos, o idioma académico, especializado ou convencional. Senón a palabra outorgada, feita pola memoria escura, a palabra tanteada non se sabe como a loiras de conciencia e de instinto, a palabra nosa e que a nós mesmos ilumina e cambia e sostén e afirma e afinca e non por pura suxestión ou autoengano. Escribo porque algo creo no dictado interior e non podo ter máis certeza cá do propio descubrimento. Iste é o don e a menesterosidade dos poetas tamén aquí no País do

Fin do Mundo, tan concretamente manipulados polos que o din misterioso. Aquí aínda se acai a profecía, a palabra que di e a palabra que convoca. A palabra crítica, e a palabra tamén como entusiasmo e festa. A palabra como queira.

Aínda concibo a función do escritor como función máxima e no cas galego a Literatura como misión, como gardadora do pasado, como veladora e como adianto do porvir, aínda que só se adianta o que xa está en nós. O feito de que Galicia sexa unha nación sen estado, mal articulada e representada, carga moita responsabilidade no escritor.

Demasiadas vaguidades cando se fala do demasiado próximo, cando se fala sen unha mínima distancia.

[O texto tomámolo de *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, en Escrita contemporánea. Vigo: Asociación de escritores en lingua galega, 2005, pp. 55-57. Foi traído outra vez á luz por María Pilar García Negro].

9

Obra propia

Se sodes algo lectores de textos poéticos en galego coñeceredes, polo menos de nome, o meu primeiro e máis popular libro “Os Eidos – 1 e 2” publicados no 1955 e 1974.

Algunhos quéreno integrar na corrente do paisaxismo e do virxilianismo lugués, xunto a Noriega Varela, Crecente Vega, Aquilino Iglesia, pero o libro é máis ben independente de escolas literarias. É un viaxe á terra profunda, unha apertura á presenza das cousas que sorprende o silencio da terra e o colle coa palabra que se carga co ritmo dos seres e dos meteoros.

Está escrito no estilo da lingua oral e popular que é premida até o límite.

O segundo libro “Elexías do Courel i Elexías de Madrid”, chamado tamén “Tempo de elexía” desnúdase de toda literatura, arrédase do estilo da lingua oral e busca os estados límite do Home diante do Amor i a Morte, a angustia e a distancia interior. É o libro meu que lle gustaba a Garcés.

“Do Courel a Compostela” reúne preferentemente a poesía social e política. Acomoda en galego por primeira vez a poesía oral e visual ia caligráfica. A visual reinstáuraa, pois xa fora usada nos anos 30 por Manuel Antonio.

“Poemas da doada certeza” repite os logros anteriores e engade unha nova forma de composición no poema “Viaxe”; é un tono distanciadiado demiúrxico, o tono de quen fala dendes do alto da idade.

LETRAS GALEGAS 1998

O Cancioneiro e o mar



Alfonso Álvarez Cáccamo – Xosé María Álvarez Cáccamo
Xurxo Alonso – Fermín Bouza – Gonzalo Bouza-Brey
Ramón Caride Ogando – Ramiro Fonte – Salvador García Bodaño
Bernardino Graña – Xulio López Valcárcel – Manuel María
Uxío Novoneyra – Anxo Pastor – Daniel Pino Vicente
Xesús Rábade Paredes – Xavier Rodríguez Baixeras
Domingo Tabuyo – Helena Villar – Rafael Villar



FOGAR DO PESCADOR
VILAXOÁN

10

A ebriedade do canto

Quizaves a poesía sexa a única expresión enteira do home non relativizado nin parcializado.

Quizaves por atender, por priorizar unha forma aguda da memoria, conserve, garde algo da esperanza primeira, da vitalidade primeira que levan á ebriedade do canto, e por estar moi ligada á mocidade conserva aínda un alento de actuante entusiasmo.

Non cabe dúbida que a pasión poética vén de algo auroral e ten que ver coa paixón erótica e co impulso comunal e coa herencia profunda tanto do sangue como da cultura, da lingua propia.

Memoria i herencia son expresións da única permanencia e trásmítennos unha forza que rebasa o puro caudal individual.

A poesía é algo comunal e insumiso.

É un resto da inda desmentida primeira, cega unidade; e por un intre pon o home o marxe do medo, inda dentro do medo; e salva como o amor.

É unha forma de comunión que tampouco está lonxe do mecanismo interior que desencadea a emoción patriótica.

Todo poeta éo primordialmente da súa nación.

Porque il é o ser da memoria inevitable, gardadora e salvadora.

É o esclavo poseso da súa lingua.

É a encarnación viva de esa lingua.

E nil volven cobrar alento, o alento que tiveron nelas, as palabras e os xeitos da lingua de xeneracións e xeneracións pasadas que a falaron e a fixeron única e así tal e como é.

Por eso ¿quen non rexeita os fríos manipuladores da lingua de calquer índole? Os deformadores da patria. Os enlatadores da identidade.

Por que a lingua é sagrada, é o único que queda de tódolos nosos mortos, a única forma de inmortalidade longa.

E o poeta é ou debe ser a encarnación viva de esa lingua.

E sabéndoo ou sin sabelo sempre fala en nome do seu pobo.

Calquera ó falar con plenitude pode ser nise intre o poeta do seu pobo.

Claro que o falar pleno xa é canto máisimo.

E como dixo aquel poeta tan famoso da miña mocidade “sólo a canción riba da terra, é a que glorifica e festexa”.

Podería seguir engarzando vaguedades. Sacando unha doutra.

E sin ningunha total definición beirar o eido de esa verdade só contrastada polo escalofrío. Polo calafrío. Pero eiquí vamos tragar senón a poesía, algús poemas.

E deixemos que as palabras distes poemas, si posible for, nola convoquen como a gracia do mundo.

De calquer mundo ben vivido inda que entón parecera precario e o fora.

~~Mystères~~

Diante de ti me piro
Diante de ti me trago
En pura forza de seño:
Mousoi! Ei, ei, Santiago!



En todo silencio preguntado

(Algunhas consideraciós)


A experiencia da Naturaleza-Terra ocupa unha das primeiras, senón a primeira capa da memoria profunda. Esa experiencia multimilenaria está detrás da inmediata, directa e pura presenza da Naturalez-Terra en OS EIDOS (Bazterrak pros vascos nesta versión bilingüe que acaba de sacar a Editorial PAMIELA de Pamplona). A Lingua Galega usada no libro tamén está cargada de esa fonda experiencia que a máis da Lingua tamén entra o incoscente. Levamos a nosa Terra marcada, estampada en nós. E o que fixen no libro con maior ou menor precisión foi aillar, xebrar esa zona da memoria profunda e común e deixala pasar ó poema o máis doada, natural e integramente posible, empregando pra eso a Lingua marcada por esa mesma experiencia, presenza e influencia dominante, a Lingua que tivo a última evolución prolongada no mesmo ámeto, medio natural ou territorio. É algo remoto e presente ó mesmo tempo. Memoria colectiva e memoria individual. Actual e da infancia á unha. Eso fai que o que pudera parecer descriptivo seña puramente interior e noso, ata tal punto que se integra na propia identidade. Algo vago e concreto que se di tanto coas palabras coma co silencio. Que as palabras non tapen o silencio.

Eu percibía que algo mui fondo viña naquela fluencia misteriosa, algo longamente elaborado e oculto que de sópeto se me revelaba. En canto ó idioma poético esa experiencia da terra /que é máis radical e básica que a sola emoción da paisaxe/ non podía ter outra forma que a común. Non lle iba outro estilo que o propio estilo da Lingua, o estilo común da Lingua na fala. Eso si, a Lingua común premiada, sometida a unha presión moderna e con presenza do extraliteral.//

Na era do coñecemento parcializado e analítico, especializado, o poeta tende á unificación i á intuición, quizaves nun impulso, nun pulo por salvagardar a unidade do ser. Hai unha necesidade que clamea polo poeta pra contrapesar o control interesado da comunicación polo Estado e polos grupos de poder. Hai que suporlle ó poeta nalgún intre, fronte a nunca, o ser dono da palabra desinteresada e xusta, da palabra non pagada nin sempre temerosa, da palabra escapada, da inevitable verdade. O estar abocado á expresión como destino. Estar dispoñible pro novo. Ter a un tempo a evidencia do posible i a evidencia do perdido. Estar tensado entre a Pasión do Futuro i a Nostalgia do Pasado. Son cousas que están latentes en todo home, as que ás veces están mui candentes no poeta e fano amosar. Non sei se este tempo i esta sociedade de hoxe lles serán propicios, mailos poetas siguen aparecendo anque señan dificilmente recoñecidos, pois xa non son os tempos en que “ós deuses axiña e doadamente se lles distingue”, mais inda//

“ervellan os ollos de tódalas xentes” pra xustificar unha mínima castigada inocencia. Xuntar, ninguén sabe cómo, a cultura popular, a cultura proposta, a cultura marxinal i a da avangarda e nun pulo brut formular o sentido e concencia do último intre nun conceuto núdo ou nunha imaxen viva fortemente trasmisora, movedora e quizaves salvadora. “¿Para que poetas en tempo menesteroso?” ¿Por que poetas en tempo menesteroso? Quizaves precisamente por eso.

A mesma infacia sigue ó fondo i as sete mocedades coma no poema celta e inda por veces o mesmo pulo i os máis queridos soños, entre iles o soño da patria tan castigado e que houbo que recompor tantas veces. Xa non vivo no Courel (a onde penso, non sei cómo, volver) mais teño fermosos fillos e plena compañía e amigos novos pra atenuar o valeiro dos que se foron levando un mundo que un creu permanente. /En canto ó pouco que escribo inda é demasiado se se pensa que cáseque todo está escrito e que só se debera escribir o que un non pode calar. Ademais, o poeta non ten por que ser necesariamente escritor, anque non pense máis que na Poesía como a súa única función verdadeira e máxima. Como se decir fora todo./ Ás veces, o meu verso sigue sendo delgado e alto como aquil mozo dos cincuenta, porque inda que se siga escribindo a poesía é un don da mocidade como o amor. Unha incurable mocidade.



Coma a coor de esta herba marela de tan verde-Santiago

VI. EPÍLOGO

VI. EPÍLOGO

Uxío Novoneyra considera a lingua, e ten razón, como un efluvio natural da terra e da xente, como unha manifestación do espírito creador do pobo, que non pode ser sometida a ningún tipo de coutamento que free esta libre expresión. Por iso se posiciona abertamente contra o estándar:

"Creo que todo o que o galego perda en rigor normativo, en forzada sistematización, en manía do estriuto que sempre dá en estreito, todo eso ganara en aire, en alma de patria, ganará en ser recoñecido sempre como propio. Cada forma propia e normal da Lingua, na fala, ha de ser recoñecida como válida na escrita. [...] Non queremos unha normativa que exclúa as peculiaridades dialectais. Non queremos unha inter-língua que pille algo de eiquí e algo de eilí. Non queremos un galego de laboratorio, un galego no que só, os que o "elaboran", recoñecen a súa patria"

E nesta liña pídelle ós novos escritores e poetas galegos que usen o seu galego individual, local, comarcal, pois o outro dubida de que sexa o galego, un galego interior, como ha de ser o idioma na creación escrita.

Moitas son as ocasións en que se mostra especialmente crítico co Instituto da Lingua Galega, e coa Agal: *"Ós que verdadeiramente falan galego, ós que sólo falan galego, ós que sempre falan galego, chegaron a facerlles crer que non o saben falar. Esta creencia, este feito, é público e notorio e débíalles servir como motivo de reflexión ós señores lingüistas do "Instituto da Lingua". E en canto ós seus antagonistas da "Asociación Galega da Lingua" eu diríalles tamén que é xusto que Fernando Pessoa diga: a miña patria é a lingua portuguesa, como é xusto que eu diga, e que nós digamos: a miña patria é a lingua galega"*.

Non é este o momento de analizar polo miúdo este problema, pero coido que Uxío neste caso non atinou nas súas apreciacións nin na dureza das súas descualificacións. Quizais o cegou a importancia da función identitaria da lingua, que non lle permitiu ver con claridade a súa función de cohesión social nin a de instrumento para a comunicación da sociedade moderna, imprescindible para calquera lingua con vontade de futuro. E teño que dicir que non me parece xusta a valoración que fai de Institucións coma o ILG, porque non houbo ninguén que se esforzase máis e dunha maneira máis desinteresada que o ILG por coñecer e respectar a lingua dos que verdadeiramente falan galego, e as súas variedades, e por dotala dos recursos necesarios para responder eficientemente ás novas esixencias sociais. Só a inco-municación, as barreiras de fume que moitas veces se crean entre os veciños, e a imaxe destorcida desta institución difundida por certos grupos, poden explicar esta valoración, porque Uxío era unha persoa que amaba a xustiza e trataba de ser respectuoso cos demais, sobre todo cos que sabía que tiñan un compromiso certo coa defensa da súa lingua.

O galego é o pouso do noso pasado común e é o elemento que une as nosas xentes de todas as épocas da historia. É o verbo común depositario da memoria do noso pobo, gardador da nosa inmortalidade. É a memoria do pasado común, que vale para unírnos e gardarnos. Permítanme que cite un novo parágrafo de Novoneyra que sintetiza maxistralmente o seu pensamento neste punto:

Todo o que foi un pobo sólo pode caber e resumirse na Lingua. Nela quedaron como fixados, esburados, grabados a buril, tódolos rostros dise pobo que se animan e volven cando alguén a fala con medida plenitude e acento

Esta lingua que nos identifica, que nos evoca o decorrer da nosa historia, que nos une aos galegos de todas as épocas nunha comunión espiritual leva séculos de marxinación e cada vez corre un maior perigo baixo a presión do castelán, mesmo no mundo campesiño e mariñeiro onde se mantivo con maior fortaleza. Láiasse Uxío: Agora xa non vale esa gran reserva que foron pra a Língua Galega as aldeas e os peiraos, o campo i o mar.

Pero o poeta ten fe no futuro, no futuro da nosa lingua, no futuro da nosa patria, expresada metaforicamente a través dos nomes dos seus fillos:

*BRANCA, Uxío i Arturo
quedaranse no Futuro
quedaredes no Futuro
pre que siga o Pasado
e ti Galicia a durar
anque se funda o lousado
e caía a neve no lar.*

Sendo a lingua un elemento nuclear da personalidade dos pobos, a súa defensa e o seu cultivo debe ser unha esixencia de todos os membros pertencentes á comunidade, independentemente da súa ideoloxía. Dicia na Feira do Libro en Santiago no 1987: *“Todos somos galegos e todos temos responsabilidades como tales galegos, i estas responsabilidades ... van máis aló das ideoloxías, das premisas do próprio partido. Responden a algo máis profundo. E non valen medias tintas. Hai que estar, si ou non, con Galicia. e non se pode decir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade de pervivencia da nosa lingua como meta primordial”*

Descansa tranquilo, Uxío, coa esperanza deste compromiso por parte de todos, que nos faga sentir orgullosos de nós. Descansa, porque formas xa parte da historia que para sempre nos vivifica. Descansa porque, a pesar dos tempos difíciles que estamos a vivir, desde a quentura dos sucos onde xermina a semente, desde o fondo dos cavorcos, desde as sombras dos soutos, desde o *bicarelo do bico do brelo* onde canta o paxaro, desde o cerengo dos tesos, resoará sempre a túa voz pregoando: "Galicia: terra, pobo e lingua".

Acto solemne da Real Academia Galega
Día das Letras Galegas dedicado a Uxío Novoneyra
Seoane do Courel, 17 maio 2010

(Parte final do discurso do académico D. Manuel González González
que titulou “Uxío Novoneyra coa lingua do seu pobo”.
Vaia decontado o noso agradecemento á Academia e ó autor
por autorizarnos a publicación deste texto).

Este libro
“i-en todo o silencio preguntado”
Celebración de Uxío Novoneyra, II
(1930 - 1999)
veu a lume no obradoiro
compostelán de Difux
o día de santa Lucía,
na noite e no día,
o 13 de decembro
anno gratiae
MMX.

OCULI PICTURA TENENTUR,

AURES CANTIBUS



ISBN: 978-84-453-4965-6



9 788445 349656

